



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 18

Sesión plenaria
10 de setembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-VsCSBAFN1-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 10 de xullo de 2024, sobre as declaracións de actividades das deputadas e deputados da XII lexislatura (BOPG nº 57, do 31.07.2024)

Punto 2. Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre determinados procedementos de contratación levados a cabo pola Xunta de Galicia (doc. núm. 10269, 12/SCI-000003) Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 3. Comparecencia

3.1 9954 (12/CPP-000021)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2024-2025 Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 4. Mocións

4.1 6924 (12/MOC-000017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo

Sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5375, publicada no BOPG núm. 37f2, do 12 de xuño de 2024, e debatida na sesión plenaria do 9 de xullo de 2024.) Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 23.07.2024

4.2 7015 (12/MOC-000018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra

Sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3532, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 9 de xullo de 2024) Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 23.07.2024

4.3 7022 (12/MOC-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1439, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 9 de xullo de 2024) Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 23.07.2024



Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 1619 (12/PNP-000180)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central relacionadas coas condicións en que están os servizos ferroviarios en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

5.2 2395 (12/PNP-000280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Fernández, Secundino

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

5.3 8451 (12/PNP-000752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que retire o Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.4 8718 (12/PNP-000773)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto da elaboración dun plan turístico integral que englobe o desfrute dos visitantes coa convivencia dos residentes e os obxectivos económicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.5 8782 (12/PNP-000775)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cumpra cos obxectivos marcados no Programa funcional do novo hospital de Vigo en canto á súa actividade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.6 9776 (12/PNP-000814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para a adopción dunha postura respecto da situación política de Venezuela e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de manifestar a adhesión ás iniciativas de protesta pacífica contra o goberno de Nicolás Maduro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024



Punto 6. Interpelacións

6.1 5103 (12/INT-000306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Insua Lema, Óscar

Sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

6.2 5504 (12/INT-000329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

6.3 9483 (12/INT-000436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e catro deputados/as máis

Sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 10300 (12/POPX-000013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o criterio do Goberno galego respecto dos efectos políticos que eventualmente debería producir o sobrecusto xerado na construción do Hospital Álvaro Cunqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

7.2 10302 (12/POPX-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as prioridades do Goberno galego ante os grandes retos que ten Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 8044 (12/POP-001154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e dous deputados/as máis

Sobre a redución de frecuencias realizada en determinadas liñas de transporte público metropolitano da área da Coruña, nomeadamente as que transcorren entre os concellos de Oleiros e de Sada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f1, do 22.08.2024



8.2 8422 (12/POP-001397)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da nova convocatoria de axudas para a contratación de socorristas este verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024

8.3 9206 (12/POP-001489)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre o nivel de cumprimento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

8.4 10290 (12/PUP-000037)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre a actitude do Goberno galego ante a crise humanitaria que se está a producir pola chegada de inmigrantes a España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

8.5 10287 (12/PUP-000036)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel**

Sobre a reconsideración por parte do Goberno galego da anulación do complemento autonómico do bono social térmico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

8.6 9260 (12/POP-001498)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto a unha mellora da cobertura de persoal médico nos centros de saúde de Cerdedo-Cotobade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

8.7 9940 (12/POP-001562)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que pensa desenvolver o Goberno galego na loita contra a sinistralidade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

8.8 7738 (12/POP-001046)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e oito deputados/as máis**

Sobre o balance da última convocatoria das axudas da Xunta de Galicia para a mellora de explotacións agrarias e a incorporación da mocidade e persoas de entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024



8.9 9291 (12/POP-001505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e catro deputados/as máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a posibilidade de subvencionar a vacinación voluntaria contra a enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Silvia Longueira Castro (S). (Páx. 7.)

A señora Rodil Fernández (BNG) solicita a palabra por unha cuestión de orde, en que manifesta o rexeitamento do seu grupo parlamentario pola alteración da orde do día, que apraza dúas interpelacións que estaban previstas para este pleno. (Páx. 11.)

A señora Castro Rey (S) solicita a palabra por unha cuestión de orde, en que manifesta a reprobación do seu grupo parlamentario polo aprazamento das interpelacións referidas, que estaban previstas para seren debatidas neste pleno. (Páx. 12.)

O señor Pazos Couñago (P) solicita a palabra para esclarecer que é común que os grupos pidan adiamentos das iniciativas. (Páx. 12.)

O señor presidente intervén explicando que a cuestión xa foi tratada na Mesa do Parlamento. (Páx. 12.)

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 10 de xullo de 2024, sobre as declaracións de actividades das deputadas e deputados da XII lexislatura. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados (Pazos Couñago). (Páx. 13.)

O señor presidente propón a aprobación por asentimento. (Páx. 13.)

O Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados apróbbase por asentimento. (Páx. 13.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por petición dos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre determinados procedementos de contratación levados a cabo pola Xunta de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo proponente: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 16.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 18.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 20.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 23.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por petición dos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre determinados



procedementos de contratación levados a cabo pola Xunta de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 25.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2024-2025. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 39.), *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 40.), *Sra. Fernández Davila (BNG)* (Páx. 44.) e *Sra. Vázquez Suárez (P)* (Páx. 47).

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 50.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 57.). *Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M)* (Páx. 57), *o señor Abalde Alonso (S)* (Páx. 59.), *a señora Fernández Davila (BNG)* (Páx. 60.), *a señora Vázquez Suárez (P)* (Páx. 63.) e *o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)* (Páx. 64.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S).* (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 73.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 74.).

O señor Ríos Santomé (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 77.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 84.) e *Sr. Vereá Fraiz (P)* (Páx. 85.).

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 87.)



Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Davila (BNG)* (Páx. 91.) e *Sra. Vázquez Suárez (P)* (Páx.93.).

Nova intervención do señor Abalde Alonso (S). (Páx. 95.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 97.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención*. (Páx. 97.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 97.)

O señor presidente informa de que hoxe é o Día Mundial da Prevención do Suicidio e chama á reflexión sobre esta cuestión. (Pax. 97.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central relacionadas coas condicións en que están os servizos ferroviarios en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 104.) e *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 105.).

O señor Trenor López (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 107.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Secundino Fernández Fernández, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 111.), Sra. Méndez López (S) (Páx. 113) e Sr. Casares Gándara (P) (Páx. 115.)

Nova intervención do señor Suárez Fernández (BNG). (Páx. 118.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que retire o Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 122.), Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 124.) e Sra. Pomar Tojo (P) (Páx. 127.).

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto da elaboración dun plan turístico integral que englobe o desfrute dos visitantes coa convivencia dos residentes e os obxectivos económicos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Méndez López (S). (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 133.) e Sr. Vereza Fraiz (P) (Páx. 136).

Nova intervención da señora Méndez López (S). (Páx. 138.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cumpra cos obxectivos marcados no Programa funcional do novo hospital de Vigo en canto á súa actividade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 141.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 144.).

Nova intervención da señora Espinosa Mangana (S). (Páx. 146.)

A señora Prado Cores solicita a palabra apelando ao artigo 76 do Regulamento do Parlamento de Galicia, mais o presidente non atende a demanda. (Páx. 147.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou inasistencia a esta sesión a deputada dona Silvia Longueira Castro.

E antes de entrar na orde do día...

(A señora Rodil Fernández pide o uso da palabra.)

¿Si, señora Rodil? Déanlle voz ao escano da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Queríamos facer unha cuestión de orde previa ao inicio desta sesión, que é manifestar o rexeitamento do noso grupo parlamentario, do Bloque Nacionalista Galego, pola alteración da orde do día e que se apracen dúas interpelacións que estaban previstas para este pleno, relativas ao sablazo —que non ten outro nome— de Sogama, o canon de Sogama, que vai incrementarse para os concellos galegos. Porque eu quero lembrar que o Goberno, máis alá de que sempre pode organizar a súa axenda tendo como prioridade o Parlamento de Galiza, é solidario; calquera membro, como ten acontecido noutras ocasións, pode vir dar resposta ás cuestións que formulamos os grupos parlamentarios. E o que estamos vendo é que, unha vez máis —non é a primeira vez que acontece—, o Goberno do Partido Popular o que está é fuxindo dunha cuestión conflitiva, polémica, que está viva no debate político e público estes días; e que o que non pode ser é que se pitorree —perdón que use esta palabra, pero non hai outra— a este Parlamento, porque nel reside a soberanía das galegas e dos galegos.

Por iso —insisto—, manifestamos o noso rexeitamento e pedímoslle á Mesa e á Presidencia da Cámara que defendan neste Parlamento os dereitos dos grupos e das deputadas e deputados e ao Goberno que se somete ao control e á fiscalización desta Cámara, que é a súa prioridade.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Castro Rey pide o uso da palabra.)

¿Si? Déanlle voz ao escano da señora Castro.



A señora CASTRO REY: Grazas.

Bo día a todos e todas.

Como grupo parlamentario afectado, non vou reproducir as palabras da compañeira do BNG, da señora Rodil, porque xa manifestamos nos mesmos termos tamén a nosa reprobación por ese aprazamento desa interpelación. Cremos que é unha cuestión de actualidade que ten que ser debatida neste momento, e —como dicía— o Goberno ten que ter en conta na súa axenda as sesións parlamentarias como prioritarias. E, como o Goberno é solidario, pois existen outros membros do Goberno que poderían contestar esta cuestión, como xa se fixo noutras ocasións con cuestións que non eran propiamente das súas áreas.

E nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Pazos Couñago pide o uso da palabra.)

¿Si, señor Pazos?

O señor PAZOS COUÑAGO: En primeiro lugar, para clarexar que non creo que se poida considerar pitorreo que o Goberno galego atenda ás súas obrigas no ámbito de decisión europea. Parece que é un tema bastante importante para a cuestión do Goberno relacionada cos intereses dos galegos.

E, por outra parte, clarexar tamén que é certamente habitual —habitual na práctica parlamentaria— que todos os grupos pidan aprazamentos por distintos motivos. E entenderíamos que houbera un malestar se ese aprazamento non tivese unha motivación forte, clara e contundente —como cremos que é o caso—, e pediría tamén un certo clarexamento por parte dos grupos da oposición respecto aos seus criterios. Porque despois é certo que, cando vén algún conselleiro solidariamente cun que se ausenta, son recorrentes as queixas porque non vén o conselleiro do ramo. O que non se pode é soprar e sorber ao mesmo tempo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, este asunto xa se analizou onte na Mesa, e como consecuencia disto tamén este asunto foi tratado e trataremos de darlle unhas solucións.

E continuamos. Primeiro punto.

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 10 de xullo de 2024, sobre as declaracións de actividades das deputadas e deputados da XII lexislatura

O señor PRESIDENTE: Presentación do Ditame da Comisión.

Para iso ten a palabra o presidente, don José Alberto Pazos Couñago.



O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS (Pazos Couñago): Grazas, presidente.

A Comisión do Estatuto dos Deputados, na sesión do 10 de xullo de 2024, e logo do exame das declaracións de actividades presentadas polas deputadas e polos deputados na XII lexislatura, desenvolve o seu labor nos termos previstos no artigo 16.2 do Regulamento e, no exercicio da súa función de verificación, confrontou as declaracións presentadas coas causas de incompatibilidade establecidas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a súa concordancia co artigo 6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Rematado o seu labor, por unanimidade emite o seguinte Ditame: «As deputadas e os deputados da XII lexislatura do Parlamento de Galicia non están neste intre, a teor da documentación presentada, incurso en causas de incompatibilidade e, xa que logo, poden exercer con plenitude os dereitos e deberes inherentes ao seu cargo parlamentario».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Sometemos isto ao asentimento. *(Pausa.) (Asentimento.)* Correcto. Pois entón queda aprobado.

Continuamos co segundo punto da orde do día.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por petición dos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre determinados procedementos de contratación levados a cabo pola Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Iniciamos unha rolda do grupo parlamentario solicitante.

Ten a palabra a señora Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señorías.

Lamento que o señor Rueda, xusto cando se vai tratar este tema, saia do Parlamento; *(Aplausos.)* é toda unha declaración de transparencia, porque é evidente que só quen ten algo que esconder ten medo a unha comisión de investigación.

Así que imos comprobar se o Partido Popular ten algo que esconder ou se está disposto a que este Parlamento investigue o multimillonario sobrecusto do Hospital de Vigo e que investigue os miles de contratos adxudicados a dedo a familiares e empresas amigas vinculadas co PP. Se o PP ten a conciencia tranquila, a comisión de investigación que propón o BNG estou segura de que contará co seu apoio, pero, se responden con veto, será unha auténtica declaración de culpabilidade, o recoñecemento de que teñen moito que ocultar, de que están



metendo a man na carteira dos galegos e das galegas para beneficiar familiares e empresas amigas do Partido Popular.

Hoxe traemos a este Parlamento unha cuestión moi seria: crear unha comisión de investigación para analizar as irregularidades na xestión de recursos públicos, empezando por ese escandaloso sobrecusto de 470 millóns de euros polo Hospital de Vigo. E voulles facer un breve resumo.

O Álvaro Cunqueiro ía ser financiado con fondos públicos, pero chegou o señor Feijóo e como carta de presentación decidiu privatizar a construción e a xestión deste hospital, e tamén nos deixou moi claro cal ía ser o *modus operandi* do Partido Popular coa sanidade: recortes e privatizacións. ¿E cal foi o resultado desta decisión? O resultado é que pagamos 470 millóns de euros máis pese a ter 700 camas menos, 12.000 metros cadrados menos de superficie e 16.000 menos de aparcamento. En definitiva, temos un hospital máis pequeno pero polo que pagamos 470 millóns de euros de sobrecusto.

Esta é a forma de gobernar do Partido Popular: válelles todo, mesmo a saúde das persoas, para beneficiar o negocio das empresas amigas, que é para as que goberna o PP. (*Aplausos.*)

Este sobrecusto millonario non é unha denuncia do BNG, son datos dun informe, demoledor, do Consello de Contas, que fíxense se está escandalizado que mesmo di que está valorando trasladar ao Tribunal de Cuentas para que dirima se é preciso abrir un procedemento por responsabilidades contables da Xunta de Galiza. Por iso, desde o BNG consideramos que é esencial que este Parlamento investigue e que exixa responsabilidades políticas ante un sobrecusto de 470 millóns de euros pola construción do Hospital de Vigo, porque é un auténtico escándalo.

Pero esta comisión de investigación tamén ten como segundo obxectivo analizar a contratación pública do Goberno do PP, que acumula miles, —insisto— miles de contratos a dedo a empresas amigas do Partido Popular. Esta é unha práctica habitual do Goberno do PP. De feito, repartiu 4.000 millóns de euros en contratos a dedo só entre o ano 2018 e o 2023, máis dun millón de contratos sen ningún tipo de concurso público. Esta é unha información que publicou o xornal *O Salto* e que debuxa un mapa de como o Partido Popular usa os orzamentos da Xunta para enriquecer empresas dirixidas por persoas vinculadas ao Partido Popular. Vostedes actúan con total impiedade desde o enchufismo e o nepotismo.

Nepotismo, señorías do Partido Popular, unha vergoñenta forma de corrupción que consiste en utilizar un cargo público para darlles trato de favor a familiares e a empresas amigas do Partido Popular, con total menosprezo para os principios de igualdade, capacidade e mérito, que deben de operar cando se trata de recursos públicos, e con total menosprezo para moitas empresas deste país que non teñen eses beneficios. (*Aplausos.*)

Empresas que teñen beneficios como, por exemplo, Eulen, esa empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo, que recibiu nada menos que 1.311 contratos a dedo entre 2018 e 2023, por valor de 4,8 millóns de euros, contratos que foron deliberadamente fraccionados para non ter que ir a unha contratación pública onde todas as empresas puideran concorrer. A



estes contratos a dedo hai que engadir os contratos con Eulen por 17 millóns de euros adxudicados nestes últimos dous anos polo Goberno de Rueda e aos que se teñen que sumar os 37 que recibiu esta empresa mentres Feijóo era presidente.

Pero é que este non é o único caso. Temos tamén o exemplo da mediación do compañeiro sentimental da presidenta de Madrid, pola que recibiu 2 millóns de euros a cambio de lograr que Mate Asesores obtivera 12 contratos coa Xunta, por importe de 10,4 millóns de euros en material sanitario. E, precisamente, a compra de material sanitario é outro punto sobre o que queremos poñer o foco con esta comisión de investigación. E temos que facelo ante a falta de transparencia e a ocultación sistemática que está facendo a Xunta do Partido Popular.

Desde o BNG levamos dous anos, señorías, dous anos reclamando neste Parlamento que se entreguen todos os contratos de emerxencia realizados durante a covid; uns contratos que, por certo, se concentran en moi poucas empresas, que protagonizaron auténticos pelotazos aproveitándose dunha crise sanitaria sen precedentes. Pero o PP aquí xa vetou unha investigación sobre este tema; iso si, no Senado quixeron impulsar esa investigación.

Señorías, estamos ante uns feitos gravísimos, uns feitos que nos repugnan, porque mentres miles de persoas morrían, mentres viamos como outras persoas estaban poñendo en risco as súas vidas para defender as nosas, houbo quen quixo aproveitar unha pandemia para forrarse especulando con contratos públicos. E o máis grave: houbo quen llo permitiu. *(Aplausos.)*

O Consello de Contas só puido facer unha fiscalización moi parcial destes contratos; de feito, deixouse fóra o 70 por cento da contratación da Xunta. Aínda así, o Consello de Contas, noutro informe demoledor, denunciou deficiencias nas memorias xustificativas nos contratos, denunciou que faltaba unha mínima concorrència entre licitadores, denunciou que había contratación verbal que despois non se documentaba ou denunciou que se fixeron pasar como contratos de emerxencia contratos que eran anteriores á pandemia.

Pero ¿saben que máis di o Consello de Contas? Di que os contratos de emerxencia feitos polo Goberno do Partido Popular concentráronse nun número moi pequeno de empresas; de feito, en 2021 só 4 empresas acapararon o 66 por cento do importe adxudicado por contratos de emerxencia.

E fíxense que casualidade: neste selecto club de empresas está Universal Support, unha empresa que está vinculada co cuñado do señor Feijóo, que recibiu 19 millóns de euros en contratos a dedo entre maio de 2020 e outubro de 2021, segundo informacións publicadas polo diario *El Público*.

Pero tamén hai contratos con Sibucu 360 pola compra de máscaras que resultaron inservibles, porque tiñan certificados de garantías falsos, e o Goberno do PP seguiu contratando con esa empresa.

Todas estas irregularidades son as que queremos que este Parlamento investigue, señorías, porque o BNG leva dous anos pedindo a documentación que o Partido Popular esconde con total impunidade e con menosprezo a este Parlamento. *(Aplausos.)*



Por iso pídolle ao señor Rueda que, se non ten nada que agochar, vote a favor da creación desta comisión de investigación que propón o BNG, unha comisión que quere poñer luz onde agora só temos sombras. O seu voto a esta comisión de investigación determinará de que lado están. Se están do lado da ocultación, do enchufismo e do amiguismo na contratación pública ou se están do lado da defensa da transparencia e das boas prácticas na xestión dos nosos recursos públicos, que deben de xestionarse con honradez, con honestidade e garantindo a igualdade de todos os operadores no ámbito da xestión pública.

Se o PP non ten nada que esconder, que o demostre apoiando esta comisión de investigación, aínda que teño que dicirlles que non son moi optimista vendo cales son as súas declaracións e tamén cales son os antecedentes. Vetaron a comparecencia do señor Rueda para dar explicacións nesta Cámara, vetaron todas as peticións que fixemos para que houbera unha investigación sobre os contratos feitos pola Xunta de Galiza e levan dous anos ríndose deste Parlamento e da cidadanía, ocultando todos e cada un dos contratos de emerxencia da pandemia.

Pero xa lles avanzo, señorías, que esta vez o final non o vai escribir o Partido Popular. Os galegos e as galegas teñen a miña palabra de que haberá comisión de investigación, porque imos usar a forza dos nosos vinte e cinco deputados para sacar á luz todo o que o Partido Popular quere esconder. *(Aplausos.)*

Imos usar a forza dos votos que nos deron vinte e cinco escanos para investigar os contratos millonarios que favorecen familiares e empresas amigas do PP, incluídos os que afectan ao señor Feijóo.

Grazas ao BNG, este Parlamento vai investigar por que a empresa que dirixe a irmá do señor Feijóo recibiu 1.311 contratos a dedo mentres Feijóo era presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Imos investigar por que pagamos 470 millóns de euros de sobrecusto polo Hospital de Vigo.

Desde logo, o BNG vai traballar para destapar todo o que o Partido Popular quere esconder, todos os negocios con empresas amigas e con familiares do Partido Popular. Así que —xa llelo avanzo—, digan o que digan hoxe, haberá comisión de investigación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Saúdo as señorías, desexando que o período de sesións que empeza hoxe pois sexa o máis produtivo e o máis agradable para todos nós.



Ben, nese tema, como xa se tratou outras veces, xa deixei constancia da nosa postura habitual nesta clase de cuestións. Avogamos pola transparencia, por un lado; a xestión dos recursos públicos debe ser o máis transparente posible de cara á cidadanía e, especialmente, por motivos obvios, de cara aos seus representantes neste Parlamento, que somos nós; e, por outro lado tamén, somos uns abandeirados da presunción de inocencia. Nós non acusamos a priori o Partido Popular de nada, pero o que si nos parece lóxico, ante indicios que calquera grupo parlamentario poida entender suficientes, é que se poida iniciar a apertura das accións correspondentes para clarificar o máximo posible calquera cuestión, se hai tráfico de influencias ou se se cometeron irregularidades non xustificables.

Todos os que vivimos a pandemia sabemos que, ante esa situación totalmente imprevista polas normas e pola sociedade en xeral, tivemos a veces que facer cousas que non estaban previstas na normativa, pero, dentro do que é unha lóxica común, os partidos aquí representados todos teñen ou tiveron nun lugar ou noutro responsabilidades de goberno e todos saben a realidade das cousas cando se goberna.

Agora nomeaba, por exemplo, a portavoz do BNG o caso de mascarillas sen certificados. Eu vinme como concelleiro ao cargo durante a pandemia na obriga de mercar e de coller nalgún momento as mascarillas que había, as que se podían ter. Algunhas non tiñan efectivamente o mercado da Comunidade Europea, moitas que o tiñan eran reclamadas polos servizos sanitarios, con toda xustiza, eran incautadas para os hospitais, e nós no concello algunha vez tivemos que conformarnos co que había. Mellor era iso que nada. Pero quero dicir que iso, se se explica, pódese entender e pódese dar as explicacións pertinentes. Unha actitude obscurionista ou de ocultación o lóxico é que dea que sospeitar.

Xa digo: nós non acusamos a priori o Partido Popular nin o seu Goberno de nada, pero, como xa dixen, neste tema e no tema das mascarillas e no tema do hospital, que tamén se tratou nas comisións, pois tamén soemos ser escépticos en canto á eficacia desta clase de comisións. Decía Napoleón Bonaparte que, se se quería arroxar escuridade sobre un tema, se montara un comité; ou dicía tamén Bonaparte que non había en ningún lugar do mundo unha estatua dedicada a unha comisión, porque nunca resolvían nada. Pero ben, ao mellor temos a excepción que confirma a regra neste caso. En todo caso, sempre é mellor unha comisión de investigación que nada.

Con esas dúbidas ou con esas reflexións, adiantar que votaremos a favor. Canta máis transparencia, mellor. Todos sabemos o que son as adxudicacións de emerxencia, pero pódense analizar para ver se están xustificadas ou se teñen unha razón de ser ou se existen nesgos inxustificables nestas adxudicacións. E, desde logo, o ideal sería esa maior transparencia posible.

O BNG di que vai proceder de todas as maneiras á investigación, con cargo ao poder que ten, utilizando o que nas súas propias palabras son unha especie de goberno alternativo ou goberno no exilio —no exilio interior—, un trasunto daquel Consello de Galicia que se montou en Sudamérica na posguerra, un goberno alternativo. Pois con ese goberno alternativo eles son moi libres de proceder como mellor estimen. Pero o ideal sería non ter que chegar a ese extremo e que, de oficio, pois o Partido Popular accedese a facilitar luz, máis luz, como dixo aquel famoso escritor.



E nada máis de momento. Mire, estame sobrando moitísimo tempo. Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días, deputadas, deputados.

Gustaríame iniciar trasladando a este Parlamento, unha vez máis, as palabras do noso portavoz, o señor Besteiro, no debate de investidura. Os socialistas pretendemos ser unha oposición útil e realista e fortalecer a nosa democracia e impulsar unha política máis transparente, limpa, honesta e propositiva ao servizo do interese xeral.

E hoxe aquí tócanos falar de responsabilidade política, de transparencia, de ética pública, de honestidade. E quero centrar o tema na responsabilidade política. Porque o Grupo Popular é moi dado a desviar calquera asunto que fale de adxudicacións e de contratos ao ámbito funcional. E o Grupo Socialista quere deixar moi clara a honorabilidade dos empregados públicos que forman parte da Administración da Xunta de Galicia e, moi especialmente, dos que conforman as mesas de contratación, porque aquí estamos a falar de decisións políticas de grande envergadura, como é o caso do Álvaro Cunqueiro, un dos aspectos que hoxe nos ocupa; ou estamos a falar de contratos menores, onde non hai mesas de contratación; ou estamos a falar de fraccionamento de contratos para que non alcancen a contía dun contrato maior. E en todos estes ámbitos opera a decisión política. Ou máis: en moitos casos dos contratos menores non existiu fiscalización do gasto con carácter previo ata despois de seren adxudicados. E tamén é unha decisión política. Por iso queremos insistir na responsabilidade política e non funcional.

Entrando na solicitude de constitución dunha comisión de investigación do BNG, imos iniciar falando da contratación do Álvaro Cunqueiro, e, se o tempo o permite, comentar tamén a contratación do Grupo Eulen entre os anos 2009 e 2023, a fiscalización dos contratos de emerxencia e a covid, entre o 2020 e o 2021, que tamén foron obxecto xa de debate no Parlamento nesta lexislatura.

E a fórmula elixida público-privada do hospital Álvaro Cunqueiro, elixida polo Goberno galego, presidido por Feijóo, foi nefasta para as arcas públicas, foi opaca, non houbo estudo previo de viabilidade sobre as distintas opcións contractuais máis eficientes. De feito, a colaboración público-privada pola que optaron Rueda e Feijóo non foi a máis eficiente economicamente, e supuxo o endebemento das arcas públicas ata o ano 2035 e un sobrecusto de case quíntos millóns de euros. Esta opción adoptárona os responsables políticos do PP sen que houbo unha análise sólida previa á elección do modelo. É dicir, a elección da opción de contratación realizouse sen unha análise comparativa previa en termos de eficacia e eficiencia con respecto a unha adxudicación do contrato público tradicional. E isto é unha decisión exclusivamente política. E se non temos unha resposta clara estaremos no escenario onde privou o interese privado sobre o interese público e nun escenario onde se quixeron beneficiar investidores privados fronte á sanidade pública.



Por falta de tempo, non podemos entrar en detalle doutros aspectos que plasma o Consello de Contas, como é que houbo modificacións sen xustificar da superficie en dúas ocasións do Álvaro Cunqueiro, que houbo modificacións do prazo concesional sen motivar —isto paréceme que querían estar facendo un traxe á medida do adxudicatario—, que houbo que levar a cabo o seguimento das fases do expediente dunha forma que diríamos absolutamente irregular ou que tamén houbo demora na execución do proxecto, e seguiríamos cun longo et-cétera.

Pero hoxe tamén sabemos que a modalidade de contratación non se cinguiu soamente ao Álvaro Cunqueiro, senón que abarcou o perímetro do complexo hospitalario universitario de Vigo, como é O Meixoeiro e o Nicolás Peña. E nestes dous hospitais, onde non se realizou ningunha actividade construtiva, o Consello de Contas dinos que non ten soporte legal na definición de concesión da obra pública contida na lexislación de contratos vixentes no momento da licitación.

Tamén coñecemos que houbo opacidade na licitación e afectación ao principio de concorrencia que exige a Lei de contratos, e que non existiu eficacia na contratación porque non se lograron os obxectivos tal e como estaban fixados.

Coñecemos todas estas irregularidades do hospital Álvaro Cunqueiro, e creo que simplemente por estas irregularidades xa se xustifica unha comisión de investigación onde os socialistas demandamos dende o primeiro momento que coñecemos o informe do Consello de Contas, e fixémoslo ademais in situ diante do propio hospital Álvaro Cunqueiro.

Pero tamén os socialistas dende o primeiro momento levamos exixindo respostas claras por parte de Rueda, que era a man dereita de Feijóo cando se tomaron todas as decisións do Álvaro Cunqueiro. É máis: só coa decisión de Rueda e de Feijóo de dilapidar catrocentos millóns de euros, e aínda por encima facer un hospital máis pequeno, e que ese diñeiro fose parar a un fondo estranxeiro xustifica a comisión de investigación.

Pero se seguimos falando de responsabilidade política, de transparencia, de ética pública, de honestidade e, se queren, de exemplaridade, é necesario falar tamén da contratación da Xunta de Galicia a empresas do Grupo Eulen. Xa o dixemos nunha ocasión anterior: se a Xunta de Galicia non ten nada que ocultar, non debería existir problema ningún en constituír unha comisión de investigación. De non aceptala, colocaranos nunha dúbida e desconfianza constante, ou colocaranos con indicios obxectivos dun trato a favor, se se demostra que existe un uso abusivo da contratación directa cara a empresas do Grupo Eulen, que non existe ademais concorrencia con outras empresas ou existe un incremento significativo do importe adxudicado nos últimos anos. E todos sabemos ademais que o fraccionamento de contratos é unha ilegalidade, e onde en casos similares ao que aquí estamos falando existen xa numerosas sentenzas penais por levar a cabo esta práctica de fraccionamento de contratos.

E a Xunta de Galicia non pode normalizar que empresas do círculo familiar do expresidente da Xunta de Galicia —naqueles momentos presidente—, o señor Feijóo, teñan un trato a favor da contratación pública, porque o seu fin ten que ser o interese público e non os inte-



reses particulares, cando estes intereses particulares están ao servizo dos propios intereses e nunca están ao servizo do público.

E se falamos de contratos de emerxencia durante a covid, tamén deberían ser obxecto de análise por esta comisión de investigación, porque o que é unha realidade é que durante a pandemia as persoas con responsabilidade política tiveron que tomar decisións rápidas ante situacións non vividas con anterioridade e adoptalas pola vía de urxencia. Pero non podemos facer ver que a urxencia supón non cumprir coas normas legais. E tamén é unha realidade que durante a covid existiron oportunistas e xente que se enriqueceu nos momentos máis duros que pasamos nos últimos anos. Pero tamén é unha realidade que nesa época na Xunta de Galicia faltou a transparencia, fallaron ou non existiron uns controis de contratación de emerxencia, e colocaron Galicia na cola da transparencia de todas as comunidades autónomas no ámbito da contratación de emerxencias. E este é un exemplo pésimo que non nos podemos permitir. E se queremos un dato podémolo plasmar en que o trinta por cento dos expedientes de contratación da Comisión de Investigación do Congreso son expedientes de Galicia. E este dato é triste e lamentable.

Polo tanto, votaremos a favor da constitución da comisión de investigación que solicita o BNG porque os socialistas queremos transparencia, porque os socialistas exiximos responsabilidade política ao Partido Popular, porque queremos que Galicia lidere a ética pública, non o que está sucedendo hoxe, e porque os galegos e as galegas merecen coñecer a verdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas.

Os socialistas queren transparencia, por iso votaron onte no Concello de Vigo en contra dunha comisión de investigación (*Aplausos.*) para dilucidar a morte dun vigués nunha atracción que tiñan a obriga de controlar. ¡Cousas veredes, señorías!

Señorías, despois da fraude electoral perpetrada en Venezuela o pasado mes de xullo, o réxime de Maduro iniciou unha brutal campaña de desinformación baseada en dous elementos centrais moi propios, por certo, do totalitarismo: a negativa radical a colaborar no esclarecemento do realmente acontecido durante ese período electoral e sobre todo no escrutinio, e, por suposto, a inmediata criminalización e persecución da oposición democrática e de calquera que denuncie a fraude.

Hoxe os admiradores do exemplar sistema electoral bolivariano pretenden importar ao noso país a metodoloxía do réxime de Maduro, convenientemente adaptada, iso si, á realidade española. Así, ante a acumulación escandalosa de casos de corrupción na contorna máis próxima do presidente do Goberno, a esquerda négase a dar calquera explicación e ao mesmo tempo exige que se investigue o xefe da oposición. ¡Home!, non se nos ocorrera antes, é



exemplar. Que a esposa do presidente do Goberno está investigada por tráfico de influencias, espallan un bulo sobre a esposa do líder da oposición; que o irmán do presidente do Goberno está investigado por malversación e tráfico de influencias, espallan un bulo sobre a irmá do líder da oposición; que varios ministros aparecen enlamados na contratación fraudulenta de material sanitario durante a pandemia, espallan un bulo sobre a contratación sanitaria realizada polo líder da oposición. ¡É exemplar, señorías! A verdade que son dignos sucesores do réxime bolivariano. *(Aplausos.)* ¡Que gran representación!

Señorías, a señora Pontón, que hoxe entrou neste Parlamento ao volante da máquina de fango co señor Besteiro sentado nun asento do copiloto, pretende enlamar a política galega, espallando manipulación, bulos, *fake news*, coa esperanza de que isto sirva para tapar polo menos nun tempo o seu enésimo fracaso electoral.

Pero a dura realidade é que non existe sobrecusto no Álvaro Cunqueiro nin existe informe do Consello de Contas que afirme tal cousa. A realidade é que non existe trato de favor a Eulen, como amosan os datos facilitados pola Xunta na sede parlamentaria, e que non existe nin unha soa sospeita fundada de irregularidade na contratación da Xunta durante a pandemia, a pesar de que foi dobremente fiscalizada.

É unha auténtica vergoña que se atrevan a criticar a este goberno por construír durante a crise o hospital que vostedes non foron quen de construír en plena bonanza económica; pero, ademais, resulta dun mastodóntico cinismo que critiquen o método usado para financiarlo, cando é similar ao escollido por vostedes mesmos.

Teño aquí unha carta de Garrigues *(O señor Pazos Couñago amósalle á Cámara un documento.)* dirixida a Rocío Mosquera, conselleira de Sanidade, na que reclamaba o pagamento a Garrigues polos servizos prestados por solicitude do Goberno bipartito —non pagaron nin os informes— e inclúe a memoria deses servizos. Leo: «*A petición del Sergas, el estudio adoptó la premisa de que la entidad Sociedad Pública de Inversión de Galicia, la SPI, sería la promotora del proyecto, motivo por el cual se solicitó previamente toda la documentación relativa a dicha sociedad con el fin de analizar su funcionamiento y la posibilidad de su transformación en una sociedad de economía mixta*». E na memoria dinos que anexa á presentación as principais consideracións expostas para tal fin.

Señorías, eu extraín unhas fichas dese traballo. *(O señor Pazos Couñago amósalle á Cámara un diagrama en formato A3.)* Os que acaban de dicir que se ía financiar con cartos públicos, o que pensaban facer —e está por escrito— era constituír unha sociedade mixta para a construción do centro hospitalario, constituída no dez por cento pola sociedade pública e no noventa por cento por investimento privado. Os que exixen e din que isto se ía facer con cargo ao orzamento público aclaran que o financiamento ía ser de carácter bancario, e ademais que se ía facer a sociedade mixta a cargo da conservación da infraestrutura, da dotación e actualización do equipamento e da explotación. ¿De que servizos? Dos servizos non clínicos de apoio, é dicir, cociña, lavandería, limpeza do hospital, e dos servizos con ingresos de terceiros distintos á administración, como *parking*, perruquería, cafetería et- cetera. Honradamente, ¿non lles cae a cara de vergoña? *(Aplausos.)* Debería, señorías. Díggollelo de verdade.



En relación coas falsas acusacións de sobrecusto vouno intentar explicar dunha maneira que ata vostedes o poidan entender. Mire: o que di o informe é o que di o informe, non o que cada un creamos que di o informe. Vostede pode utilizar nominalistamente as expresións que queira, pero o que di o informe é o que di, e o que non di o informe non o di. ¿E sabe o que si di o informe literalmente sobre o modelo de financiamento directo que vostedes exigen agora desde a oposición pero que non querían aplicar cando estaban no goberno? Abro comiñas: «*que exixiría a renuncia da administración á execución do gasto corrente ou doutros investimentos para cumprir o obxectivo de déficits de estabilidade orzamentaria*», páxina 17 do informe do Consello de Contas, que vostedes leron parcialmente.

Señora Pontón, a pregunta é evidente: ¿pode dicirlles aos galegos cales eran os recortes en gastos correntes que vostede pretendía recortar? ¿Pode dicirnos, señor Besteiro, cales eran os investimentos aos que vostede tería renunciado?

Señorías, a realidade é que afortunadamente a demagogia do Bipartito foi substituída pola seriedade dun Goberno do Partido Popular que foi capaz de axustar as contas públicas sen facer esas renuncias, ao tempo que poñía á disposición das galegas e dos galegos un dos mellores hospitais de Europa. E é un grande orgullo. (*Aplausos.*)

En relación con Eulen, porque se me acaba o tempo, eu non vou aportar ningunha novidade. Iso si, vou reiterar os datos oficiais extraídos da Plataforma e do Rexistro de contratos da Xunta, e que foron facilitados aquí na sede parlamentaria na comparecencia do director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, desglosado ano por ano. (*O señor Pazos Couñago amósalle á Cámara un gráfico de barras.*) Miren: a columna vermella que ven vostedes é a contratación de Eulen durante os catro anos de Bipartito, (*Murmurios.*) e esta de aquí, a segunda, é a dos catro primeiros anos do señor Feijóo.

¿Pódenlles explicar vostedes aos galegos como se pode entender como trato de favor unha redución no sesenta e cinco por cento da contratación de Eulen coa Xunta? (*Aplausos.*) ¿Pero pódenllelo explicar? Pódenllo explicar sen que lles caia a cara de vergoña, quero dicir.

E, por último, teño que desmentila, señora Pontón. Vostede mentiu hoxe na sede parlamentaria. O cen por cento da contratación durante a pandemia foi fiscalizada polo Consello de Contas, jo cen por cento! E foi o Consello de Contas o que elixiu fiscalizar especialmente unha parte desa contratación, pero púxose á súa disposición o cen por cento. Así que teño que dicirlle que, ademais dese informe, ao que non fixo nin un só reparo de legalidade, tamén foi fiscalizada polo Goberno do Estado, ante quen houbo que xustificar os fondos transferidos para tal efecto.

Pero vostedes sabendo isto chegaron ao extremo de aquí, na sede parlamentaria, espallar sospeitas de enriquecemento persoal do presidente Feijóo durante a pandemia. E aínda non se desculparon por tal baixeza. É noxento, e deberían vostedes non perder un minuto en pedir desculpas por caer simplemente tan baixo.

Señorías, a realidade é que levan vostedes quince anos buscando desesperadamente un caso de corrupción na xestión do Partido Popular á fronte da Xunta. Non atoparon absolutamente nada, por unha razón máis que evidente: non se pode atopar o que non existe.



En lugar de asumir esta realidade, vostedes prefiren aplicar a lóxica bolivariana. Díxonos estes días a señora Pontón: se non me dan a razón e votan a favor disto é que son culpables. Eu non sei para que vai constituír a comisión se xa declarou a culpabilidade. Eu creo que ese tempo no que bastaba que alguén saíra á praza pública e gritar: bruxa, bruxa, para que lle fixeran unha proba daquelas endemoñadas xa pasou, ¿non? ¿Recórdano? Arroxámola ao vacío, se é unha bruxa salvarase voando nunha escoba e se non xa lle pediremos desculpas, iso si, cando estea morta no fondo do barranco.

Xa perdemos a conta das comisións de investigación plantexadas pola oposición, polas máis variopintas razóns. Pero nin unha soa vez, veremos se hoxe cumpre a súa palabra, tiveron a coherencia e as agallas de facer uso da potestade que lles outorga o Regulamento desta casa para constituír esa comisión automaticamente, sen apoio de ninguén, sen necesidade de votación. Pasaron nove anos, señoría, desde que teñen vostedes esa posibilidade. Por certo, grazas a unha reforma do Regulamento votada exclusivamente polo Partido Popular de Galicia.

Eu creo que se por enésima vez vostede renuncia a exercer ese dereito, a que debería de presentar a súa dimisión é vostede, porque creo que estaría facendo gala dunha incoherencia política inasumible, porque creo que estaría frustrando as expectativas dos seus electores e incumprindo as súas obrigas parlamentarias, e porque demostraría, sobre todo, que o único que vostede pode aportar á política galega é difamación e covardía política.

Pero no caso de que, como fixo hoxe, exerza esa potestade regulamentaria, non se preocupe que daremos as explicacións pertinentes e, ademais de todo isto, amosaremos que vostedes o único que aportan á política galega é mentira, non teñen un só argumento. Anímoa a que constituía hoxe mesmo esa comisión e, ao final desta, veremos a quen hai que pedirle responsabilidades políticas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do grupo parlamentario solicitante. Señora Pontón, ten a palabra.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día de novo.

Falaba o Partido Popular de enlamar, eu creo que se alguén é especialista nesta Cámara en enlamar é o propio Partido Popular, (*Aplausos.*) e acaba de demostralo hoxe outra vez nesta Cámara.

Mentres vostedes, señorías do Partido Popular, se dedican a enlamar, aos ataques persoais, aos intentos de descualificacións, nós vimos a esta Cámara defender con datos a democracia e a transparencia. É como imos actuar, porque si xa falaremos desas gráficas, (*Aplausos.*) non se preocupe.

Eu entendo que hoxe están descolocados e nerviosos, señorías do Partido Popular, e entendo o nerviosismo do PP. Enténdoo porque nesta Cámara vaise investigar todas e cada unha das



irregularidades do Partido Popular grazas ao Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Imos investigar o sobrecusto dos 470 millóns de euros e as irregularidades na contratación, que non lles caiba a menor dúbida.

E mire que sorte, pois terá tempo de levar esas gráficas. Terán tempo de dar todas as explicacións que sexan pertinentes. Porque enlamar é vir a esta Cámara dicirnos que cando nós estamos denunciando as irregularidades na contratación da Xunta de Galiza con base en datos concretos, a resposta que lles manda dar o señor Rueda é vir aquí falar de Venezuela. Creo que non hai maior síntoma de desesperación. *(Aplausos.)*

E veñen, ademais, co manual do PP: todo é mentira menos o que din o Partido Popular e a TVG. *(Murmurios.)* ¿Perdón? A vostedes, claro, cando hai medios que publican as súas irregularidades non lles gusta, só lles gusta a manipulación do Partido Popular. *(Aplausos.)* É tal o descaro que mesmo chega a afirmar nesta Cámara que o que di o informe do Consello de Contas de que hai un sobrecusto de 470 millóns de euros é un bulo. Non, bulo é o que vostede acaba de dicir nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Igual que é unha manipulación a información que vostede deu a respecto do hospital de Vigo. É que o problema é que a mentira ten as patas moi curtas; as mentiras do PP xa no teñen nin patas. Porque é certo que o Goberno bipartito fixo un estudo para analizar cales podían ser as diferentes opcións para o financiamento do hospital de Vigo. ¿Sabe cal foi a diferenza? Que o Goberno bipartito dixo que «non» ao modelo público-privado, e o que vostedes fixeron foi rescatar ese modelo cun sobrecusto de 470 millóns de euros. Claro, é que de verdade non sexan tan burdos, polo menos fagan un pouco mellor o seu traballo, xa que fan bulos polo menos fáganos un pouco mellor. Pero é que de verdade, veñen aquí... en fin.

Como cando di que o informe do Consello de Contas di que fiscalizaron o cento por cento. Lean os informes. Esta semana xa descubrimos que non len os informes, pois descualificaron o informe do Consello da Cultura sobre Altri antes de lelo, e recoñéceno. *(Aplausos.)* Xa sabemos que non os len. Pero lea o informe do Consello de Contas, porque é que o propio Consello de Contas nese informe o que di é que só puideron fiscalizar o trinta por cento porque non lle deron acceso ao setenta por cento restante. *(Murmurios.)* De verdade, señorías do Partido Popular.

Xa lle digo: non se preocupe, ten unha comisión de investigación para demostralo, así que tranquilidade, non sei a que vén o nerviosismo do Partido Popular.

Como dixer na miña primeira intervención, hoxe o Partido Popular vai intentar vetar que se cree neste Parlamento unha comisión de investigación que analice as súas irregularidades na contratación pública. Non queren que se investiguen os 470 millóns de euros de sobrecusto do hospital de Vigo. Non queren que se investiguen eses contratos a dedo a empresas vinculadas con familiares e amigos do Partido Popular, incluídos —xa o digo— o do señor Feijóo, pero grazas aos vinte e cinco deputados e deputadas do BNG neste Parlamento haberá luz onde o Partido Popular quere poñer escuridade, porque haberá unha comisión de investigación para analizar as súas irregularidades.



O único que lles pido é que non veten o traballo desa comisión, que permitan que a mesma maioría que crea esa comisión poida pedir toda a documentación e todas as comparecencias necesarias, porque iso é o que vai delimitar que é o que fai o Partido Popular. Se quere seguir na ocultación ou se realmente quere que haxa transparencia. E insisto: se non tiveran algo que ocultar, hoxe votarían si á comisión de investigación, pero o seu non delata a súa culpabilidade. Pero insisto: grazas ao BNG haberá esa comisión de investigación, así que aí poderán dar explicacións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación da solicitude de creación desta comisión de investigación.

Votamos.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por petición dos vinte e cinco deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre determinados procedementos de contratación levados a cabo pola Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a constitución desta comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto 3 da orde do día, de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio do curso 2024-2025

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moi bos días.

Grazas, presidente.

Bo día a todas as súas señorías.

Comparezo nesta Cámara, unha vez máis, para cumprir coa responsabilidade e co compromiso deste Goberno de informar con puntualidade, rigor e transparencia da situación do ensino galego e para saber onde estamos e, sobre todo, cara a onde queremos dirixirnos.

Superado xa case o primeiro cuarto do século XXI, é o momento de sentar as bases do que será a educación galega do futuro pensando nos próximos 25 anos. Iniciamos este proceso



a través dun acordo histórico de melloras asinado cos sindicatos que nos vai permitir asegurar a estrutura educativa a nivel territorial e a nivel laboral na próxima década. Queremos que a educación galega avance, e imos facelo baixo os principios de calidade e equidade, con propostas coherentes con todo o realizado ata o momento; propostas que, á súa vez, son tamén transformadoras e que nos preparan para os retos e os desafíos que están por vir.

Partimos dunha situación de vantaxe comparativa, xa que entre todos fomos capaces de crear un modelo educativo propio; un modelo que atende á realidade galega, que apoia máis a quen máis o necesita e que garante a igualdade de oportunidades; un modelo que funciona, baseado en principios como a excelencia e a cultura do esforzo e avalado polos resultados, tal e como recollen os principais indicadores comparativos, tanto a nivel nacional como a nivel internacional; é un modelo, en definitiva, innovador, do cal nos sentimos orgullosos, á altura das circunstancias e apoiado, unha vez máis, polos cidadáns de Galicia. Temos o deber de asegurar que este modelo siga sendo referente tamén no próximo cuarto de século, e para iso é necesario comezar a traballar hoxe porque o futuro de Galicia, a Galicia do futuro, constrúese dende hoxe nas aulas.

Foron moitos os cambios que viviu o noso sistema nos últimos anos. O balance, se botamos a vista atrás, dános unha visión francamente positiva. Sexa cal sexa o indicador ou a variable que consultemos, Galicia avanzou nos últimos anos e nas últimas décadas, dun xeito absolutamente innegable. Nos primeiros 25 anos do século XXI, con gobernos maioritarios do Partido Popular, fomos capaces de practicamente duplicar o gasto público, os recursos públicos dedicados á educación, o cal demostra a prioridade que se deu a esta política pública. No día de hoxe, somos, xunto con Cantabria, a comunidade autónoma que máis dedica ao ensino —se sacamos as comunidades de réxime foral—: de media, Galicia dedica 8.075 euros por alumno, 1.000 euros máis que a media española. E —repito— xunto con Cantabria, somos os primeiros de España, se sacamos da ecuación o País Vasco e Navarra, que teñen un réxime fiscal absolutamente diferente. Son unhas cifras que se incrementan case un 30 por cento —un 28 por cento— nas zonas rurais.

Melloramos notablemente os resultados académicos do sistema educativo. No 2006 Galicia estaba por debaixo en todos os parámetros da media da OCDE, en áreas como en matemáticas, en comprensión lectora e en equidade. Fomos capaces, dende ese momento, de reverter a situación, e hoxe, no día de hoxe, actualmente, superamos a media da OCDE e a media española en todos os ámbitos. E dentro dos catro parámetros que miden a calidade do sistema educativo, en dous deles —en equidade e en pensamento creativo—, somos os primeiros de España, cando —insisto— no 2006, durante o Bipartito, Galicia estaba por debaixo en todas as variables comparativas do informe Pisa.

Fomos capaces de reducir o fracaso escolar, que é unha variable tremendamente importante dende a perspectiva da equidade e da xustiza social. Dou simplemente tres datos: Fraga deixou o Goberno cun 22 por cento de fracaso escolar; Touriño deixou o Goberno con case un 27 por cento de fracaso escolar; e hoxe estamos nun 9 por cento de fracaso escolar.

Incrementamos a equidade dentro do sistema ata situarnos á cabeza de España —como xa dixemos—; e aseguramos a igualdade de oportunidades, con independencia do contexto so-



cial, da situación económica ou do lugar de residencia, podendo dicir que Galicia funciona como un distrito educativo único.

Tamén melloramos e seguiremos mellorando a atención ao alumnado, reducindo o número de alumnos por aula, é dicir, as *ratios*, tendo xa antes do inicio do actual curso, unha das *ratios* máis baixas de España.

Avanzamos na innovación e preparamos o alumnado para facer fronte á transformación dixital que xa existe, e, hoxe, sen dúbida, somos unha das comunidades autónomas mellor equipadas en tecnoloxía nas aulas.

En plurilingüismo demos tamén un salto cualitativo tremendamente significativo. Segundo a consultora internacional que elabora o índice EF de dominio do inglés, somos a primeira comunidade autónoma de España no dominio de inglés por parte do alumnado galego. Hai uns anos eramos o dez e hoxe estamos no primeiro posto.

Froito tamén de políticas estables e de políticas referentes, a formación profesional tamén viviu, e vive, unha auténtica revolución silenciosa. Dou dous datos: comparativamente co ano 2009, duplicamos o número de alumnos que elixen esta opción educativa. E algo tremendamente importante é a inserción laboral destes alumnos: no ano 2009 era o 30 por cento; hoxe supera o 85 por cento, no réxime ordinario, e practicamente o 100 por cento, no réxime en dual. É dicir, pasou dun 30 por cento a un 85 por cento.

A verdade é que, á vista dos resultados, podemos afirmar que a educación galega ten hoxe máis calidade, máis equidade e xera maior igualdade de oportunidades. E as anteriores, señorías, son só algunhas cifras que nos dan unha visión panorámica do camiño percorrido; unhas cifras que son o resultado de políticas estables, cunha visión a longo prazo, e, por suposto, son o resultado do traballo, do compromiso, da implicación da inmensa maioría dos membros da comunidade educativa. E aquí falo de alumnado, de familias, de docentes, de persoal non docente, de equipos directivos... E, dende aquí —como fago sempre—, agradezo a implicación; nunca deixarei de agradecer á súa dedicación diaria en todas as aulas da xeografía galega. (*Aplausos.*)

Estes datos que acabo de expoñer son un balance puramente descritivo; son datos obxectivos, a inmensa maioría sacados de informes feitos polo Ministerio de Educación ou feitos por organismos internacionais. E, obviamente, non podo máis que sentirme orgulloso, no nome do conxunto da comunidade educativa, e agradecer á mesma o traballo que está facendo. Tamén é certo —tamén é certo— que algúns constantemente tocan as trompetas de Jericó, pero tamén é certo que as deben ter desafinadas polo pouco éxito das súas notas.

Acabamos de rematar, señorías, unha lexislatura complexa —como vostedes saben—, e iniciamos unha nova lexislatura complexa. É o primeiro ano do actual Goberno, da actual lexislatura. A anterior lexislatura —como vostedes saben moi ben— estivo marcada dende a perspectiva educativa por dous momentos: os dous primeiros anos, por unha crise sanitaria á cal houbo que facer fronte no sistema educativo —penso— cun resultado máis que notable; e a segunda parte da anterior lexislatura estivo marcado pola adaptación forzosa e tremen-



damente precipitada ás leis estatais que se levaron a cabo sen ningún consenso coas comunidades autónomas, que xeraron moitísimos problemas, que xeraron cero solucións e que foron unha oportunidade perdida. E falo da implementación da LOMLOE e tamén, en certa medida, da Lei de formación profesional. Foi unha constante actuación do Goberno do Estado ás costas das comunidades autónomas e tamén supuxo unha certa filosofía política que se podía resumir en: «yo invito y tú pagas», no sentido de que a implementación destas leis, en gran parte, foi levada a cabo polas comunidades autónomas cun escaso e débil apoio do Goberno do Estado.

Conseguimos non comprometer o noso modelo educativo, pese á mala xestión do Goberno central, e tamén lamentamos que moi poucas demandas fosen atendidas polo Goberno do Estado, pese a que foron reivindicadas en moitísimas ocasións por comunidades autónomas de diferente partido político, incluso por comunidades autónomas do Partido Socialista. Reivindicouse, sen coñecer nada ao respecto, a posta en marcha dun Plan nacional de infraestruturas educativas e a resposta foi a calada. Reivindicouse tamén, e reivindicamos, que o Ministerio de Educación debía trasladar ás comunidades autónomas certos compromisos, que foron anunciados a *bombo e platillo* en campaña electoral, pensados para o reforzo das matemáticas e da lectura. Houbo unha declaración do presidente Sánchez nun mitin electoral dunha cantidade económica, e só se transferiu o vinte por cento da cantidade presentada ou anunciada nese caso.

Tampouco imos renunciar a defender os intereses dos cidadáns galegos, dos xoves galegos, como xa fixemos no caso da ABAU. Todos saben que doce comunidades autónomas, que suman o setenta por cento do alumnado, estamos traballando para intentar coordinar unha ABAU común naqueles aspectos básicos que permitan ter unha maior homoxeneidade para que sexa máis xusta. Estamos a falar dunha ABAU común —e non única nin exclusiva— que, por primeira vez, xere máis igualdade, respectando, por suposto, as singularidades culturais e lingüísticas de cada territorio.

Como dicía, estamos a piques de comezar o segundo cuarto do século XXI, e debemos preparar o sistema educativo para un novo paradigma que xa se identifica; xa vemos os síntomas dunha serie de cuestións que van incidir con moita forza no sistema educativo no próximo cuarto de século: hai desafíos demográficos, desafíos sociais, laborais, de mobilidade das persoas, tecnolóxicos e tamén, por suposto, de adaptación arquitectónica aos novos parámetros de sostibilidade. Sabemos que estamos ben preparados e temos claro onde nos atopamos e onde queremos estar no próximo cuarto de século.

E adiantámonos, unha vez máis, deseñando as liñas que definirán as políticas educativas galegas desta nova etapa. Farémolo con cinco liñas pensadas e organizadas dende e para Galicia, e que parten da interlocución coa inmensa maioría dos axentes educativos. Imos iniciar —estamos iniciando xa— a maior modernización da educación galega dos últimos trinta anos, cunha reforma estrutural e organizativa; cunha reforma que ten a súa base no acordo histórico asinado en outubro —hai case un ano— con tres dos catro sindicatos da Mesa Sectorial, a quen quero agradecer, tamén outra vez, a súa altura de miras e o seu compromiso real coa educación deste país. É un acordo que comezamos a aplicar este curso e que nos permitirá, entre outros aspectos, reducir de xeito progresivo o número de alumnos



por aula, mellorar a atención á diversidade e avanzar na mellora da carreira profesional e na formación docente do profesorado.

Ante o desafío demográfico, nos próximos anos conseguiremos manter a estrutura do sistema educativo, tanto a nivel territorial como a nivel laboral, sen dúbida, na máis potente reforma organizativa dende a implementación da LOXSE. Como xa adiantei estes días, a pesar da caída da natalidade, coa aplicación desta reforma imos poder manter abertas e imos poder rescatar 204 aulas este ano e nos próximos tres anos arredor de 900 aulas que, doutro xeito, estarían ameazadas pola falta de alumnado; así o recoñecen os propios sindicatos. E —insisto— son 900 aulas que se rescatarán e que se manterán abertas en só tres anos.

A segunda é a actualización do noso compromiso coa excelencia e coa equidade como elementos básicos do noso sistema. Farémolo a través do desenvolvemento de novas ferramentas e de novos programas de apoio; programas que personalicen o ensino aínda máis e que garantan que todo o alumnado poida adquirir as competencias chave, e, por suposto, que melloren a atención educativa, especialmente daqueles alumnos que máis o precisen. Con este espírito deseñamos o Plan de mellora da atención educativa de Galicia, o Plan Mega, e aprobámolo, co cal reforzamos os recursos dispoñibles nos centros.

A terceira é a renovación da Rede de infraestruturas educativas para dar, por unha parte, resposta ás novas realidades pedagóxicas, pero tamén para asegurar o benestar e o confort do conxunto da comunidade educativa. Queremos que os institutos e os colexios sexan máis que edificios; queremos que sexan espazos que axuden a innovación, que estean preparados para a transformación dixital e para a realidade das próximas décadas, baixo criterios de sostibilidade e de eficiencia enerxética. Onte mesmo levamos ao Consello o balance do primeiro Plan de nova arquitectura pedagóxica, e recordo que esta consellería ten que xestionar máis de mil seiscientos edificios espallados polo conxunto da xeografía galega.

En cuarto lugar, imos dar un novo impulso á formación profesional a través do plan FPGal360 e dar, por suposto, continuidade ao plan Conecta FP; e farémolo como unha vía formativa estratéxica pensada para dar resposta aos desafíos laborais e tamén, en certa medida, para reducir a taxa de abandono escolar. O noso obxectivo é que ningún cidadán, ningún galego e ningunha galega chegue aos dezaioito anos sen ningún tipo de titulación que o habilite para entrar e participar no mercado laboral; e farémolo ao tempo que seguimos avanzando nunha formación profesional de calidade que, sen dúbida, hoxe acada os mellores resultados en oferta, en matrícula e en empregabilidade. Creo que todos recoñecemos que a formación profesional é hoxe un ensino de prestixio, útil á sociedade e que xera confianza nas empresas e nas familias.

E, finalmente, e en quinto lugar, manteremos o reforzo integral das políticas de apoio ás familias. Galicia xa é dende este curso a primeira comunidade autónoma, é a única por agora, cun sistema educativo público e gratuíto dende as primeiras etapas de infantil ata os estudos superiores. Repito, é a primeira e única ata o momento. *(Aplausos.)* Con esta medida queremos favorecer a igualdade de oportunidades e lograr unha maior cohesión social.



Ademais, seguimos mantendo unha serie de medidas, unha batería moi importante de medidas que permite aforrar ás familias máis de cen millóns de euros. Obviamente, este ano a gran novidade é a implementación da matrícula universitaria gratuíta, o cal permite aforrar aproximadamente tres mil euros de media para cada unha das familias, pero continuaremos con axudas xa clásicas do sistema educativo galego, como pode ser a axuda para mercar libros, material escolar etcétera, etcétera, que chega ao setenta por cento dos alumnos, priorizando aqueles que teñen menos renda, dentro dunha filosofía política de axudar máis quen máis o precisa. E —como xa digo— con diferentes liñas; por exemplo, unha delas é a repartición de máis de catrocentos mil libros en colexios e institutos, isto é, un volume económico que está ao redor de vinte e cinco millóns de euros.

Como dicía —e todas as súas señorías o saben—, mañá arrancam un novo curso e ímolo facer coa maior batería de medidas e de novidades das últimas tres décadas. Agardamos —creo que iso é un desexo compartido por todos— que a volta ás aulas se produza coa maior normalidade posible, que se produza con total normalidade, como foi a tónica nos últimos anos. Todo o equipo técnico da Consellería —a que dou as grazas aquí publicamente— leva moito tempo traballando —moitas semanas, moitos meses— para asegurar que o alumnado reciba a mellor atención posible con independencia do seu lugar de residencia, con independencia da súa situación laboral e con independencia da situación social ou económica das súas familias; e lévao facendo, e organizando os recursos materiais e humanos en función das necesidades particulares de cada alumno. Con isto o que pretendemos é que tanto o servizo educativo como os servizos complementarios estean plenamente operativos dende o primeiro momento; así o fixemos ata agora e así o imos seguir facendo con responsabilidade, con rigor na xestión e porque tamén é o que os galegos esperan, cada setembro, deste Goberno.

Estou a falar de servizos como o transporte escolar. Este ano hai unha novidade, pois a súa xestión recae centralizada na Consellería de Presidencia, pero todos sabemos que temos un dos mellores servizos de transporte ou o mellor servizo de transporte escolar de España. Quero dar un dato, simplemente: 5 por cento da poboación escolar e practicamente o 22 por cento do gasto do conxunto de España. Tamén volverán funcionar con normalidade os comedores escolares. A novidade neste punto é o mantemento da conxelación dos prezos para que as familias non teñan que facer fronte ao incremento das materias primas alimentarias. Todos os comedores xestionados pola Xunta de Galicia manteñen conxelados os seus prezos. E tamén ampliamos as liñas de axuda a concellos e ás ANPA.

Tamén o imos facer con instalacións renovadas. Onte mesmo —como xa dixen— presentamos un balance no Consello da Xunta e todos os anos se realiza un inxente número de intervencións de todo tipo: melloras, ampliacións, reformas, eficiencias enerxéticas, obras máis pequenas... nos centros educativos do país; en definitiva, estamos cumprindo coa organización da actividade dos centros educativos e, por suposto, de todos os servizos vinculados a eles.

Por primeira vez, tamén neste curso imos implementar —estamos xa implementando, como dixen— de xeito progresivo as medidas estruturais que se derivan da aplicación do acordo histórico de mellora estrutural do sistema, e os seus resultados —como xa dixen— tamén



se comezan a notar. E este curso imos comezar cun número de alumnos en infantil, primaria, ESO e bacharelato de 307.854 alumnos, o que supón, no conxunto destas etapas, -3.289 alumnos; é dicir, unha caída, respecto do ano pasado, de 3.289 alumnos. Hai diferenzas nestas etapas que acabo de mencionar: a maior perda concéntrase en infantil e primaria. Entre as dúas, a perda foi de -4.000 alumnos. Na ESO comeza xa a haber unha redución progresiva do alumnado, ao redor de 340 menos. Mantense un certo incremento en bacharelato: 1.000 máis. Educación especial mantense practicamente estable. E fáltanos por coñecer o dato definitivo da matrícula de formación profesional porque continúa aberto o período de matrícula ata final de mes.

E a pesar deste contexto de baixada da matrícula xeral, incrementamos o número de aulas e a dotación de profesorado. ¿Para que? Para asegurar a calidade do sistema, para manter a estrutura territorial e laboral do servizo e para lograr unha mellor atención a todo o alumnado; (*Aplausos.*) en definitiva, este curso haberá máis unidades en todas as etapas, incluídas aquelas etapas en que se produce un maior descenso de alumnos —como xa dixen—, isto é, en infantil e primaria, nas cales se reduce máis a matrícula, -4.000 alumnos. Imos habilitar dúas aulas máis e, ademais, teremos máis profesores. E por iso digo que resulta complicado falar de recortes e por iso digo que as súas trompetas de Jericó desafinan; é moi complicado falar de recortes, como escoitamos estes días a algúns deputados desta Cámara. Con estes datos temos menos alumnos, máis aulas e máis profesores.

Este curso imos dispoñer dun cadro de persoal formado por un total de 31.603 profesores. Unha cifra de 31.603 profesores, que pode ser aínda susceptible de mínimas variacións, pero que, en todo caso, constitúe o maior número da nosa historia, (*Aplausos.*) e é o resultado das distintas melloras que xa introducimos este ano no sistema e que se seguirán introducindo de xeito progresivo. E —insisto— é o compromiso deste Goberno coa mellora continua na atención ao alumnado. Nun contexto de caída xeral do alumnado incrementamos, sen embargo, o profesorado, os profesionais, ata a cifra que acabo de dicir de 31.603 profesores.

Nos próximos días, obviamente, o equipo da Consellería aínda seguirá analizando e avaliando algunhas cuestións concretas, algunhas demandas concretas que se poidan recibir co obxectivo de que a asignación final do profesorado sexa a óptima. Tamén é obvio que debemos agardar a pechar os datos da matrícula de formación profesional; matrícula que, unha vez máis, agardamos siga medrando. E non é fácil que siga medrando, tendo en conta a estrutura demográfica, xa que no curso pasado acadamos a cifra máis elevada da historia, máis de sesenta e catro mil quíntos alumnos matriculados en formación profesional.

Aumentamos o número de profesores e melloramos a súa situación a través de diferentes procesos de oposición. Este ano incorpóranse ao sistema educativo 1.256 novos profesores funcionarios, isto é, persoas que superaron o proceso selectivo, as oposicións deste ano, e ás cales lles desexamos, por suposto, o maior éxito posible nesta etapa. Hai que ter en conta que levamos traballando pola estabilización do profesorado moito tempo, moitos anos. Dende o ano 2009 convocamos 18.500 prazas de profesores novos funcionarios, pese a que nos primeiros anos, e por mor da crise, era moi difícil —moi difícil— facelo. Renovamos máis do 50 por cento das plantillas neste tempo e somos a comunidade autónoma de España coa menor taxa de interinos: estamos por debaixo do 5 por cento, cando a media de España é do 24 por cento.



Redobramos os esforzos de organización e de distribución de recursos, cumprindo —como estou dicindo— o noso compromiso de asegurar a estrutura educativa, tanto a nivel laboral como a nivel territorial. Este curso, por primeira vez, imos manter en funcionamento catro centros educativos, catro escolas unitarias que teñen matrícula por debaixo dos seis alumnos, é dicir, que están con cinco, pero que —prevemos— teñen posibilidades de aumentar nos próximos anos.

Unha vez revisados os datos de matrícula, este curso non van prestar servizo —o que se denomina— seis escolas unitarias que están por debaixo do umbral de cinco alumnos. En todo caso, Galicia continúa a ser unha das comunidades autónomas que ten unha maior proximidade, que xera unha maior proximidade ao servizo educativo das persoas e do territorio. Quero dar un dato: o 93 por cento dos concellos galegos ten un centro de infantil ou de primaria —o 93 por cento—. A media de España é dun 50 por cento. E o 99,7 por cento do alumnado de infantil e de primaria conta con servizo educativo no concello onde vive.

Señorías, se todos os inicios de curso é preciso e é necesario facer fronte a un desafío organizativo pola gran cantidade de recursos que se deben xestionar e organizar nun mapa educativo, todos os anos cambiante no tocante á distribución do alumnado, queda claro que este curso 2024/2025 é especialmente complexo; e éo, por unha parte, porque decidimos facer fronte aos grandes desafíos que a Galicia do futuro terá por diante nos próximos anos: demográficos, laborais, sociais, tecnolóxicos... que, sen dúbida, se van materializar no segundo cuarto do século XXI; e tamén, por outra parte, porque estamos encarando, estamos afrontando a maior reforma estrutural educativa dos últimos trinta anos, e que acometemos en aplicación do acordo sindical asinado en outubro do ano pasado. Neste acordo hai dezaseis medidas, todas postas en marcha cunha perspectiva integral, que se centran nunha serie de aspectos, como pode ser a mellora das *ratios*. Neste curso —como así está asinado— comezamos a reducir de 25 a 20 a *ratio* en cuarto de infantil, para ir, de xeito progresivo, facéndoo no resto dos cursos; estámolo facendo porque Galicia quixo. Imos por diante do Goberno central. Dígollo porque o Goberno central, non hai demasiado tempo, aprobou unha lei orgánica na cal non se modifican en ningún caso as *ratios*, co cal, a nivel xeral, realizamos unha redución do vinte por cento en cuarto de infantil e, de aí, progresivamente, irá ao resto dos cursos.

Galicia xa tiña —creo que todos somos conscientes e o dixen anteriormente— unha das mellores *ratios* de España —sen dúbida, unha das mellores *ratios* de España—, e agora seguimos avanzando. Como xa mencionei, esta redución vainos permitir rescatar e evitar o peche —evitar o peche— de máis de 200 aulas —204 aulas— este curso e que serían 900 nos próximos tres. (*Aplausos.*)

Tamén melloramos a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, ámbito no cal Galicia tamén é referente como a comunidade máis inclusiva do conxunto de España. Temos case o 94 por cento dos alumnos con necesidades educativas especiais integrados nas aulas ordinarias —iso é un esforzo notabilísimo—, case un 15 por cento por riba da media española. Contamos cunha rede de profesionais tremendamente elevada. Estamos a falar practicamente de 4.000 profesionais que dedican o seu traballo todos os días á atención á diversidade.



E agora damos un novo paso incorporando unha medida pioneira en España; unha medida que non existe en ningunha outra comunidade ou rexión de España e que é única no conxunto do Estado. E esta é a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais para que, para efectos de *ratio*, computen por dous ou por tres en función do seu nivel de discapacidade, certificada, obviamente, cun informe médico. Este cambio vai permitir —está permitindo xa— ofrecer unha atención máis personalizada, garantir un acompañamento adecuado nos centros educativos e estar ao lado das familias. Inicialmente esta medida íase aplicar de xeito progresivo en cuarto de infantil e, de aí, progresivamente. De resultados do diálogo e das negociacións cos sindicatos pactamos ampliar —acabamos de ampliar— o seu alcance a todo o alumnado de infantil e primaria, e, en todos os casos, onde se superen, dentro de cada unidade, os 25 alumnos, fóra de cuarto de primaria —alumnos ponderados, refírome—, fóra de cuarto de infantil, perdón, reforzarse o cadro de profesorado, para que os propios centros educativos poidan, en función da súa autonomía organizativa, poder empregar estes recursos, ben en desdobres, ben en coeducación ou ben na reorganización interna dos seus ámbitos.

Esta é a base —como tamén teño xa presentado, xa se presentou no seu momento e se debateu no Consello da Xunta— do programa Promociona.

Tamén, xunto coa equidade e coa atención a aqueles alumnos que máis o precisan, outro das sinais de identidade do ensino galego é o apoio ao rural. Non se pode entender o sistema educativo galego sen o rural. Estamos desenvolvendo medidas pensando nos centros que se atopan nestas áreas, e facémolo —como xa dixen— non pechando aquelas unitarias, aqueles centros con 5 alumnos, cando se identifica, se aprecia unha evolución na matrícula positiva. Isto permitiu e permite manter 4 unitarias abertas. Pero tamén o facemos reducindo o número máximo de alumnos agrupados en aulas de infantil; neste caso pasamos de 18 a 14. Isto é un avance no compromiso de recuperar o acordo de agrupamentos asinados no ano 2009, que non se puido aplicar dende o ano 2009 ata o momento. Repito: estamos a reducir o número de alumnos que responden a agrupamentos en infantil, de 18 a 14, e seguiremolo facendo de xeito progresivo.

Tamén atendemos á mellora das condicións do profesorado e dos centros. Son efectivos, pese a que eu teño lido e escoitado que non era certo —xa é efectivo, foi efectivo dende o 1 de xaneiro—, este ano os incrementos salariais vencellados ao desenvolvemento da carreira profesional docente. Supoñen na masa salarial aproximadamente uns 14 millóns de euros, só este ano. Iso posibilita que se premie, que se dea un incentivo a aqueles profesores que máis se forman ou aqueles profesores que asumen maior responsabilidade no funcionamento do sistema educativo, titores ou tamén equipos directivos.

Tamén reducimos o horario lectivo en infantil e primaria, para que os profesores poidan ter máis tempo, liberar tempo para a preparación de clases e outras tarefas.

E tamén estamos en pleno proceso de simplificación de burocracia, buscando, cun grupo de traballo formado por profesionais, deseñar medidas que permitan reducir unha queixa constante do profesorado como é a burocracia.

Somos conscientes de que é necesario avanzar con pasos firmes, con pasos seguros, e por isto seguiremos traballando cos sindicatos na mesa de seguimento do acordo, co compromiso de desenvolve-lo totalmente e sen xerar tensións no sistema. (*Aplausos.*)



Xunto a estes cambios organizativos, tamén asentamos as bases para unha educación máis equitativa, moderna e adaptada ás novas realidades. Con esta visión vimos de aprobar tamén no Consello da Xunta o plan Mega, 77 millóns de euros en catro anos. Este plan desenvolve algunha das medidas que acabo de detallar, e tamén van prestar unha especial atención a aquelas debilidades que existen en cada un dos centros educativos de xeito individualizado e que coñecemos a través das probas de avaliación e diagnóstico que realizamos na pasada primavera. Estas probas vannos permitir ter unha radiografía completa de cada colexio e de cada instituto, e poder ver cales son as súas fortalezas, cales son as súas debilidades, cales son as súas áreas de mellora, e, cunha perspectiva integral, poder deseñar programas e plans orientados fundamentalmente a reducir as súas problemáticas.

Só neste primeiro curso, e tamén dentro do plan Mega, imos facelo con docentes adicionais para asegurar o éxito escolar, a inclusión e o desenvolvemento integral do alumnado. O plan Mega —xa o presentamos, xa se avaliou no Consello da Xunta— ten seis grandes programas, catro deles absolutamente novos, novidosos, dous que resultan da evolución de programas preexistentes, e podemos dicir que un deles é o programa Promociona, que permite dar un reforzo educativo, un reforzo de profesorado a aqueles alumnados que teñen necesidades educativas especiais; aproximadamente calculamos arredor de 200 profesores, que mañá se incorporarán aos centros educativos.

Temos tamén un programa preexistente, que é o programa Proa, que tamén aproximadamente ten un número de 200 alumnos, que se incorporarán en outubro aos centros educativos.

Hai dous programas novos: un programa de reforzo da competencia en matemática e outro da comprensión lectora, que vai posibilitar potenciar estas dúas áreas, que son fundamentais para a mellora do éxito educativo, e que se van implementar ao longo deste curso.

Tamén temos un novo programa, que é o Plan de apoio educativo para o alumnado estranxeiro, co cal queremos adiantarnos a unha situación que xa estamos percibindo, avaliando as estatísticas demográficas, e que posibilitará favorecer a integración destes colectivos no sistema educativo galego para darlles a oportunidade de que se poidan integrar no conxunto da sociedade galega.

E un, que é tamén a evolución dun programa preexistente, é o Programa de impulso aos centros referentes, que é unha evolución, cunha serie de cambios moi significativos, dos vellos contratos programa.

O plan Mega, por suposto, vai en liña con todas as iniciativas deseñadas para favorecer a atención á diversidade, á igualdade e ao benestar na aula.

Por suposto, seguimos avanzando nestes eidos a través dunha estratexia, a Estratexia galega de convivencia, e proximamente tamén poñeremos encima da mesa un novo plan de coeducación. Queremos seguir dando pasos na loita contra calquera tipo de discriminación, incluídas aquelas que teñen que ver coa orientación sexual ou a identidade de xénero, cuestións que están xa presentes de xeito transversal nos currículos educativos.



Nos próximos meses remataremos a redacción da Estratexia galega de inclusión educativa, que tamén vai orientada, por suposto, a avanzar na igualdade e na integración plena de todas as persoas.

É obvio que nos últimos anos temos feito moito nestas materias, pero tamén é obvio que queda moito por facer, e temos que poñer encima da mesa medidas concretas, plans concretos, programas concretos que nos permitan avanzar neste anhelado común de erradicar calquera tipo de discriminación entre as persoas, lograr a maior integración das persoas con diversidade e xerar, sobre todo, un marco de respecto absoluto a todas as persoas con independencia das súas características.

En todos estes aspectos que acabo de relatar, que acabo de poñer encima da mesa, ten un papel fundamental o espazo educativo, os espazos arquitectónicos educativos. Galicia ten máis de 1.600 edificios. A Consellería de Educación xestiona máis de 1.600 de centros educativos, cunha antigüidade media de arredor dos corenta e cinco ou cincuenta anos.

Puxemos en marcha no ano 2021 un plan absolutamente novidoso, o Plan de nova arquitectura pedagóxica, que supuxo unha transformación e un investimento sen precedentes. Con esta folla de ruta xa fixemos ao redor de 2.700 intervencións, cun investimento total que chega aos 278 millóns de euros, de todo tipo. *(Aplausos.)* 2.700 intervencións de todo tipo: cambios de cubertas, caldeiras, rehabilitacións integrais, ampliacións de centros; en concreto, ampliamos 43 centros ao amparo deste plan. Tamén a construción de novos centros, dous deles agora xa en marcha: o Instituto Domingo Villar, en Vigo, e o novo Colexio do Milladoiro. En definitiva, ampliacións e novos centros aí onde existe necesidade demográfica de facer e onde existe a necesidade que poida dar resposta ao crecemento futuro da matrícula.

No último ano de vixencia deste plan tamén podemos afirmar, a través dun subproduto, dun programa deste plan, que actuamos en preto da metade dos edificios escolares de Galicia a través do plan Benestar, e fixémoslo para facelos máis accesibles, máis inclusivos e garantir, precisamente, o seu benestar, para que teñan tamén cabida as novas metodoloxías de aprendizaxe e posibilitar un desenvolvemento integral do alumnado.

É obvio que todas estas medidas no seu conxunto e cunha perspectiva integral son as que explican o éxito do noso modelo educativo e, por suposto, o traballo constante, a dedicación constante do profesorado, de todo o conxunto da comunidade educativa.

Pero, por suposto, hai outras medidas, ademais destas, que tamén teñen un grande impacto no sistema educativo. Poderíamos falar das bibliotecas escolares. Poderíamos falar da Estratexia galega de linguas estranxeiras, dos auxiliares de conversa, das seccións bilingües, das axudas de acreditación aos niveis de idioma. Podemos falar da innovación, da constante innovación que ten o sistema educativo galego. Ou facerlle fronte a un dos grandes desafíos, que é, que vai ser —que xa é, pero que vai ser máis aínda no futuro— favorecer a integración, o uso da intelixencia artificial dentro do proceso educativo, a posta en marcha dun programa que estamos traballando dende a perspectiva da compra pública innovadora, que é que o programa Edugalia, para introducir a intelixencia artificial na xestión administrativa interna,



lograr algo que non existe en ningunha parte de España: o expediente único educativo, ou identificar as necesidades educativas de cada alumno para poder facer un seguimento personalizado e poder actuar dun xeito concreto, específico, en cada un dos alumnos.

Tamén fomos pioneiros en España en introducir nos currículos asignaturas específicas vencelladas coa intelixencia artificial, tanto en 4º da ESO como en 1º de bacharelato, ou en desenvolver unha nova estratexia educativa, os polos creativos, onde se traballa e se fomenta a intelixencia artificial e outros ámbitos STEM que son fundamentais para o alumnado.

Por suposto, a Estratexia de educación dixital 2030 lévanos a facer constantes modificacións, constantes cambios en programas tan importantes como o E-Dixgal, onde —é certo— existe un debate social sobre a súa oportunidade. Non podemos renunciar a dotar o alumnado das competencias dixitais que lle van ser básicas no seu futuro, o cal non exime en ningún caso de manter un modelo máis tradicional —para dicilo de xeito simplificado—, pensado no papel e no lapis, pero debemos ter ambos os mundos convivindo, como o están facendo.

E tamén temos que dar pasos e escoitar as familias e plantexar reformas neste ámbito. Estamos xa introducindo neste curso unha unidade didáctica en todos os temas, que se vai poder imprimir en papel, para que as familias o poidan facer e facilitar o estudo do alumnado, ou creando materiais curriculares específicos a través da plataforma creada.

Tamén nesta nova etapa seguiremos mantendo unha aposta forte e decidida pola formación profesional, con melloras que incidan tanto no alumnado a nivel individual como no conxunto, e pola agregación na economía de Galicia. Queremos garantir que todas as persoas, independentemente da súa idade ou mesmo da súa situación, poidan obter unha titulación no ámbito da formación profesional que sirva, por unha parte, para reducir o fracaso escolar e, por outra, que os dote de competencias para facer fronte aos desafíos laborais que xa son constantes na Galicia contemporánea. E estivémolo facendo a través do Plan de orientación profesional integral FPGal360; xa foi aprobado este plan no Consello da Xunta, e supón un investimento total de 24 millóns de euros nos próximos catro anos.

Este plan, basicamente, vai centrarse na orientación e no deseño dun plan integral deseñado para todas as persoas, para que todas as persoas de dentro ou fóra do sistema poidan participar. E aplicámolo, imos aplicar esta folla de ruta con tres liñas de actuación que están entrelazadas entre elas e que se relacionan.

A primeira ten que ver coa procura, con buscar maximizar o éxito do alumnado e reducir a taxa de abandono educativo temperán o máximo posible, cunha tendencia, por suposto, ata cero, pese a que sabemos que isto vai ser practicamente imposible, pero que vaia nunha tendencia ata cero. No caso de Galicia —e como xa dixemos— fomos capaces en moi poucos anos de pasar dun 26 por cento a un 9 por cento; creo que iso marca o compromiso dunhas formacións políticas, duns gobernos e doutros.

Dicir tamén que no ámbito do abandono escolar somos a cuarta comunidade autónoma co nivel máis baixo de abandono escolar, empatados coas comunidades autónomas líderes



practicamente neste ámbito. É lóxico, pero tampouco podemos conformarnos, e queremos seguir traballando.

E, por iso, en segundo lugar, e dentro deste plan, imos crear e potenciar unha nova orientación vocacional e profesional para todas as persoas, para que poidan formarse naqueles ámbitos que teñen vocación e poderse integrar de xeito efectivo no mercado laboral.

E, por suposto, e en terceiro lugar, imos facilitar que se obteña unha titulación, dando asesoramento personalizado e colaborando con asociacións e colectivos que están implicados na orientación profesional e na xeración de igualdade de oportunidades para todas as persoas.

Como xa dixen, o obxectivo principal deste plan é que ninguén chegue á maioría de idade sen ningún tipo de cualificación. (*Aplausos.*) Por suposto, tamén seguiremos avanzando na Estratexia galega de FP, na Estratexia galega 2020-2030. De feito, vimos de presentar hai uns meses a maior oferta da nosa historia en 1º de FP, é dicir, prazas de novo ingreso, 46.714, 4.540 máis que o ano pasado, froito dun proceso de escoita activa cos sectores económicos, cos sectores produtivos, a través do Plan Conecta FP. Incrementamos prazas en 24 das 25 familias, expandimos a oferta da formación profesional en todas as áreas territoriais, por suposto no rural, onde hai a maior oferta da nosa historia tamén, e ampliamos o catálogo de estudos de FP, para chegar a 214 titulacións diferentes.

A FP, a nosa FP, aumenta en número, aumenta en variables cuantitativas, pero tamén en variables cualitativas, en calidade, en especialización, en novas titulacións, deseñadas para e dende Galicia, e que están pensadas para facer fronte aos desafíos laborais, aos desafíos tecnolóxicos.

Continuamos coa liña de innovación, co plan FP innova, con programas de emprendemento, de innovación, potenciando o centro de innovación Eduardo Barreiros.

En definitiva, avanzamos no que queremos que sexa a formación profesional do futuro. E iso pese —tamén hai que dicilo publicamente— á reforma da lei estatal, que, unha vez máis, foi aprobada de costas ás comunidades autónomas e na que, unha vez máis, o ministerio incumpriu o seu propio calendario de implementación, practicamente cun ano de atraso na publicación dos decretos que desenvolvían a lei de FP, o que obrigou a Galicia, para evitar preocupacións e para evitar incertezas, a facer unha normativa autonómica ponte entre a aplicación do real decreto estatal e a futura aprobación do decreto autonómico. (*Aplausos.*)

Tamén, señorías, dende hai anos, cada inicio de curso supón un desembolso importante para as familias e tamén supón que neste caso a Xunta de Galicia poña en marcha medidas que van dirixidas fundamentalmente a lograr aforro nas mesmas.

Como xa dixen anteriormente, estamos a falar de practicamente 100 millóns de euros, se computamos transporte escolar, 220 millóns de euros, aos que se suma este ano unha gran novidade no sistema educativo, como é a matrícula gratuíta no ámbito da universidade, e que supón aproximadamente 3.000 euros de aforro na universidade e tamén nas ensinanzas artísticas superiores.



Como xa dixeran, somos a primeira comunidade, a única comunidade que por agora ten un sistema educativo público gratuito dende as primeiras etapas de infantil ata os estudos superiores. Isto é —digamos— un grandísimo logro social, que busca, por unha parte, impulsar e favorecer a igualdade de oportunidades pero que busca tamén manter a cultura do esforzo, fundamentalmente a partir do segundo curso universitario e seguintes.

É obvio que todos coñecemos xa programas clásicos existentes no ámbito da Xunta de Galicia (material escolar, repartición de libros, recursos dixitais, a consideración dos comedores escolares...), medidas que, como xa dixeran, están orientadas a lograr un aforro de máis de 100 millóns de euros no conxunto das familias galegas, priorizando, neste caso, un principio básico de apoiar máis a quen máis o precisa e priorizar as axudas dun xeito inversamente proporcional aos niveis de renda.

Xa vou rematando.

Acabo de avanzar a follas de ruta deste goberno para asegurar nos próximos anos que o noso modelo educativo siga sendo un referente, que siga sendo un referente en calidade, en equidade, en xeración de igualdade de oportunidades, en inclusión e atención á diversidade, en innovación, en resultados, en definitiva, un bo sistema educativo.

Superamos o primeiro cuarto de século, deste século XXI, facémolo como referentes en moitísimos aspectos, cunha dinámica nos últimos anos de melloras continuas, e o noso obxectivo é que siga sendo así nos próximos vinte e cinco anos. Como xa dixeran, estamos nunha boa posición, que é resultado dos avances que se lograron con coherencia, con planificación, con estabilidade e con dous principios básicos: calidade e equidade e xeración de igualdade de oportunidades.

Agora ben, iniciamos neste momento unha nova lexislatura e tamén un novo segundo cuarto de século, e aquí plantexamos e imos plantexar, como acabo de presentar, unha serie de liñas de acción que están deseñadas para que a nosa educación, a educación galega, poida facer fronte aos desafíos de futuro. Son novas necesidades, novos desafíos, novos cambios sociais e de todo tipo, que requiren novas respostas. Temos que anticiparnos aos desafíos demográficos, laborais, tecnolóxicos, e pensar que dende o sistema educativo temos que adiantarnos, unha vez máis, a estes desafíos que existen no conxunto da sociedade e dos que sen dúbida xa sabemos hoxe cal é a súa dinámica.

Por iso digo, e repito, que este curso non é un curso máis. Poñemos en marcha a maior batería de medidas dos últimos trinta anos, tanto dende a perspectiva organizativa, estrutural, como dende a perspectiva organizativa de programas, para dar resposta a estes desafíos.

Afrontamos a maior modernización da estrutura educativa galega. Isto permítenos que, con menos alumnado, teñamos máis aulas e máis profesorado. Afrontamos tamén unha mellora educativa dende a inclusión e o respecto á diversidade para que ninguén quede atrás por ningún motivo e se respecte a todos e cada un dos alumnos do noso sistema educativo. A renovación tamén das infraestruturas educativas como espazos innovadores que deben garantir o benestar. Tamén o impulso á formación profesional como unha vía formativa es-



tratéxica para garantir o éxito educativo e para seguir creando benestar e facer fronte aos retos e aos desafíos laborais do presente e do futuro, e, por suposto, co reforzo das políticas de apoio transversal ás familias, políticas que, unha vez máis, tamén nos fan ser referentes no conxunto de España.

Con todo isto, señorías, afrontamos un novo curso, onde acometemos unha enorme reforma estrutural e organizativa, que vai dar pasos de xeito progresivo para que sigamos modernizando e mellorando o noso sistema, mellorando a atención ao alumnado, mellorando a formación profesional e dando resposta aos grandes desafíos que o segundo cuarto do século XXI nos presenta por diante.

En definitiva, non só manter o que somos, non seguir sendo o que somos, un bo, incluso lles diría moi bo sistema educativo, grazas ao traballo dos seus profesionais, senón, sobre todo, prepararnos para os desafíos do futuro e facelo dun xeito coherente, planificado e integral, como o estamos facendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Grazas, señor conselleiro pola súa comparecencia. Estaba pensando que dura aproximadamente a duración dunha clase, deunos aquí unha clase e nós aquí como alumnos atendendo.

Vostede sabe que eu estou presente aquí neste Parlamento, fundamentalmente con —vouno dicir en inglés, porque como dixó que hai moito nivel de inglés— Ourense *in my heart*, Ourense no meu corazón, parafraseando esa canción que popularizou Ray Charles. Entón, como eu veño aquí con Ourense no corazón e estiven escoitando con moita atención a súa intervención deseñando os aspectos xerais para a Comunidade Autónoma, voulle pedir que no seu turno de réplica, que é moi curto —só son cinco minutos e deberían de ser probablemente máis para responder ás preguntas que lle poidamos facer os grupos parlamentarios—, se todos eses problemas que pretenden resolver ou que pretenden facer que a calidade do ensino sexa mellor, se pensou nalgún momento ou ten algún tipo de estratexia especial para a provincia de Ourense, porque moitas das cuestións que plantexou están especialmente agudizadas na nosa provincia.

Falou do problema do transporte escolar. O transporte escolar nas zonas rurais loxicamente é un problema que ten unhas consecuencias para os alumnos. O tempo que pasan nos autobuses é un tempo que non poden estar na súa casa, estudando ou xogando, que tamén é unha parte importante da formación do neno, á parte dos problemas loxísticos. Loxicamente eses rapaces teñen unha desvantaxe en relación coas persoas que saen da súa casa e en poucos metros teñen o colexio.



Falou tamén, por exemplo, dos proxectos de futuro relacionados con todas as novas tecnoloxías, a intelixencia artificial. Vostede sabe que, por exemplo, no rural hai moitas zonas nas que a cobertura de internet é moi pequena ou practicamente nula, e iso tamén supón un hándicap para os rapaces, que ao mellor non poden consultar a rede para axudar a facer as súas tarefas escolares.

Falou, por exemplo, do bo estado dos edificios. Vostede sabe que no rural, e especialmente na provincia de Ourense, moi ruralizada, pois os concellos habitualmente non dispoñen dos fondos necesarios para ter en bo estado as instalacións, que por lei —unha lei da que temos discutido varias veces a súa idoneidade, pero é a que hai— teñen que facerse cargo do mantemento das instalacións, o que é oneroso ou practicamente imposible de levar a cabo polos concellos e ten unhas consecuencias no benestar dos alumnos e na calidade desas instalacións, etc., etc., etc.

Como as cuestións son moitas e seguramente as coñeza, eu cederíalle, se o Regulamento o permitira, o tempo que me resta a min de intervención, a vostede para que ampliase o seu tempo e explicase, en relación concreta coa provincia de Ourense, como se materializan e como se concretan esas medidas que vostede dixo.

Falou tamén do Eduardo Barreiros, que está na cidade, se ten algún nesgo específico a provincia de Ourense en materia de FP.

A provincia de Ourense ten menos posibilidades para os alumnos de saídas universitarias. O campus de Ourense non é loxicamente o de Santiago, nin o da Coruña nin o de Vigo. Todo iso fai que a provincia de Ourense teña unhas particularidades que seguramente estou seguro de que as coñece, aínda que proceda das terras do Ulla, pero se pode aproveitar parte do seu tempo para particularizar na miña provincia pois agradeceríallo. E xa lle digo: quedábanme seis minutos, que, se o Regulamento mo permitira, cedíallos gustoso para vostede.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea, pola súa xenerosidade, pero neste caso non fai falta. O conselleiro non ten tempo, ten tempo ilimitado na comparecencia, pero agrádese a súa xenerosidade.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidente.

Conselleiro, deputados e deputadas.

Ben, o conselleiro deu unha clase, a min tócame un seminario, pequeniño. Entón, vou intentar tocar algunhas cuestións, que creo que son importantes, da intervención exhaustiva, repetitiva, do conselleiro, das bondades do sistema educativo de Galicia, para intentar poñer enriba da mesa algunhas cuestións que nós consideramos que son importantes para ter en conta, e sobre todo desde o punto de vista de intentar conseguir unha mellora do sistema



educativo. Non pretendo que o conselleiro considere que eu vou tirar as murallas de Jericó, nin moitísimo menos. O conselleiro e a consellería tamén ten que estar afeita ás críticas do sistema educativo.

Describiunos aquí un sistema educativo marabilloso, un sistema educativo en color, pero a realidade non é así. A realidade é que en cada inicio de curso hai unha serie importante de protestas, de situacións complicadas e que necesitan unha resposta por parte da consellería, e nas que nin os centros en moitas ocasións nin os pais, nin as asociacións de pais e nais e representantes dos equipos directivos atopan resposta por parte da consellería, ou esa resposta sempre é despois de mobilizacións, de presións e de cuestións importantes.

Polo tanto, en moitos casos esta visión —digamos— aérea que se fai do sistema educativo a base dos indicadores déixanos moitas veces sen ver a situación da realidade das familias que están alí, dos nenos e as nenas que están nese colexio, que son aos que o sistema ten que garantir a solución dos seus problemas.

E, polo tanto, por suposto que nos quedou claro, despois da intervención do conselleiro, que todo o bo corresponde á Xunta de Galicia e todo o malo corresponde ao Goberno central, sen dicir que moitos dos proxectos que se están poñendo en marcha e que se están incorporando son a iniciativa do Goberno central e con financiamento do Goberno central. Polo tanto, iso si que non aparece por ningún lado.

O que está claro é que a consellería pretende un sistema educativo de calidade, de equidade e que garanta a igualdade de oportunidades. Pois imos ver se efectivamente iso é así.

Comenta o conselleiro que unha das liñas fundamentais é o acordo cos representantes sindicais. Ben, ese acordo que se tiña que poñer en marcha, na opinión dalgunhas das federacións de ANPA, estase poñendo en marcha dunha forma cicateira, dunha forma lenta, e incluso aproveitando que, efectivamente, si, o descenso demográfico o que fai é facilitar que a incorporación ou a redución de taxas se faga sen custo, porque precisamente esa redución da demografía fai que se vaian axustando as taxas que se necesitan aportar. Polo tanto, non existe unha aportación realmente importante de novo profesorado, excepto unhas cuestións que comentarei despois.

Comenta vostede que coa equidade se garante polo programa Mega. Do programa Mega xa falarei despois un pouquiño máis detidamente.

A renovación das infraestruturas. ¡Vamos!, estamos nun sistema educativo onde existen uns problemas —como dicía o propio conselleiro— importantes, de que os centros levan cincuenta anos e hai centros que necesitan reformas imperiosas. O que se lle pide —e pídese sistematicamente desde a Comisión de Educación— é que a consellería poña enriba da mesa os criterios que utiliza para seleccionar que centros son que entran neste Programa de renovación de infraestruturas pedagóxicas. Porque a realidade é que en moitos casos non se ten en conta nin a antigüidade nin se ten en conta —digamos— a situación do centro, téñense en conta outros criterios. E, sorprendentemente, a min non me deixa de sorprender que este programa está posto en marcha desde o ano 2021, e o outro día anunciouse a bombo e platillo o primeiro centro que se vai construír en base a esta nova arquitectura pedagóxica.



E fálase de 2.700 intervencións; se temos 1.600 centros, significa que, como mínimo, tivo que haber unha intervención en todos os centros educativos, como mínimo; como mínimo, e se non, dúas. Non vou falar da intensidade desa educación.

Fala da nova FP. Ben, por suposto, a nova FP é consecuencia da implantación da nova lei da FP. Eu pediríalle á Xunta de Galicia que, realmente, en vez de facer unha crítica continua e constante a esa nova lei, que o que faga é que aproveite as vantaxes que ten esa nova lei para deseñar a nova FP galega.

Fálanos vostede dun Plan integral de desenvolvemento de 24 millóns de euros en catro anos; iso supón 6 millóns cada ano de implantación desta FP, desta nova FP. Di: non é exactamente para a FP. Pero o outro día acábase de anunciar que o Goberno central vai destinar a Galicia para a formación profesional de empregados, desempregados e outros tipos de FP 70 millóns ao ano, 72 millóns ao ano. Polo tanto, imos dicir que aquí se está traballando continuamente e todos estamos traballando para mellorar o sistema educativo, incluso a oposición cando critica o Goberno.

Apoio á familia e á igualdade de oportunidades. A min isto sempre me fai moita graza, a coherencia do Partido Popular. Fala de que apoia a familia en todas as etapas educativas, pero é contraditoria, porque vostede se nega a xeneralizar a gratuidade dos libros de texto a todos os alumnos, que suporía 6.000 euros de aforro por cada familia, aproximadamente, nos dez anos que están soamente en educación infantil e en educación primaria. Pero, non obstante, as taxas universitarias é unha marabilla, é universal para todo o mundo. Non é certo. O que garante que todos os alumnos, en base ao seu esforzo e en base ao seu nivel económico, teñan a educación universitaria gratuíta, tanto en graos como mestrados, son as bolsas do Ministerio de Educación do Goberno central, que garante que aqueles alumnos que cumpren os criterios académicos e que cumpren ademais os criterios de renda baixa teñan a educación gratuíta, tanto en graos como en mestrados. A proposta do Goberno da Xunta de Galicia o que establece é que os que non cumpren criterios económicos —é dicir, os que están nun sistema económico familiar máis alto— reciban financiamento, os máis altos, os máis altos da liña; e, por suposto, tamén cos mesmos criterios académicos.

Xa falaremos nalgún momento dos problemas que están tendo para a mobilidade, que están tendo para a aplicación destas normativas.

E, por suposto, fáleme de 3.000 euros, que é o aforro dos catro anos do grao. Sempre, cando é favorable ao Goberno, magnificamos; cando non o é, reducimos. Pero hai que ser coherente e hai que facer sempre o mesmo, non se pode utilizar un criterio para a gratuidade dos libros de texto e o criterio contrario para a gratuidade das matrículas universitarias.

Ben, comentaba vostede a implantación da IA. Efectivamente, foi novidosa a implantación da IA no sistema educativo. Pero, lamentablemente, despois, á hora de que os profesores puideran acceder a impartir esa IA, aí xa non era tan novidosa o funcionamento da consellería, aí xa se plantexaban grandes problemas para iso.



Pero, ben, vostede falou moitísimo e eu teño moi pouco tempo, pero si que me vou centrar nunha cuestión que creo que é importante. Vostede fala da equidade e fundamentalmente de que o programa Promociona, consecuencia precisamente de ter en conta os nenos con necesidades especiais, e a aplicación dos acordos coas centrais sindicais, basicamente van modificar a *ratio* de ponderación de presenza de alumnado con necesidades educativas especiais de 2 a 3 como consecuencia do acordo. Pero ¿cal é a situación? A situación é que neste momento hai centros, con nomes e apelidos, que poden ser exemplos pero que non son excepción, que, tendo un incremento do número de alumnos con necesidades especiais, están sufrindo unha redución do número de profesorado especialista.

Vou poñer dous exemplos: un centro que se chama o IES A Cachada, de Boiro, que pasou de 3 profesores de necesidades especiais, de audición e linguaxe e de pedagogía terapéutica, a 1 só especialista. ¡Ah!, pero, sobre unha poboación de aproximadamente 400 nenos, teñen 104 nenos con necesidades especiais. ¿Como é posible que, incrementando o número de nenos con necesidades especiais, se suprima profesorado? Claro. E dilles: non se preocupen, que vai haber reforzos. Claro, os reforzos van vir non por profesores especialistas, senón que van vir precisamente polo profesorado ao apoio do programa.

E despois hai outro exemplo. Onte saía na prensa unha situación do centro Cernadas de Castro, en Lousame; alí hai 3 rapaces con necesidades especiais moi intensas, 2 autistas e outro que ten unha enfermidade rara. Ben, pois curiosamente a consellería decidiu suprimir 1 especialista de audición e linguaxe e suprimir 1 coidador, deixando só 1 para os 3 rapaces. Por suposto, non cumpren a *ratio*. Pero as *ratios* non se poden aplicar de forma fría e de forma rixida. ¿Por que? Porque hai que ir á situación persoal de cada un dos rapaces. ¿Como pode ser 1 só coidador para 3 rapaces que están en distintos cursos de primaria e que necesitan unha intervención decidida? Así, a nai onte na prensa dicía que se lle cambiara radicalmente e de forma inxusta a súa vida, e iso é consecuencia da decisión. A consellería di: «axustarase aos recursos», pero a realidade é que os recursos estaban; no curso pasado había ese especialista en audición e linguaxe e había eses 2 coidadores; a consellería tomou a decisión de quitalos. ¿Por que? Porque sinxelamente non cumpría a *ratio* de 6 nenos con necesidades especiais. ¿Como pode ser que un sistema educativo que quere ser equitativo non pode ter en conta a singularidade de determinadas casos e adoptar medidas extraordinarias ás situacións extraordinarias?

Polo tanto, iso é do que se teñen que preocupar os responsables do sistema educativo se realmente queren facer un sistema realmente equitativo, que defenda a todos e a todas. Por certo, esa familia, esa nai ten 3 fillos, 1 con necesidades especiais e outros 2 —digamos— sen necesidades especiais; pero, se ten que trasladar o seu fillo con necesidades especiais dese centro —o único, por certo, nese concello— no que pode estar escolarizado a outro a outra localidade, vai levar os 3 fillos e, polo tanto, vai haber unha redución do número de alumnos no rural.

Polo tanto, esas son as decisións que ten que tomar a consellería, e ten que tomalas analizando caso a caso. ¿Non ten feito unha diagnose do sistema? ¿Non coñece perfectamente as necesidades do sistema? Se é así, ¿como non están xa nos centros os profesionais de apoio? ¿Como hai que esperar a que o centro faga un estudo e faga un informe sobre as necesidades



de reforzo? Se a consellería ten todos os datos. ¿Por que non fixo unha planificación e por que esa planificación non significa que desde principios de setembro eses profesores estean? E, sobre todo, os centros, as direccións dos centros, xa contan con eses profesores, e sobre todo con esas unidades que tampouco se lles comentou...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ABALDE ALONSO: ...para poder facer a planificación adecuada do centro.

Nada máis. E sinto non ter podido establecer unha —digamos— intervención máis ampla porque a súa intervención dá para moito, para máis dunha, por certo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

A verdade é que, despois de escoitar a súa intervención, señor Rodríguez, hai unha frase de Michael Jackson que di: «as mentiras corren carreiras curtas, pero a verdade corre maratóns». Ben, imos intentar demostralo.

Neste verán vostedes, señor conselleiro, xunto co señor Rueda, foron quen de incluír case a diario nos xornais pois publicidade propagandística —hai que chamala así— con forma de novidades educativas, dende axudas ás familias, plans educativos, incorporacións de docentes mediante oposición —como se non ocuparan xa antes unha praza—, profesorado de apoio complementario, aplicación do acordo cos sindicatos, etc. Pero, detrás de toda esta publicidade enganosa, atopamos unha realidade ben diferente; ben diferente porque, ben, como nunca antes, as ANPA, o profesorado, as federacións e as direccións dos centros están a denunciar e a convocar accións para visualizar os recortes aplicados nos centros educativos, a falta de financiamento para obras, a falta de recursos, a falta de reformas e recursos educativos, a redución de profesorado e a necesidade de incorporar persoal especialista, sobre todo nos equipos de orientación, pero que sexan de xeito estable, algo que é de suma importancia para este alumnado.

Mentres a consellería alardea de ter dotado os centros educativos de material electrónico, dixital e tecnolóxico, pois permite que haxa alumnado que non teña destreza lectora ou matemática por falta dos apoios precisos a través dese profesorado ou especialistas que tanto nos fan falta. Mentres di que aumentan as unidades da totalidade dos centros galegos —perdón, tan só 2 unidades, non vaian pensar—, no verán xa tiña pechado 6 centros educativos no ámbito rural: en Bergantiños, Baiona, Muros, 2 en Vilagarcía e Beariz, e numerosas unidades tamén noutros centros. De feito, o Consello Económico e Social este verán alertou de que este



gobierno nestes quince anos pechou nada máis nin nada menos que o 52 por cento das escolas de infantil; e, por certo, o 90 por cento delas son públicas. Precisamente, se estas escolas estivesen dotadas dos servizos de conciliación precisos, terían garantida a súa matrícula e serviría tamén para asentar a poboación nesas pequenas vilas e parroquias.

Pero as súas políticas son outras, os seus intereses son outros, porque, mentres se pechan centros na pública, aumentan, iso si, o número de aulas concertadas, ata preto na actualidade de 4.000, con 81.000 alumnos, case a metade do alumnado que temos en toda Galiza.

Nas cidades galegas, os centros privados que imparten ciclos formativos son a maioría, en tanto que o alumnado das comarcas máis rurais sofren unha discriminación por razón de orixe, xa que nas súas vilas non se amplía a oferta formativa de ciclos e tampouco dispoñen de transporte público para poder estudar en centros doutras vilas ou cidades de referencia.

A aplicación da modificación da Lei de formación profesional precisamente abre as portas á privatización. O conselleiro hoxe anuncia o primeiro Plan de modernización do ensino galego, ben, á parte da prensa destes días. Recoñece, pois, o atraso que sufriu ata o de agora, menos mal, despois de levaren gobernando quince anos e Román Rodríguez, como conselleiro, nove anos. Así que este ano o curso comeza cheo de rebaixas, pero non son rebaixas para as familias, son rebaixas para o ensino público. Isto é o mundo ao revés.

Pero, se queremos entrar no detalle de todo este despropósito, pois podemos analizar varias cuestións. Por exemplo, en primeiro lugar, a situación das instalacións nas escolas públicas. A maioría das escolas e institutos contan con máis de cincuenta anos —vostede mesmo recoñeceuno— e na maioría destas non se fixo polo seu Goberno ningunha obra de eficiencia enerxética, de actualización do seu interior —que poden ser baños, a instalación eléctrica, a fontanería— ou que se garanta a seguridade do alumnado ou a súa accesibilidade. Así o demostran os inmensos dosieres que teñen enriba da súa mesa os catro delegados territoriais, elaborados polas distintas federacións, confederacións ou ANPA e tamén polas propias direccións dos centros educativos. Ano a ano medra ese número de follas que contén o dosier. E é que durante quince anos que leva a gobernar o Partido Popular na Xunta non asumiu ningunha das súas competencias e agora as actuacións evidentemente son urxentes; tan urxentes que se ven abocados a pedir a axuda do Estado para que saque unha liña de subvención para poder optar a fondos doutras administracións. O caso é tirar balóns fóra e non asumir as súas responsabilidades.

Ben que foron avisados dende o BNG no debate dos orzamentos da Xunta de Galicia deste 2024, onde figuraba unha cantidade ridícula na partida para obras e melloras dos centros educativos galegos. Presentamos daquela numerosas emendas para remediar esta cuestión. ¿E vostedes que fixeron? Pois votar en contra de todas; non asumiron absolutamente ningunha. Pois deberían explicar precisamente hoxe por que.

En segundo lugar, podemos falar dos servizos de conciliación. Servizos como o comedor escolar ou a aula matinal. Son fundamentais para consolidar a matrícula nos centros educativos. Entendo que por iso non as implementan, porque se o que lles interesa a vostedes é pechar os centros, evidentemente, señor Rodríguez, mellor non ter nas escolas rurais nin



comedor nin aulas matinais. Moitos destes servizos, de feito, son asumidos polas ANPA ou incluso polos concellos, producindo tamén así unha discriminación para as familias en comparación cos centros que son xestionados pola Xunta de Galiza. E vostedes atrasan ano tras ano o seu compromiso de asumir este servizo de conciliación básico para as familias.

A situación da implementación das aulas matinais aínda é peor, xa que vostedes nin sequera recoñecen este servizo como que sexa educativo, din que é de conciliación. Eu non o vexo así e creo que as familias tampouco, porque se fai dentro das aulas e forma parte dunha formación complementaria con obxectivos educativos en todas elas. Deste xeito, queda á vontade crealo, tanto por parte das ANPA como dos concellos.

O terceiro punto que podemos analizar sería a necesidade de profesorado e de especialistas. Os centros educativos precisan un cadro de docentes que cubra as necesidades horarias da escola e a atención necesaria tamén para o alumnado, sobre todo aqueles nenos e nenas máis vulnerables que teñen necesidades específicas de apoio educativo. E agora, coa aplicación precisamente do acordo cos sindicatos de outubro do ano pasado, a situación debería ser a contraria, xa que coa baixada de *ratios* debería estar desdobrando esas aulas e necesitado tamén ampliar a plantilla de profesorado. Pero iso non acontece. Os sindicatos asinantes, de feito, están ameazando con levar aos tribunais a non aplicación do cen por cento do acordo sobre as *ratios*, a baixada do número de horas lectivas para os mestres, tamén, e que o alumnado NEAE conte por dúas prazas ou tres prazas dependendo do seu grao de discapacidade. Vostedes están a incumprir todas estas cuestións con base nunha aplicación progresiva que non está recollida precisamente nese documento. Vostedes, de feito, tomaronlles o pelo ás persoas que asinaron o acordo.

Mentres o Partido Popular na Xunta diminúe precisamente ese profesorado estable das súas plantillas nos centros educativos, o conselleiro de Educación, o señor Román, anuncia a bombo e platillo o pasado luns da semana pasada que contratarán catrocentos profesores para reforzo do plan Mega de mellora educativa; que, por certo, serán pagados con fondos estatais e europeos e contratados de xeito provisional soamente por catro anos. Os centros, así, terán que competir para poder dispoñer dun profesor de apoio para o alumnado que máis o precisa, que neste momento encima teñen que dispoñer dun trinta por cento dese alumnado, entre eles tamén os nenos e nenas migrantes.

Señor conselleiro, están a desoír as peticións reiteradas da necesidade de reforzar os equipos de orientación, que debería ser onde estean eses profesores e eses especialistas de xeito estable. Xa vai un número de anos importantes que debería estar isto feito. Di agora que haberá catrocentos profesores máis cando os centros levan solicitando este tipo de profesorado desde hai moitos anos. A súa insensibilidade non ten límites de cara a esta situación.

E, por último, podemos tamén analizar a situación das familias neste comezo do curso escolar, que moitas delas levan todo o verán sen coñecer cal sería o destino nun centro educativo para os seus fillos e fillas, porque non tiñan ningunha praza asignada, aínda que sexa nun centro de referencia do seu domicilio. Como non queren aumentar precisamente o número de docentes, en vez de esperar a realizar toda a matrícula e despois facer a repartición polo número de unidades, o que están limitando é precisamente o número de



alumnado nos centros ou mesmo forzando as *ratios* das aulas onde hai problemas de ubicación para este alumnado nos outros centros, non contando tampouco o alumnado NEAE ou o repetidor —como dicía— como dúas prazas, ou tres, no caso dunha gran discapacidade. Isto está a prexudicar moitísimas familias que a estas alturas non puideron organizar a súa vida laboral coa familiar e tiveron no aire tamén a compra de libros e material escolar, á espera de que se lles asigne centro.

Por outra banda, tamén deben cambiar o sistema de axudas ás familias, que máis parece unha cuestión caritativa que un dereito constitucional á gratuidade de libros e material para todo o alumnado e en todas as etapas educativas obrigatorias. Amplíen o fondo de libros —eses que din ter nos centros na actualidade— e pasen ao préstamo universal para beneficiar todo o alumnado e todas as familias, igual que fan precisamente coas matrículas —que vostede nomeou— das universidades ou ao igual que fan para as escolas infantís. Aí non hai baremo de ningún tipo, entran todos. Pois aquí igual. ¿Por que non pode ser igual? Así deixará precisamente de discriminar ese trinta por cento de familias que non teñen ningunha axuda ou de prexudicar aquelas familias que si se lles dá axuda, pero que non lles alcanza ese cheque escolar de 160 ou 240 euros para acadar o lote completo de libros.

Así que nun momento onde a Xunta de Galiza acaba de retirar os bonos sociais térmicos, onde volve repuntar o prezo da electricidade, onde se recupera o IVE de alimentos básicos e os alugueiros subiron un once por cento, señor conselleiro...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...debería deixar o seu Goberno de tirarse flores. Deixen de mentir descaradamente e miren cara a cara ás familias, que neste comezo de curso están a pasar por unha situación ben difícil.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Suárez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, permítanme que saúde un grupo de mozos e mozas betanceiros que hoxe quixeron acompañarnos. Benvidos ao Parlamento de Galicia.

Despois, xa entrando en debate, pois nada sorprendente. A mesma canción con distinta música; iso é o que acabamos de escoitar por parte da oposición neste Parlamento. Gustaríame incidir e reiterar algúns dos datos que xa recolleu o conselleiro. Porque ao final os datos son os que valen e son os que matan eses relatos tan reiterados que vimos escoitando día a día nesta Cámara.



O fracaso escolar: no ano 2009, un 26 por cento; hoxe, un 9 por cento. Os resultados en PISA: no 2009, por debaixo da media da OCDE en matemáticas e comprensión lectora; hoxe estamos por riba da media da OCDE e tamén da media española en todos os parámetros. Somos líderes en ciencia e pensamento creativo. Tamén somos unha comunidade autónoma máis inclusiva.

E agora falemos da equidade. Eu sei que este dato os vai molestar especialmente. Non é a primeira vez que a voceira do BNG di que non son válidos os informes PISA, ese informe de carácter internacional no que participan 81 países do mundo. Si, si, si que o dixo; díxoo e non só unha vez. Pero, claro, tamén levan dicindo moitas outras cousas ano tras ano. Tamén din que se privatiza o ensino en Galicia e logo resulta que Galicia está á cabeza de España en equidade. Esa é a realidade: vostedes din moitas cousas, pero non son certas, son mentiras. (*Aplausos.*) ¿Ou non levan dicindo quince anos que se privatiza o ensino en Galicia? ¿É cousa igual desta señora que agora está falando? Non. Vostedes saben perfectamente que é o que fan día tras día e ano tras ano.

¿E como estamos na Formación Profesional? Xa o dixo o señor conselleiro. Melloramos en todos os parámetros absolutamente, pero se melloramos nalgún en concreto foi na inserción laboral. No 2009 había un trinta por cento de inserción laboral e hoxe estamos no 85 por cento e practicamente no cen por cento na Formación Profesional de carácter dual. (*Aplausos.*)

Señorías, estes son só algúns dos exemplos dos resultados do que son as políticas axeitadas no momento axeitado e son os resultados das políticas que funcionan. Pero tamén melloramos en máis cousas. Tamén melloramos en transparencia e puntualidade. Aquí está o conselleiro de Educación, ao que, por suposto, dende o Grupo Parlamentario Popular lle agradecemos que un ano máis acuda a esta Cámara con puntualidade e con transparencia para dar conta de cal é a situación do ensino en Galicia. Moitas grazas, señor conselleiro.

¿E que ocorre? Que isto é xusto o contrario que cando gobernaba o Bipartito. Este Goberno si podemos dicir que é un exemplo de transparencia. Aquí está o señor conselleiro o día antes de que inicie o curso escolar para dar conta de cal é a situación do ensino en Galicia. Pero, claro, a oposición leva quince anos repetindo os mesmos slogans; quince anos tropezando na mesma pedra. Pero eu teño que dicirlles unha cousa: se xa hai quince anos non representaban o sentir dos galegos, moito menos agora, moitísimo menos.

Isto está á vista de todos. Os resultados na educación galega son mellores hoxe do que foron no 2009, que é un ano importante, porque nos permite comparar dúas maneiras ben diferentes de xestionar. Os resultados en Galicia melloraron e continúan mellorando. E isto durante quince anos, señorías, non pode ser froito da casualidade. Sabemos que vostedes non o van recoñecer, que non o poden recoñecer, pero a educación galega funciona. É un exemplo de como hai que xestionar as políticas públicas.

Ben, pois como dicía o conselleiro mañá iníciase o curso escolar e queremos desexarlles a todos os rapaces e rapazas galegos unha boa volta ás aulas. Sabemos que é un momento importante de encontrarse cos amigos e as amigas despois do verán, cos compañeiros; e para algúns tamén



iniciar esa etapa escolar. Eu aínda recordo cando empecei a miña etapa escolar cunha mestura de ilusión, de nervios e de tensión. E, polo tanto, o que queremos facer dende o Grupo Parlamentario Popular é desexarlles un bo inicio de curso. Pero tamén queremos desexarlle un bo arranque de curso escolar a todo o persoal, tanto ao docente como ao non docente e aos equipos directivos de todos e cada un dos centros educativos de Galicia, con ese inxente esforzo e compromiso que teñen, que tiveron e que confirmamos que terán coa educación galega.

Estamos seguros de que un ano máis está todo preparado para o arranque do curso, porque esa tamén é unha marca especial deste Goberno. Xa o dixo o señor conselleiro, pero penso que é importante destacalo. A Xunta de Galicia, esta Xunta de Galicia, a Xunta da Galicia do Partido Popular, organiza todos e cada un dos recursos para que cada curso escolar estea listo: o profesorado, as aulas, tamén a renovación das instalacións educativas, o transporte, o comedor etcétera.

Pero isto non sempre foi así. E non foi así porque —voulles ler unha noticia do *Faro de Vigo*, do 19 de setembro do ano 2008 —repito: 19 de setembro do ano 2008—, que di: «*Los sindicatos denuncian que el curso de ESO comienza con 250 plazas de profesores menos. Los sindicatos critican que la plantilla de cerca del 25 por ciento de los institutos gallegos está todavía por cerrar, y la causa de este retraso es, según fuentes, la descoordinación entre Educación, delegaciones provinciales y la Inspección educativa.*» Iso non o di o Partido Popular, díxoo o *Faro de Vigo*, segundo fontes, o 19 de setembro do ano 2008.

¿Isto que significa? Descoordinación, improvisación. Ese era o seu modelo, ese era o modelo do Bipartito, e agora usan a educación —ou pretenden usala— para facer política, por certo, política da mala, da pésima política.

Levan dende maio dicindo que non se van cumprir as medidas de mellora que a Xunta está implementando, que van faltar recursos —insisto: dende o mes de maio—, case medio ano antes do inicio do curso. E iso dino vostedes, que non eran capaces de que o curso arrancase en setembro con total normalidade. (*Aplausos.*)

Unha vez máis, vou facer referencia á voceira do Bloque Nacionalista Galego, cando o 21 de agosto afirmou que o novo ano académico terá menos profesorado. Isto está publicado, non o inventa a persoa que está a falar, díxoo vostede, e aínda ten a posibilidade de rectificar, porque este ano vai haber máis profesorado que nunca, como acaba de adiantar o conselleiro, máis profesores, a pesar da caída do alumnado. Pero tamén é certo que estamos acostumados á súa maneira de actuar; aproveitan un caso concreto entre un millón para facer moito ruído, e tamén son especialistas en poñer a venda antes que a ferida.

Pero, miren, dende o Grupo Parlamentario Popular apoiamos todas e cada unha das medidas de mellora que se están implementando e que se están cumprindo, que é o importante. Creemos que realmente responden tanto ás necesidades de Galicia e dos galegos como aos cambios que debe afrontar a educación nos próximos vinte e cinco anos. Unhas medidas que, en parte —como avanzou o conselleiro—, nacen do acordo sindical que se está cumprindo. Os propios sindicatos asinantes recoñecen que está tendo efectos moi positivos, como salvar 900 aulas en tres anos.



E hai pouco tamén a portavoz do BNG falaba de rebaixas. Agora xa non son recortes, son rebaixas. E teño que darlle a razón; é verdade, por unha vez voulle dar a razón, xa que neste ano rebaixamos o número de alumnos por aula e así se seguirá facendo para dar mellor atención a todo o alumnado.

E, señor Abalde, vostedes en Madrid estiveron ás voltas coa LOMLOE, pero non modificaron as *ratios*, pero en Galicia si, e por iso en Galicia estamos unha vez máis por diante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que estamos nunha nova lexislatura, nunha nova etapa, pero as críticas son as de sempre, as músicas das trompetas de Jericó son as de sempre, sopran e sopran, tocan e tocan e desafinan e desafinan, porque a verdade é que oír falar do mesmo constantemente: recortes, empeoramento do ensino, que se perde calidade no ensino, privatización, falta de diálogo, é a música desafinada, a música desafinada de sempre.

Estamos, señorías, ante o curso que ten unha maior batería de novidades nos últimos trinta anos; creo que iso é absolutamente indiscutible. Plantexamos unha serie de reformas moi significativas a nivel estrutural, e tamén a nivel programático, para facer fronte a unha nova realidade que temos encima da mesa (demográfica, social, laboral, tecnolóxica). E vostedes seguen un pouco na súa, na súa música tradicional, como se non cambiara nada, como se os desafíos do futuro non existiran, como se tiveramos que estar absolutamente inmóbiles.

E, unha vez máis, os seus discursos —aquí céntrome nos discursos fundamentalmente do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista— pois están cheos do de sempre: moi pouca coherencia, falta de credibilidade e falta de obxectividade, críticas que se contradín absolutamente cos datos presentados incluso hoxe nesta comparecencia, unha carencia de reflexión sobre cal é o futuro do noso ensino, que é o mesmo que dicir cal é o futuro de Galicia, e argumentos que en ocasións vostedes plantexan que contradín datos oficiais, non datos da Xunta, non datos do Partido Popular, datos do propio Ministerio de Educación ou datos de organismos como a OCDE.

Ben, intentan instalarse nunha especie de negacionismo respecto ao modelo educativo de Galicia e crear unha realidade paralela. Certamente pois é o que escoitei hoxe aquí e certamente é o que vou intentar rebater neste turno de réplica.

Fareino primeiramente facendo unha resposta particular a algunha das cuestións que dixeron os portavoces e, na segunda parte da miña réplica, unha vez máis, poñendo encima da mesa datos obxectivos que pensamos que colocan cada discurso no seu lugar.



E comezo polo señor Ojea. Agradezo a súa xenerosidade, lástima que non poida ser posible. Vostede é un representante de Ourense. Ourense existe. Segundo vostede plantexa, fanse moitas cousas en Ourense, sen ir máis lonxe o Centro Barreiros, que podería estar en calquera sitio, pero aí houbo unha implicación tamén da Deputación de Ourense para facelo. E creo que iso é un fito para a cidade, para a provincia e por extensión para Galicia.

Ourense vostede concordará comigo en que ten un gran problema demográfico, creo que non digo nada novo, ese é quizais o gran problema estrutural que ten a cidade e a provincia de Ourense. E o acordo que plantexei aquí e as medidas que se plantexaron aquí impactan de xeito directo no conxunto da provincia de Ourense, dende a aldea máis pequena ata a cidade.

Moitas desas 200, máis de 200 aulas que rescatamos co acordo son precisamente en Ourense. É obvio que a distribución territorial da poboación na súa provincia non é homoxénea, a poboación non está distribuída como se fora un taboleiro de xadrez, tende a haber zonas cunha gran despoboación, lamentablemente, e tende a haber zonas onde se concentra a poboación, nas periferias das cidades; aí estamos traballando en ampliacións, ampliacións moi importantes. Ou estamos pensando tamén na posibilidade da avaliación, a medio prazo ou a curto prazo, de poñer en marcha novos centros, porque temos que adecualos aos servizos e ás necesidades, neste caso da poboación escolar.

Vostede di unha cousa á que eu lle vou contestar. Falou dos apoios dende a perspectiva de melloras e intervencións arquitectónica nos edificios. Na aplicación do Plan de nova arquitectura pedagóxica fixemos 628 intervencións en centros educativos ourensáns, máis de 40 millóns de euros; creo que é un número tremendamente significativo para a provincia de Ourense. (*Aplausos.*)

E permítame que non comparta o pesimismo respecto ao campus de Ourense. Aí hai dúas das carreiras, das ofertas universitarias máis singulares de Galicia e máis exitosas de Galicia, dentro da Universidade de Vigo; por unha parte, a Intelixencia Artificial, que é un grao compartido interuniversitario coas tres, pero teñen Aeronáutica, e aquí teñen moitas posibilidades, acabamos de acreditar. Hai moi pouco, o Campus Auga; iso abre unha serie de oportunidades para o campus moi importante. Temos que traballar para converter o Campus Auga, o campus da cidade de Ourense, nun motor que impacte positivamente no seu contorno a nivel de estruturas produtivas, a nivel de empresas, a nivel, en definitiva, de mellorar a súa situación.

Respecto aos plantexamentos que fixo o señor Abalde, eu creo —sempre o teño dito e o repito en moitas ocasións— que se ten feito moito en educación, moitísimo nos últimos anos. Creo que, sinceramente, a maior parte son avances positivos. Púidose ter erros, pero tamén dicimos sempre que queda moito por facer, tense feito moito, pero queda moito que facer. Nós temos unha visión sempre proactiva, intentando ver cal é a dinámica social, cal é a dinámica das estruturas produtivas, cal é a dinámica das necesidades que imos atopar no futuro, para ir adecuando o sistema educativo a eses desafíos, a esas respostas, e é certo, iso non se pode negar.

Acábao de dicir a portavoz do Partido Popular: todos os inicios de curso hai un desafío organizativo. Pero compare o que pasaba na época do Bipartito, co Partido Socialista en Edu-



cación, e o que pasa hoxe, tendo vostedes, segundo sempre dicían, moitos máis recursos; é unha realidade ben comparable e que realmente non os deixa en moi bo lugar.

Pregunta vostede por que se elixen uns centros e non outros. Aí voulle dicir a realidade. A realidade é que son criterios basicamente en función das prioridades, que fixan as unidades técnicas, que son as que coñecen a realidade; pode estar absolutamente seguro de que o conselleiro non di: fagas isto, fagas aquilo, porque non teño o coñecemento do estado arquitectónico dos edificios. Son as unidades técnicas, que dunha perspectiva profesional o fan.

E tamén me estraña que o Partido Socialista non apoiase nesta Cámara unha PNL que demandaba a posta en marcha dun plan estatal para mellorar as infraestruturas educativas. E, sobre todo, estrañame porque isto é unha petición da inmensa maioría das comunidades autónomas en conferencia sectorial, incluídas as dos partidos socialistas, que temos todos unha situación moi parecida. E, sobre todo, tamén me estraña cando parece ser que estes anos imos nadar —se se me permite a expresión— na abundancia económica grazas á xenerosidade e á xestión fantástica dos fondos europeos que fai o Goberno Sánchez.

Eu recordo unha ministra que dixo nun medio de comunicación: «*nos va a salir el dinero por las orejas*». Pois ben, dese diñeiro que lle vai saír ao Partido Socialista polas orellas, ¡home!, destinen algo á mellora a nivel estatal dos centros educativos, que boa falta nos fai, porque as comunidades autónomas estamos facendo un notabilísimo esforzo para poder facelo. (Aplausos.)

E tamén hai unha cuestión na que tamén incide a portavoz do Bloque Nacionalista Galega, respecto á gratuidade dos libros de texto. Creo que este é un dos debates máis clásicos e tradicionais nesta Cámara, e fixa dúas posturas políticas diferentes: unha, a do Partido Popular, de axudar a quen máis o precisa; o 70 por cento da poboación con menos recursos son as persoas que reciben axuda por parte da Xunta de Galicia para poder mercar, acceder a libros de texto gratuítos. A do Partido Socialista e a do Bloque non é esa; é —digamos— unha visión universal absoluta para todos, sen facer ningún tipo de discriminación en base á renda. É como aquilo que dicía aquel Napoleón, aquel cerdo Napoleón, de «*todos los animales son iguales, pero unos son más iguales que otros*». Para vostedes non hai que facer ningún tipo de axuste con base na renda para un servizo complementario que se presta. É a súa filosofía, e eu respéctoa. Pensamos que están equivocados, e tamén o pensan os galegos, porque, obviamente, é algo que en todos os procesos electorais se ve, obviamente nesta e noutras moitas máis medidas.

Pero o que é certo é que este sistema axuda as familias que máis o precisan, porque un papel que ten a Administración pública, que ten o Estado, é un papel de redistribución de rendas, ben, algo que tamén se lle esqueceu ao Partido Socialista co cupo catalán, tamén se lle está esquecendo ao Partido Socialista co cupo catalán. Pero ese papel de redistribución de rendas é básico e é fundamental para ter unha maior igualdade social. Se nós non priorizamos aquelas familias en función da renda, igual que se fai fiscalmente, nunca lograremos reducir as diferenzas económicas e familiares de base. Non ten sentido plantexar unha axuda deste tipo sen ter en conta a renda, e iso é algo que temos moi claro, e non se pode intentar confundir.



É que vostedes nos libros de texto fan unha diferenza por renda e no ámbito da matrícula gratuíta ou noutros ámbitos, en escola infantil, non o fan, porque son dous conceptos absolutamente diferentes. Unha cuestión é garantir o acceso ao servizo educativo, onde Galicia —como xa dixen e repito— é a única comunidade autónoma na que un neno ou unha nena pode entrar en infantil e estar todo o seu ciclo educativo dentro dun sistema educativo público que educa en calidade, en equidade, sen facer ningún tipo de desembolso por parte da súa familia. Esa é unha cuestión. Despois, obviamente, hai aspectos colaterais —digamos— ao cerne do sistema educativo, nos cales as familias teñen —temos, pois eu tamén son pai— que facer fronte a desembolsos económicos en calquera ámbito: en infantil, en primaria, en secundaria, en bacharelato, en formación profesional ou na universidade.

E aí é onde nós plantexamos que haxa unha equidistribución con base nos recursos da familia; cousa que vostedes non, e intentan buscar unha —digamos— contradición que non existe porque unha cuestión —insisto e repito— é o acceso ao servizo absolutamente gratuito, dende o inicio ata o remate, e outra é aqueles complementos económicos que son precisos para desenvolverse dentro dun sistema educativo —como acabamos de ver—, dende os libros, materiais etcétera, etcétera; e aí é onde nós plantexamos un nivel de apoio con base na renda. Iso creo que é algo que se ten debatido en miles de ocasións. Obviamente é a súa postura, e nós temos outra diferente; e iso é o bo da política, é dicir, que haxa posturas diferentes sobre un mesmo tema. E iso é o que teñen que ver, e ven de feito, os cidadáns.

En canto á dotación de profesorado, tamén se falou aquí por parte de ambos os portavoces. Eu creo que o dato está encima da mesa: é o maior da historia. ¿Podería haber máis? Seguramente. ¿Podía haber menos? Tamén, pero é o maior dato da nosa historia. Temos (*Aplausos.*) o maior número de profesores da nosa historia. (*Aplausos.*) E vostedes insisten en que hai recortes. Iso é como ir á procesión e tocar a campá: ou hai recortes ou hai o maior número de profesores da historia; as dúas cousas á vez é moi difícil, ¿eh? —moi, moi difícil—. E, por suposto, a dotación de profesorado non se fai de xeito arbitrario. Hai uns criterios obxectivos que posibilitan, precisamente, que se organice un curso e que se organice tanta cantidade de recursos dun xeito obxectivo.

E outra cuestión, que tamén foi citada aquí por parte de ambos os portavoces, ten que ver co modelo equitativo, dende a perspectiva educativa, de que presume Galicia. ¿Que se pode mellorar? Por suposto, é innegable que se pode mellorar. Agora, tan mal ou tan malos non debemos ser cando o Ministerio e o informe Pisa din que o ensino galego é o máis equitativo de España. (*Aplausos.*) Iso é algo que non inventa o conselleiro, que non inventa este Goberno, que non inventa este grupo; iso é algo que está nos documentos do Ministerio. (*Aplausos.*)

E non só xa o é, senón que o queremos mellorar; queremos seguir mellorando porque —cremos— é básico e fundamental axudar aqueles alumnos que máis o precisan e evitar, dalgún xeito, non ter a capacidade de dar unha aprendizaxe personalizada a aqueles alumnos que máis o precisan; e por iso está esta medida que puxemos en marcha, con base no acordo sindical, de baremar os alumnos en función do seu nivel de discapacidade, por dous ou por tres. É unha mellora —creo— tremendamente substancial. ¿Que haberá algún floco que haxa que corrixir? Por suposto, pero é que non o fai ninguén —non o fai ninguén— no conxunto de España. E estou seguro de que algunhas comunidades autónomas o van facer. É unha medida



única en España; unha medida que quere que haxa unha mellor atención aos alumnos con discapacidade; que quere que se poida axudar os alumnos máis vulnerables; e que quere que se intente dar oportunidades a aqueles alumnos que máis o precisan.

E por suposto, en relación co programa Proa —eu nunca o negarei—, é un programa de cooperación; leva sendo de cooperación durante moitos anos. O Proa non é nin bo nin malo porque os fondos sexan estatais, coparticipados pola Comunidade Autónoma ou non. Estivo durante moitísimos anos. O que si é certo é que este ano o anuncio do Ministerio chegou máis tarde, e tivemos que convocar máis tarde as prazas, e vanse incorporar, a finais de setembro ou a principios de outubro, os profesores ás aulas; aproximadamente, en douscentos.

E entrando xa nas cuestións concretas que plantexou a señora Fernández, onde aquí toca a trompeta —refírome á de Jericó, ¿eh?— con grande intensidade —creo—, dixo vostede algunhas perlas que eu recollín. Mire, falou do atraso do sistema educativo —do atraso do sistema educativo— galego. Mire, teorías económicas máis alá de *O atraso económico de Galicia* hainas, ¿eh? Eu entendo que quede nesa teoría de *O atraso económico de Galicia*, pero cos datos que deu o Ministerio, cos datos —xa non digo os datos que deu a Xunta— que deu a OCDE, cos datos que deu o informe Pisa..., dicir que o sistema educativo galego é un atraso..., ¡non me estraña que as murallas non caian, señoría, non me estraña que non caian! (*Aplausos.*)

Pero non só dixo iso. Falou vostede de rebaixas. Imaxínese que rebaixas serían se non incrementásemos o número de profesores respecto dos anteriores anos e non estivésemos no maior número de profesores da nosa historia recente. ¿Que diría vostede? ¡Rebaixas! Dixo vostede que non ampliamos as plantillas —literalmente o dixo—. Acábolle de dar o dato. ¡Bueno!, pode dicir o que queira; por iso a credibilidade está onde está. E dixo vostede que nos interesa pechar os centros. Se acabamos de implementar unha medida tendente, precisamente, a que as unitarias con menos de seis alumnos, é dicir, con cinco alumnos, que teñan a posibilidade futura de medrar con base no censo municipal, as imos manter abertas en contra dos criterios pedagóxicos, que din que ten que haber un número mínimo de seis alumnos. ¡Bueno!, falou de rebaixas.

A min non me gusta tampouco a expresión que utilizou de «caritativa», respecto do 70 por cento das familias que recibe apoio económico para mercar os libros; e díxoo case con desprezo —«caritativa»—, coma se fose unha cousa menor. A caridade non é ningún desprezo a ninguén.

E despois falou vostede de «publicidade enganosa». Aí xa, tocamos óso. «Publicidade enganosa». Díxoo a señora portavoz do Partido Popular. Eu escoitei e lin que os deputados do Bloque Nacionalista Galego dixeran que este ano había recortes de profesorado, e que ía haber moitos menos profesores que noutros cursos. A realidade, señorías, é outra ben distinta.

Eu escoitei e lin hoxe mesmo que Galicia estaba á cola de España en recursos públicos dedicados á educación. Galicia é, xunto con Cantabria, a Comunidade Autónoma que máis recursos por alumno dá ao sistema educativo. (*Aplausos.*) Non quero que se entenda mal, País Vasco e Navarra teñen máis, pero País Vasco e Navarra están aquí, (*O señor Rodríguez González*



fai un xesto coa man indicando un certo nivel.) e despois están Cantabria e Galicia. Entón, son datos que...

Tamén dixo vostede que non hai formación profesional no rural: o maior número de prazas ofertadas na formación profesional no rural foi neste ano. Ao mellor hai menos alumnos, pero é o maior número de prazas ofertadas no medio rural en Galicia nos últimos anos.

E despois, vostede, o cal agradezo —isto si que o agradezo—, porque, tanto o Bloque Nacionalista Galego como —digamos— organizacións que se moven na súa órbita ideolóxica, cando se asinou este acordo, fixeron un ataque feroz contra o mesmo, con todo tipo de cualificativos —algúns moi simpáticos e outros menos simpáticos—, pero atacaron constantemente o acordo sindical. E agora están aquí vostedes defendéndoo. Benvidos, e moitas grazas por facelo.

E falaron de peche de escolas. Obviamente, eu non me podó reprimir a poñer encima da mesa, nesta Cámara, a incoherencia de cada un. Dixeron que desprezamos o rural e dixeron que pechamos escolas, case por ideoloxía —por ideoloxía, case pechamos escolas—, pero, despois, un vai á realidade e verá a evolución nos últimos anos do peche de escolas. E a realidade simplifícase neste gráfico. (*O señor Rodríguez González mostra unha gráfica.*) Miren vostedes, o que está en roxo son os gobernos de esquerda: o Goberno bipartito, do Bloque Nacionalista Galego e do PSOE. ¿Cales son os momentos de maior peche de escolas unitarias en Galicia no século XXI? O seu momento. (*Aplausos.*) ¡Claramente, ¿eh?! Está aquí; esta é a realidade. (*Aplausos.*) Obviamente, vostedes inventan o seu discurso, vostedes crean o seu relato, pero despois a realidade é esta. Por iso mencionei eu o das trompetas de Jericó, que están tremendamente desafinadas.

Fíxense vostedes nestes anos, nos cales a situación demográfica era ben diferente; a situación demográfica era ben diferente nos anos 2005, 2006, 2007, en comparación con hoxe. ¡Dios mío!, ¿que pasaría se estivesen vostedes gobernando? Eu creo que estaría isto así (*O señor Rodríguez González vira o gráfico que sostén na man.*) ou máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estarían, non xa cunha tixeira, senón con 26 motoserras pechando escolas, (*Murmurios.*) porque se o fixeron así en época de bonanza demográfica, (*Aplausos.*) ¿que non farían vostedes en época de crise demográfica? (*Aplausos.*)

E despois, cando se avalía unha política pública —eu creo que aquí o compartimos todos—, hai dúas formas de avaliála —de avaliar unha política pública—. Para que sexa lóxica esa avaliación, debe haber unha certa coherencia e visión conxunta. Nós podemos avaliar unha política pública polos recursos públicos ou polos resultados da aplicación das diferentes medidas nunha política pública. ¡E, claro!, se un vai outra vez máis aos datos, vemos a enorme incoherencia e a realidade paralela que vostedes intentan construír co seu relato.

En relación cos recursos públicos dedicados —xa dei o dato—, en financiamento por estudante, nós demos 8.075 euros, é dicir, somos os terceiros ou cuartos de España, mentres a media de España está en 7.000 euros, por tanto 1.000 euros máis que a media de España en centros educativos —¡fíxese vostede!—. Nós temos centros educativos no 93 por cento dos concellos de Galicia; a media de España está nun 50 por cento. E nós temos que o 99,7 por



cento dos alumnos ten un centro de infantil e primaria no seu territorio municipal; en España están moitos puntos por debaixo.

Simplemente, con ese dato creo que se desmonta todo o que se dixo, é dicir, que non se inviste en educación. E facémolo conscientemente, porque somos conscientes —plenamente conscientes— de que o futuro de Galicia depende do que fagamos hoxe nas nosas aulas; e por iso é necesario apostar, priorizar, potenciar todo o que ten que ver coa educación ou coa formación dos nosos fillos, porque eles van ser os galegos e as galegas de mañá. E por iso facemos o que estamos facendo: o maior investimento por alumno dos maiores investimentos por alumno de España. E iso é algo obxectivo que di o Ministerio —insisto—, non o dicimos nós aquí.

Despois, en canto aos resultados, tendo en conta calquera variable dentro dese modelo de atraso que aquí se definiu, por exemplo, o fracaso escolar. Xa dei os datos antes: Fraga, 22 por cento de fracaso escolar cando deixa o Goberno; cando deixa Touriño o Goberno, case un 27 por cento; hoxe un 9 por cento. ¿Que é máis inxusto socialmente, tanto a nivel individual como a nivel colectivo, para unha persoa, sobre todo nun momento en que a estrutura laboral e as estruturas profesionais demandan unha tecnificación, un desenvolvemento tecnolóxico cada vez máis alto dos profesionais? Pois que un neno ou unha nena saia á rúa sen ningún tipo de preparación ou sen ningún tipo de cualificación porque os enviamos a uns itinerarios vitais francamente complicados.

Fíxense vostedes, á parte de ser o Goberno que máis escolas pechou, foi o Goberno que máis incrementou, no século XXI, o fracaso escolar. ¡Poden estar ben orgullosos! (*Aplausos.*) Non cuestionen vostedes cando se fai unha redución de ata o 9 por cento; e queremos seguir reducindo, e por iso incrementamos o plan FPGal360, que é fundamentalmente un plan de orientación laboral e de orientación educativa para, cando comeceamos a detectar que pode haber un problema de aprendizaxe nos alumnos, ser capaces de coñecer as súas vocacións e orientalos para que poidan formarse na perspectiva profesional e laboral para desempeñar, cunha titulación, un posto laboral nas mellores condicións posibles. E iso é algo que xa aprobamos no seu momento no Consello da Xunta e que queremos desenvolver.

Podía falar de moitísimas máis cuestións. Xa falei da equidade, xa falei da reforma das *ratios* que se está implementando de xeito progresivo, da mellora das estruturas... Partimos dunha das mellores *ratios* de España, pero aínda as imos mellorar máis, e non se pode mellorar dun día para outro, senón que ten que ser de xeito progresivo; temos que evitar romper grupos; temos que evitar que se xere unha desorganización no sistema; temos que facelo dun xeito coherente, planificado, progresivo...

En relación co profesorado —creo—, o dato que se puxo enriba da mesa —digamos—, todo o mal relato pola súa parte, a súa música de Jericó... cae absolutamente. Temos o maior número de profesores da historia. E isto non é só un dato illado, senón que hai que velo no seu conxunto: menos alumnos e máis profesores. A partir de aí, podemos discutir, cuestionar, avaliar e analizar o que se queira, pero esa é unha realidade incuestionable. Despois haberá que ver algúns casos concretos que haberá que axustar. Hoxe mesmo estase traballando nese ámbito, estanse buscando solucións para casos concretos, sempre dentro dos parámetros que regulan a organización do curso educativo.



E o mesmo digo a respecto da atención á diversidade, que xa citei anteriormente.

Estamos, en definitiva, ante un inicio de curso —creo— moi singular nos últimos anos. É o maior proceso de modernización dos últimos anos para un sistema que se caracterizou e se caracteriza por apostar claramente pola calidade, por apostar claramente pola equidade, por apostar claramente pola xeración de igualdade de oportunidades, por brindar apoio ás familias con base nun criterio básico de apoiar máis aquelas familias que máis o precisan, con medidas que están logrando estabilizar nun momento dunha enorme crise demográfica a estrutura territorial e a estrutura laboral no sistema educativo. Repito o dato, máis de ducentas unidades son rescatadas grazas á aplicación deste acordo, e novecentas, aproximadamente, en tres anos. E esta realidade paralela que se intenta crear, ao final, realmente, cando se pon en fronte da realidade, choca se dilúe dun xeito absoluto.

En todo caso, a transformación que estamos implementando neste ano está pensada non para materializarse só neste curso, senón para que se poida manter ao longo do tempo. E, señorías, eu sempre lles pediría un recoñecemento ao traballo que fai a inmensísima parte do profesorado, sexa en primaria, sexa en infantil, sexa en bacharelato ou sexa en calquera nivel educativo.

E isto é o que nos permite ter un bo sistema educativo que atenda á nosa realidade, que parta da nosa realidade, que busque un importantísimo equilibrio entre a excelencia e a equidade, que aposte polo esforzo... É un ensino que quere ser e, de feito, é innovador, e, sobre todo, e o máis importante, que quere facer fronte aos desafíos do futuro, porque, señorías —como dixen anteriormente—, unha gran parte do futuro de Galicia se xoga hoxe nas nosas aulas, e debemos preparar as nosas aulas, e, por extensión, os galegos e as galegas de mañá, para que poidan desenvolverse con maior capacidade de éxito e con maiores oportunidades no futuro.

Iso é o que estamos facendo e iso é o que queremos facer. Sabemos onde estamos; sabemos de onde vimos e sabemos a onde queremos chegar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Sinxelamente, quero agradecer as explicacións do conselleiro. Teríame gustado que entrara moito máis polo miúdo na avaliación das particularidades da provincia de Ourense, en moitos aspectos, pero, en particular, no que o atinxe como conselleiro, que sería o da Educación. E quero incidir na importancia da educación, en xeral, e, en particular, na nosa comunidade.



Quedei pensando. Falou do fracaso escolar e do xeito en que se vai reducindo. Gustaríame pensar que iso non é consecuencia dun descenso do nivel de exixencia, quere dicir, por veces, sobre todo as familias e certos sectores sociais quéixanse dunha baixada do nivel de exixencia escolar no alumnado, o cal vai en contra dos seus propios intereses —como vostede moi ben dixo— e lles pecharía as portas no ámbito laboral, sobre todo nun mundo cada vez máis exixente á hora de requirir os coñecementos en diferentes aspectos. Quere dicir, ese dato do abandono escolar debería ir tamén contrastado dunha valoración técnica en termos pedagóxicos. Non sei con base en que parámetros porque non son un experto niso, pero si sería importante manter tamén o nivel de exixencia do sistema educativo. Se existise un nivel de exixencia comparable á dos períodos anteriores e se producise un decrecemento do abandono escolar, pois si sería un dato positivo. Isto é para engadir algunha reflexión máis.

E, sinxelamente, seguiremos tamén con atención á evolución das xestións da súa Consellería —xa digo—, en especial no caso concreto da provincia de Ourense, no referente ás accións que faga para mellorar o transporte escolar, sobre todo —hai unha moción despois que tamén garda relación co asunto—, o bo estado das instalacións didácticas dos colexios.

Hai outro aspecto que seguramente lle farei trasladar máis veces, e é que, nos concellos, ás veces pensamos que é un abuso da Consellería que se teñan que facer cargo os concellos do bedeis dos colexios. Iso supón un problema e supuxo un problema especialmente durante a pandemia porque os bedeis dos colexios eran persoal municipal e, polo tanto, acollíanse ao convenio regulador e aos protocolos anticovid do Concello, mentres que os profesores e o resto do persoal dos colexios eran persoal da Xunta; e entón esas diferentes normativas aplicadas traían, ás veces, problemas, agravios comparativos etcétera.

E no día a día cotián dos invernos durante a situación da pasada pandemia —esperemos definitivamente— da covid, os concellos tiveron e teñen problemas, ás veces, por ter que asumir as competencias, non soamente as de mantemento, senón tamén as dos bedeis porque están dentro dun sistema laboral do Concello, que, a moitos efectos, a taxa de reposición etcétera, etcétera, que moitas veces, o feito de que desenvolvan o seu labor en dependencias non municipais causa unha serie de problemas. No futuro seguramente demandaremos —e seguramente a maioría dos concellos estaría de acordo con iso— que os bedeis dos colexios de primaria non tivesen que ser funcionarios municipais, senón funcionarios da Xunta de Galicia, unha vez que desenvolven o seu labor nunhas dependencias da Consellería de Educación.

E nada máis.

Espero que se manteña receptivo, na súa condición de conselleiro, ás demandas que todos os parlamentarios, en xeral, lle poidan facer, e ás miñas, en particular. E quero agradecerlle a súa comparecencia de hoxe.

Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, de novo, a todos e a todas.

Conselleiro, procurei facer unha intervención construtiva e sen críticas. Esperaba que a resposta da Consellería fose exactamente a mesma, pero vexo que non foi.

Facer referencia ao Bipartito —xa o dixen varias veces— e pensar que España e que Galicia non cambiaron en quince anos é absolutamente ridículo. Estar comparándonos continuamente cun sistema educativo exactamente diferente, cun sistema educativo cunha estrutura distinta e incluso cunha lei educativa diferente afecta, por exemplo, ao cálculo do indicador do fracaso escolar. Non hai exactamente a mesma consideración de fracaso escolar nas distintas leis educativas, polo tanto, non se pode facer esa comparación. Do que si que se pode facer a comparación —e pídlle que a faga— é da evolución do fracaso escolar nas distintas comunidades autónomas, é dicir, a pendente da curva. E verá que a redución do fracaso escolar en Galicia é exactamente e ten a mesma pendente de redución do fracaso escolar no Estado español; polo tanto, hai que ser rigoroso á hora de poñer en marcha estas cuestións.

Respecto do deseño do Plan de formación profesional, o que dicimos no Partido Socialista e mantemos é que é necesario un novo plan de ciclos formativos; é necesario poñer en marcha aquelas especialidades que os sectores produtivos precisan e non aquelas especialidades que xa estaban instaladas ou que son máis fáciles e máis baratas de manter. E esa é a realidade. ¿Por que? Porque hai sectores produtivos que neste momento non teñen —por certo, aproveito para saudar os estudantes de Betanzos, que están hoxe aquí— man de obra. E diso se ten que preocupar: hai que poñer aquelas especialidades. E alégrome que dixera que se están poñendo en marcha ciclos novidosos. ¡Por suposto!, pero tiña que haber moitos máis; e tiña que haber unha aposta clarísima pola formación profesional dual, como se fai en Galicia e como reforza a nova Lei de formación profesional do Goberno central.

Aquí non se fixo ningunha crítica ao traballo dos profesores nin ao da comunidade educativa —¡por suposto!— porque son, en parte, os que están mantendo —tanto os profesores, como os pais, como os traballadores e as traballadoras da educación— as deficiencias que se supoñen en determinadas estruturas en funcionamento; polo tanto, desde aquí queremos dar o noso apoio e o noso agradecemento.

Eu pediríalle que non fale de rescate de aulas. ¿Como que rescata aulas? ¡Simplemente non toma a decisión de pechalas! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non!, é que non é o mesmo; é unha aplicación rigorosa dunha taxa de reposición sen aplicar criterios sociais ou criterios de demografía, que fai que, como consecuencia, a aplicación —o que digo eu, o programa Excel— do plan Excel, é dicir, do que dá o indicador do Excel, é *a rajatabla*, dunha forma fría e dunha forma absolutamente inflexible. Iso é unha decisión da Consellería, polo tanto, non fale de rescatar aulas, senón, máis ben, de manter, como consecuencia dun acordo coas centrais sindicais, abertas as aulas que, por efecto da demografía —por certo, tamén é responsabilidade do Goberno da Xunta a situación demográfica de Galicia—, suporía unha redución.



E vostede dixo, nalgúns casos, esa expresión de que os fondos europeos lle ían saír ao Partido Socialista polas orellas. ¿Como non? Ou sexa, vaille saír ao Estado español. ¿Como é iso de que vostedes relacionan os fondos europeos cos fondos...? —e dáme igual que o dixese a ministra; é dicir, se unha persoa comete un erro, outro responsable político non debe caer no mesmo—. Polo tanto, os fondos europeos veñen para facer un cambio infraestrutural importante da economía europea. E, polo tanto, tampouco o obxectivo deses fondos é compensar —por iso o Partido Socialista non se opuxo, senón que se abstivo a esa proposición non de lei— o financiamento que ten que ser con presupostos ordinarios, como é o de mantemento das infraestruturas dos centros escolares. E, polo tanto, por iso non o apoiamos. Os fondos europeos chegaron á Xunta de Galicia para a rehabilitación de edificios públicos. ¿Onde están? Gastounos a Xunta noutros edificios que non eran os centros escolares.

E, por último, quero facer un comentario sobre o tema da renda. ¡Claro!, vostede utiliza criterios políticos de diferenza, pero cos libros de texto di que hai que axudar as familias que teñen —digamos— unha renda económica por baixo do setenta por cento —¡ah!—, pero nas matrículas universitarias vostedes van financiar as rendas do setenta por cento máis alto porque o trinta por cento máis baixo xa ten a matrícula gratuíta como consecuencia das bolsas do Ministerio de Madrid; e non o dicimos nós, como Partido Socialista, estano dicindo os profesores, estano dicindo os centros educativos e estano dicindo as asociacións e as federacións das ANPA. Estase producindo unha aplicación do acordo non adecuada: nin as taxas que estaban nese acordo comprometidas, nin a temporalización da implantación dese acordo e moito menos na distribución do profesorado.

E vostede dixo que quere un sistema educativo equitativo —¡claro!— e inclusivo. E eu precisamente o que quero é que sexa equitativo e inclusivo; e polo tanto, reclamamos que o profesorado de necesidades especiais non se reduza, cando no centro se está incrementando o número de alumnos con necesidades especiais. Iso é o que pedimos e iso é o que non está a suceder.

Espero que o tome como unha crítica absolutamente construtiva para a mellora. E, polo tanto, estas apocalipses de Jericó deixámolas para outro momento. A Biblia está moi ben para outras cousas e non para o Parlamento cando estamos falando do sistema educativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, señora Vázquez, non vou entrar ao trapo porque ou ben son ocorrencias ou simplemente non estivo atenta para nada.

Ben, con respecto ao discurso do señor conselleiro, estivo practicando o estilo de Milei, e tampouco vou entrar ao trapo, porque hoxe precisamente do que se trata aquí é de traer e de dar voz, tanto aos centros educativos como ás distintas familias. E vou empezar, por exemplo, coa prensa, porque eles, máis que ningún de nós, saberán da súa situación: (*A se-*



ñora Fernández Davila le sucesivamente diferentes recortes de prensa.) «Los colegios de San Cibrao, Taboadela e Vilariño de Conso, en la cuerda floja. Los alcaldes afirman que el riesgo de cierre no es por la escasez de niños, sino por la falta de servicios y de escuelas de primaria». «La Xunta demanda al Gobierno central un plan estatal de infraestructuras educativas. Demandan un plan nacional de infraestructuras educativas que permita la adaptación de espacios en los colegios e institutos. Son muy necesarios debido a la antigüedad del parque inmobiliario y de su volumen, con más de 1.000 edificios que es necesario modernizar y adaptar». —Bueno, por fin, aquí o recoñecen—.

No CEIP Mosteiro de Caaveiro, na Capela: «Se supera la ratio establecida para el aula, por lo que dos niños quedan fuera del centro, sin matrícula». Protesta do IES de Poio: «Denuncian la falta de fondos para el Ciclo de Guía de Medio Natural». Tanto este centro como o IES Terra de Turonio en Gondomar, o IES de Porto do Son, o IES Pintor Colmeiro de Silleda... ¡Bueno!, ao final, en vez de 300.000 euros, como comprometeu a directora xeral de FP, acadaron 13.900 e 6.000 euros. Pero aínda por riba hai que escoitar o que di o delegado territorial, que recomenda ao novo equipo directivo que impulse convenios coas entidades privadas para afrontar «el coste del Ciclo de Guía del Medio Natural». ¡Hai que telos ben postos, vaia! (Aplausos.)

No CEIP Vales Villamarín de Betanzos: «Precisan obras de eficiencia enerxética e especialistas en orientación». (Aplausos.) No IES Francisco Aguiar de Betanzos: «Reforma integral». (A señora Fernández Davila diríxese á tribuna de persoas convidadas.) —saúdo, de paso, o alumnado de Betanzos—.

No CEIP Barrié de la Maza, en Santa Comba: «Eficiencia enerxética e ampliación dos espazos, e máis a calefacción, que tampouco teñen». No IES Otero Pedraio existe «Alumnado sen praza dos centros de referencia». No CEIP A Solaina, en Narón: «Obras de eficiencia e actualización dos espazos». O CEIP Guláns, o de Oliveira tamén e o de Mondariz-Balneario, na comarca do Condado-A Paradanta: «Carecen de ximnasio». No CEIP As Veigas, en Pontearreas: «Obras de eficiencia enerxética, actualización e máis accesibilidade». No CPI de Atios, en Valdoviño: «Problemas de prazas». No CEIP Celso Emilio Ferreiro, en Cerceda: «Precisan especialistas de AL». No CEIP de Luínta, en Nogueira de Ramuín: «Filtracións que sufría o depósito de gasóleo orixinario, eivas do sistema eléctrico e un cambio da cuberta e das súas canalizacións». No CEIP Ben-Cho-Shey de Pereiro de Aguiar: «Tanto as aulas de infantil como de primaria sobrepasan os vinte alumnos e non se desdobran. Non teñen espazo para dispoñer de máis aulas e non existe a posibilidade de continuar o ensino obrigatorio nese concello».

Nos concellos de San Cibrao das Viñas e de Taboadela: «Peche dalgúns centros e risco de que aconteza con outros. É preciso mellorar a atención dos servizos e prestacións educativas, precisamente para ter máis alumnado». Como antes lle dicía: «Ausencia de escola de primaria, tanto nese concello como no de Taboadela». No CPI da Caniza: «Solicitan máis medios e contar cunha aula de educación infantil que supera a ratio permitida por aula, e, para iso necesitan un novo profesor». Na comarca de Xinzo: «Nenos con necesidades educativas especiais que requiren recursos para a súa atención, servizos de conciliación, unha maior rapidez para nomear persoal docente ou a diminución da burocracia». No CEIP Carlos Casares, en concreto: «Piden un ascensor que está sen instalar e hai falta de persoal na coíña». No IES Lagoa de Antela: «Desperfectos estruturais na pasarela que une os edificios, cubertas en mal estado e solicitan tamén máis profesorado de PT e de AL».



Hai falta de profesores de apoio nos centros de Rianxo. No CEP Xosé María Brea Segade de Taragoña: «Necesitan un profesor de apoio para o desdoblamento da aula de terceiro de primaria a tempo completo, tamén de audición e linguaxe e de pedagogía terapéutica». Chamaron a todas as portas posibles sen que nin sequera se conseguise a resposta. O día 11, que é mañá, os pais non levarán os seus fillos ao colexio, como medida de presión.

Teño aquí un escrito á valedora do pobo, que envía a ANPA do CPI Castro Baxoi de Miño, no cal se di: «Varias aulas están entre 27 e 28 alumnos, cunha *ratio* establecida de 30, pero entre eles hai moitos alumnos con necesidades educativas especiais, o que supón un 35 por cento do alumnado. Hai menos profesorado no corpo docente, impedindo a impartición de distintas materias e sen horas na biblioteca»; e teñen moitas máis peticións.

Protesta en Cee polos recortes no colexio: «A ANPA quere que se cumpran as *ratios* asignadas para a educación. Hai recortes no centro, e fan unha protesta polo incumprimento das *ratios* designadas pola Consellería de Educación. Hai aulas con 22 e 25 alumnos, pero tamén con moitos estudantes con necesidades educativas. A redución de horas lectivas que se fai ao profesorado non compensa con máis profesionais, o cal afecta as apoios educativos e ás gardas».

No CPI Cernadas de Castro, en Lousame: «Non deron especialista de audición e linguaxe, e afecta case corenta alumnos do seu centro». Teño aquí un escrito tamén do IES A Cachada, en Boiro, en relación coa atención educativa do alumnado NEAE: «Solicitan a asignación urxente dun docente especialista en pedagogía terapéutica».

Bueno, está claro que iso sería a voz de todos, e moitas máis follas que teño aquí, (*A señora Fernández Davila mostra unha serie de papeis.*) e que non podo lelas porque acabo de ver que se me acaba o tempo. Síntoo moitísimo e pido desculpas por non chegar a dar voz a todos os centros que nos pasaron as súas necesidades.

E o que quero transmitirilles no día de hoxe é que a sensibilidade é nula, pois soamente se basean en datos e non no feito de asumir...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...realmente as necesidades dos centros educativos, sobre todo destes rapaces e rapazas que necesitan tanta atención; así que penso que non cren na educación pública nin na calidade do ensino, así llo digo. Deben escoitar máis as familias.

E quero rematar (*A señora Fernández Davila vírase cara á señora presidenta.*) —perdoe, pero soamente é un segundo, que é moi breve— cun escrito que manda unha nai, en concreto do Colexio Vales Villamarín, de Betanzos, que di: «*Me llamo María —por pórllle un nome— y soy la madre de un niño con diagnóstico de TEA, grado 3. Este año, desafortunadamente, me enteré de que quitaron la PT del cole infantil. Mi hijo va a repetir...*»

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando. Lamento moito o contido, pero pásase un minuto do seu tempo.



A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...en infantil y por lo que veo no tendrá el apoyo necesario, porque no hay personal suficiente para dar atención a los niños con necesidades especiales y para ayudar en su desarrollo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: *Allí sólo pasan el tiempo y van a perderlo».*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra novamente dona Cecilia Vázquez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

É —insisto— a mesma canción con distinta música, señora voceira do Bloque Nacionalista Galego. Eu podo ter ocorrencias, o que non fago nunca é mentir como mente vostede *(Aplausos.)* e como segue mentindo día tras día con respecto á situación da educación de Galicia. *(Aplausos.)* Sempre coa mesma matraca: quince anos privatizando o ensino e menos profesorado. Pois aí están os datos, esa é a realidade. Esas poden ser para vostede ocorrencias, para nós son mentiras; e son mentiras porque temos datos que así o din.

Señor Abalde, antes esquecín aclararlle unha situación. Falou de 70 millóns de euros para a formación profesional; eses 70 millóns de euros son para emprego, para cursos para desempregados. Polo tanto, invítoos a que lle faciliten ben os datos, os datos correctos. Estamos na Cámara, e non é oportuno dar datos erróneos.

Sempre andan coa mesma cantilena, cando este Goberno, a Xunta de Galicia, está a poñer en marcha todas as medidas para evitar o peche de centros. Este ano —xa o adiantou o conselleiro—, por primeira vez, mantéñense abertas catro escolas con cinco alumnos e cunha previsión de crecemento.

E si, señor Abalde, temos que falar do Bipartito, porque unha cousa é falar da educación e outra cousa é falar da xestión, que é o que nós estamos comparando, é dicir, a xestión da educación no Bipartito coa xestión actual. Vostedes en menos de catro anos pecharon 103 colexios, é dicir, unha media de 20 colexios cada ano, chegando a 28 no ano 2006, cando non había o problema demográfico que existe hoxe.

Pero a realidade é outra. Este novo curso escolar estamos diante dun Goberno que se enfrenta á realidade con responsabilidade. Así o fixo na pandemia; así o fixo tamén diante da improvisación do Goberno central, cando aprobou leis educativas que non serviron para resolver ningún problema. O único que fixeron foi crear problemas a todas e cada unha das comunidades autónomas, incluíndo a nosa, Galicia. E todos tivemos que pagar as improvisacións



do señor Sánchez e do Partido Socialista, por exemplo, cando decidiron cambiar a lei educativa e obrigáronnos a xubilar os libros e manuais antes de tempo. Esa broma custou ao bolsillo de todos os galegos e galegas 25 millóns de euros adicionais. Ese é o resultado das improvisacións das políticas do Partido Socialista. Por iso nós non podemos permitir que se diga que a Xunta de Galicia non apoia as familias; este Goberno está apoiando máis que nunca as persoas para asegurar a igualdade de oportunidades. Xa o dixo o conselleiro: 100 millóns de euros adicionais cada ano.

E agora tamén temos a matrícula universitaria gratuíta, dende primeiro ata que rematen a carreira, pero non é un «café para todos», sempre que o alumnado se esforce e que vaia aprobando; os prezos dos comedores están conxelados; existe un sistema solidario de libros de texto que axuda sete de cada dez alumnos; o transporte escolar é gratuíta. Son algunhas das moitas medidas que se levan implementando.

Por certo, señor Abalde, creo recordar que o seu amado líder, Pedro Sánchez, prometeu a gratuidade dos libros dentro do seu pacto con Sumar. E, mire, olvidei o reloxio, pero o reloxio continúa avanzando e estamos agardando. Esperemos que non pase o mesmo que con eses 500 millóns de euros que prometeu para a comprensión lectora e para matemáticas, que quedaron en 5 millóns de euros para a nosa comunidade. *(Aplausos.)*

Cando menos, chama a atención que os que non eran capaces de organizar un curso escolar, os que levaron ao 26 por cento dos galegos ao fracaso escolar, os que pecharon máis escolas, veñan cuestionar a educación de hoxe. Parécenos realmente sorprendente. Pero, miren, o tempo dá e quita razóns e hoxe en Galicia o que temos é un ensino do cal nos sentimos plenamente orgullosos. E os resultados, por moito que lles pese, son os mellores da nosa historia.

E aí están os datos e tamén están os datos que nos dá a maioría dos galegos. A maioría dos galegos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: ...—remato, señora presidenta— non quere o modelo do «non» a Galicia; quere o modelo do «si» a Galicia, do «si» ás políticas do Partido Popular de Galicia.

E remato dándolles un consello coa máxima humildade se o queren coller. Menos Sánchez e máis Galicia e menos Maduro e máis Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Duplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.



Señor Ojea, eu fun dezaseis anos concelleiro e comparto parte das súas preocupacións, pero o cumprimento da lei ou o cumprimento das obrigas propias, das competencias propias, non é ningún abuso da Xunta. A competencia, á cal vostede facía referencia, está claramente marcada nunha lexislación orgánica e é a competencia do Concello. É así, podería ser outra, pero é a que existe, co cal non se pode cualificar de abuso. Se un concello que cumpre coa súa responsabilidade é un abuso, ¿que fai cando fai algo que non ten nada que ver —digamos— coas competencias que lle fixa a lei e que lle fixa o Estado de dereito?

Iso é a lei orgánica, non é outra cousa. E podería estar de acordo con vostede porque —insisto— eu teño tamén un alma municipalista, polos dezaseis anos que fun concelleiro, pero non se pode cualificar de abuso o que vostede plantexou.

Señor Abalde, a Biblia é unha lectura moi interesante, máis alá das crenzas relixiosas de cadaquén. Eu creo que é unha lectura tremendamente interesante.

E eu podo entender que non lle guste a comparación co Bipartito. Creo que se puxo aquí de manifesto poñendo datos. Eu entendo que non lle guste certas cuestións que poñen encima da mesa as realidades da xestión de ambos os períodos.

O que si é un pouco máis cuestionable é a defensa que fai aquí da xestión dos fondos europeos. Quen dixo «*el dinero nos va a salir por las orejas*» foi a ministra Isabel Rodríguez nunha entrevista nun medio de comunicación galego. «*El dinero nos va a salir por las orejas*», e era case todo un mérito de Sánchez. Eu recordo aquela imaxe de Sánchez chegando da Unión Europea, rodeado da súa garda de corps, cuns aplausos fantásticos e, ¿cantas veces escoitamos moitos membros do Partido Socialista dicir: «*esto lo paga Sánchez*»?; (*Murmurios.*) ¿cantas veces? Polo tanto, se non queren facer un plan para axudar a rehabilitar unha plantilla de edificios no conxunto de España, tan amplo, pois non o fagan, pero, polo menos, sexan conscientes de que nun contexto de «*dinero por las orejas*» se negan a facelo, porque, se non, é moi difícil de explicar todo isto.

E, señora Fernández, vostede comezou forte a súa réplica, ao estilo Milei; comezou con moita forza. Non vexo a señora Fernández. (*O señor Rodríguez González busca no hemiciclo a señora Fernández Davila e, cando a encontra, sinalaa coa man.*) —¡ai, perdón! Non a vía; estaba mirando para ese oco que hai aí no medio—. Comezou con moita forza a súa réplica, ao estilo Milei. Xa se dixo aquí, a vostede débelle gustar máis Maduro, sen dúbida, porque, en todo isto de dicir cousas que non son verdade ou de intentar construír novos relatos... iso da «*Navidad en octubre*» é nivel *top*. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Que lástima que esa «*Navidad en octubre*» obrigue un opositor a exiliarse en España. E vostedes din que é un Goberno democrático e lexítimo. ¡Bueno!, esa é a súa forma de ver a vida e terán que apandar con ela, e terán que dicirlles aos galegos —¡moitos galegos!— que hai en Venezuela, precisamente, o que vostede está dicindo.

E mire, eu tamén lle podería referir os 2.700 proxectos de obras que se fixeron nos centros galegos. Entendo que, aínda que teño tempo ilimitado, o presidente ou a presidenta me chamaría a atención, pero podería referir aquí 2.700 proxectos de investimentos, de reformas, de melloras... que fixemos nos centros educativos; e tamén lle podería mencionar os dous-



centos profesionais que, a través do plan Promociona, se incorporan mañá aos centros educativos, precisamente para traballar no ámbito das necesidades educativas especiais e para axustar as *ratios*; ou lle podería mencionar tamén, dentro duns días, os máis de douscentos profesionais orientados aos alumnos máis vulnerables que se van tamén destinar aos centros educativos do conxunto do país.

E estou seguro de que moitísimas das referencias que vostede dixo aquí quedarían en papel mollado —estou absolutamente seguro—, pero tamén é certo que non quero abusar da prerrogativa que me dá o Regulamento para falar o tempo que queira —que creo que xa falo bastante—. En todo caso, é un recurso —digamos— que queda coxo, porque —insisto— todos poderíamos facer absolutamente o mesmo e, sobre todo, dentro duns días, todo o que vostede dixo ou unha parte moi significativa do que vostede dixo se vai diluír no ambiente.

En todo caso, señorías, estamos a presentar a folla de ruta que vai fixar —queirámolo ou non— os próximos 20 ou 25 anos na educación galega. É unha folla de ruta que non se improvisa; é unha folla de ruta que nace da experiencia de todos os anos pasados, que nace do compromiso coa mellora continua e que procura o acordo e o diálogo. Queremos preparar o noso modelo educativo para facer fronte aos retos e aos desafíos que están por vir, mantendo sempre o sinal de identidade do noso sistema educativo, é dicir, a calidade, a equidade e a xeración de oportunidades.

E, cando un escoita de xeito reiterativo e constante, nesta Cámara, mencionar precisamente aqueles indicadores en que somos referencia no conxunto de España e negar sistemáticamente estes datos, que son datos —insisto— provenientes ou ben do Ministerio ou ben de organismos internacionais, só se pode pensar que hai unha intención maniquea de intentar enganar os cidadáns. Efectivamente, os cidadáns non lles fan o caso que vostedes quixerían que lles fixesen; é dicir, as súas trompetas —insisto— desafinan e non logran os seus obxectivos.

A nosa responsabilidade é traballar, dende a educación, para o futuro de Galicia —como son estes mozos e mozas de Betanzos que están aquí escoitándonos, aos cales tamén saúdo afectuosamente—. Quero dicir que nós queremos construír, e estámolo facendo, o futuro de Galicia dende o ensino, cunha reforma educativa estrutural e organizativa que, sen dúbida, é a maior dos últimos anos, e que responde en grandísima parte aos acordos que asinamos cos sindicatos en outubro do ano pasado. Imos reducir progresivamente as *ratios* en todas as aulas do sistema —xa o estamos facendo—. E isto é progresivo ao longo do tempo. Imos mellorar, sen dúbida ningunha, a atención á diversidade; xa temos unha moi boa atención e seguiremolo facendo. E imos fortalecer a carreira profesional docente.

¡E si, si!, rescatáronse máis de duascenas aulas; impediuse que estivesen en risco duascenas aulas. Pódese utilizar semanticamente o que se queira, pero, se non se aplicase este acordo, hoxe teríamos duascenas unidades menos con base nos criterios organizativos que toda administración ten que ter porque, se unha administración —como a Administración educativa— non ten uns criterios obxectivos, razoables e que permitan xerar unha igualdade de oportunidades no conxunto de territorios, isto sería unha selva; sería imposible, absolutamente imposible organizar o sistema.



A caída demográfica está aí; oxalá non estivese, pero existe, e todos os anos, nun acumulado dos últimos anos, perdemos alumnos no sistema educativo, fundamentalmente en infantil e primaria. Podemos pechar os ollos; podemos dicir que non pasa nada ou podemos actuar en consecuencia para minimizar o seu impacto. E iso é o que estamos facendo. E —insisto— pese á caída de alumnos —pese á caída de alumnos—, temos o maior número de profesores que houbo nunca na historia recente de Galicia. E ese é un dato absolutamente obxectivo; ese é un dato xeral. Despois teremos que ir avaliando caso por caso, polo concreto, algunha protesta e algunha reivindicación, pero non se pode negar en ningún momento o esforzo ou —como vos tedes din— a sensibilidade que existe no Goberno de ter o mellor sistema educativo posible para dar as maiores oportunidades en igualdade aos nosos alumnos, aos galegos e ás galegas que están hoxe no sistema educativo e que van ser os galegos e as galegas de mañá. *(Aplausos.)*

E queremos —como dicía— adaptarnos ao futuro; queremos poñer en marcha os plans necesarios para facer fronte aos grandes desafíos do futuro, por exemplo, a chegada, cada vez máis forte, de alumnos estranxeiros ou procedentes do retorno. Podemos pechar os ollos ou podemos facer un plan para favorecer a súa integración. Este caso concreto é un dos programas e da liña de acción do plan Mega; e queremos tamén —con moitos outros exemplos— seguir traballando na renovación dos edificios. Xa dixen, poderíalles dar aquí os 2.700 proxectos en que traballamos nos últimos catro anos; e queremos tamén que a nosa formación profesional sirva para facer fronte aos desafíos laborais do futuro e tamén para reducir o fracaso escolar, porque a economía, xa non só do futuro, senón tamén presente, necesita dunha maior tecnificación, dunha maior cualificación, dunha maior profesionalización. E aí é onde queremos actuar para formar, dende o ámbito da formación profesional, os profesionais de mañá. E precisamente este plan FPGalicia360 o que busca, basicamente, a través da orientación, é orientar aqueles alumnos con dificultades educativas —polo que sexa— para que elixan un camiño que lles permita formarse como profesionais e desenvolverse plenamente na súa vida. Tamén construímos o futuro, sen dúbida, apoiando as familias, coa idea básica de apoiar máis aquelas familias que máis o precisan, para que o papel do Estado, como un elemento redistribuidor de rendas que diminúa as diferenzas económicas e sociais de base, teña realmente sentido.

En definitiva, este non é un curso máis; é unha nova oportunidade para seguir traballando no futuro e para seguir mellorándoo —como xa dixen en varias ocasións—. Fixemos moito, pero queda moito por facer.

Temos un sistema educativo que mellorou moitísimo nos últimos anos. Definilo como un atraso é un insulto aos profesionais do ensino. E cómpre dicir que unha sociedade avanzada, democrática e libre, como a galega, quere, sen dúbida, mellorar o seu futuro. E por iso non acaba de comprar aquelas notas desafinadas que, precisamente, están intentando facer mella nun dos servizos públicos máis importantes que se presta ás persoas, nun servizo público prestado polas comunidades autónomas e que, no caso galego, ten uns principios moi claros coñecidos: potenciar a cultura do esforzo, potenciar a innovación, potenciar a atención á diversidade, dotar de competencias e de destrezas ao alumnado.

En definitiva, queremos traballar en todos os ámbitos, e os resultados finais poñen sobre a mesa a boa liña que está tendo o servizo educativo galego, grazas ao traballo dos profesio-



nais; queremos seguir traballando —como xa digo— nos principais elementos que garanten a calidade, que garanten a equidade e que garanten a igualdade de oportunidades para todos os alumnos e, por extensión, para todos os galegos.

Moitas grazas a todos vostedes. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos co apartado de mocións, é dicir, o referido na orde do día no punto 4.1, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Paulo Ríos Santomé.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda, a número 10.755, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Carlos López Font.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir no texto da parte resolutiva un novo punto 5, co seguinte texto:

«5. Elaborar un plan urxente de “Planificación dos servizos públicos de transporte” para dar resposta ás necesidades de mobilidade, especialmente no rural, e dar conta del aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): E, para defender a moción, ten a palabra, por tempo de oito minutos, don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Boa tarde xa, señorías.

No anterior pleno traíamos unha interpelación ao conselleiro, neste caso falando sobre os retos a que se ía enfrontar o transporte público por estrada durante a época do verán, aínda que non só, xa que como acabamos de relatar no anterior pleno, existen moitas problemáticas que no verán o que se fan é agudizar. E vimos, fora dalgún reforzo puntual, sobre todo a areas, a zonas turísticas, a festas, e a eventos doutro tipo, como as liñas regulares neste país, sobre todo as que empezan nas cidades —estamos falando, por exemplo, da que ten que ver coa liña Ferrol-Coruña, coa súa conexión con Santiago, tamén con Vigo, con Pon-



tevedra, e tamén da conexión que fai Vigo-Ourense— que os reforzos non foron, cando menos, suficientes. Houbo falta de prazas, novamente atrasos e tamén incumprimentos de horarios. É unha situación que, lonxe de mellorar con eses reforzos que o conselleiro nos referiu no anterior pleno, vimos como non foron ao cen por cento efectivos, nin moito menos.

Hai unha cuestión —que tamén se vén repetindo e que agora tamén aproveito nestes primeiros días de principio de curso académico ou de curso escolar— que acaba de comentar a miña compañeira, a señora Fernández, antes da comparecencia do señor conselleiro, que é a dificultade enorme de compatibilizar ou de aunar o transporte público e a asistencia, sobre todo, a ciclos de FP no rural e tamén, en moitos casos, de bacharelato, onde, efectivamente, a vía de transporte público cae nunha discriminación por orixe, xa que os alumnos e as alumnas que queiran cursar ciclos formativos ou bacharelatos, que non teñen na súa vila, e que teñan que desprazarse a outras vilas, ven, como na gran maioría dos casos, nin os horarios se acomodan aos comezos e ás saídas das aulas, e vemos que moitas veces non teñen alternativa ao non estar recollido ni garantido o transporte escolar nas ensinanzas postobrigatorias —cousa que levamos nós defendendo moitos, moitos anos—.

E no transporte público por estrada tamén no rural, loxicamente —como dicíamos, e un pouco vai tamén na liña da emenda que presenta o Partido Socialista, que xa agora confirmo que imos aceptar—, vemos como, realmente, fora de cuestións puntuais, non se levaron a cabo reforzos de calado. Vemos como persiste unha situación totalmente dantesca para a xente, por exemplo, de Sada coa súa conexión na Coruña, cunhas lanzadeiras que, ao final, fan atrasar máis de media hora, corenta ou corenta e cinco minutos, a súa chegada á Coruña por un transbordo que é totalmente ineficiente e que a Xunta de Galiza volveu tocar durante o verán e volveu non solucionar o problema que afrontan estas persoas; e, sobre todo, tamén na volta da Coruña, van cuns autobuses completamente cheos, sen praza xa dende a parada de Entrexardíns. Realmente é unha situación moi complicada, que está dando moitos problemas aos usuarios e ás usuarias do transporte público, e coa cal vemos que a Xunta non acaba de actuar.

E a verdade é que é unha constante. Se xa me coñecen algo, levamos moitos anos traendo esta cuestión aquí, defendendo exactamente o mesmo, e, desgraciadamente, temos que seguilo facendo porque os problemas que ten o transporte público neste país son totalmente estruturais e son, sobre todo, de modelo. Chámese Eulen, chámese Ence, chámese Monbus, Altri ou Universal Support, o PP na Xunta de Galiza o que fai é poñer os cartos dos galegos e das galegas nos petos das empresas amigas do Partido Popular. E é moi triste que nun servizo tan fundamental, como é o do transporte público por estrada, toda a política do Partido Popular se centre en beneficiar unhas poucas ou incluso unha grande empresa.

E a verdade é que hoxe na moción que traemos a Pleno pedimos tres cousas bastante sinxelas. E eu entendo que o Partido Popular, despois de telo escoitado estes últimos meses ou este último mes en moitas declaracións, as vai aceptar sen ningún tipo de problema, porque o que traemos hoxe dende o BNG é o respecto e o cumprimento da legalidade vixente, o respecto á democracia e a transparencia que ten que ter un Goberno.



Falamos de que se cumpran e de que se controlen, como ten que ser, os contratos no servizo público de transporte; falamos de que entreguen a documentación a que temos dereito a acceder os deputados e as deputadas membros desta Cámara, porque, se non o fan... —e aquí teño uns cantos artigos (*O señor Ríos Santomé mostra uns documentos.*) 9, deses que se cumpren todos—.

E o curioso é que vemos como quen reparte carnés de que é democracia, de que non é democracia, como quen reparte carnés de quen ten que ensinar documentos ou de quen non ten que facelo, se nega sistematicamente (*Aplausos.*) —¡sistematicamente!— a dar información sobre a súa actividade. (*Aplausos.*) E iso non é só unha falta de respecto cara a min, como deputado ou deputada, ou cara a calquera outro deputado ou deputada, que solicita información a esta Cámara por parte do Goberno galego, senón que é unha falta de respecto á propia institución, é unha falta de respecto ao pobo galego e, sobre todo, é un comportamento totalmente antidemocrático e opaco. Se queren ser defensores e defensoras da lexitimidade, da legalidade e da transparencia, empecen por facelo vostedes, e, por iso supoño que hoxe non terán ningún tipo de problema, ademais, para poder aprobar esta cuestión.

O que si é que, quizais, os artigos 9 que eu presentei para que a Dirección Xeral de Mobilidade me dese a documentación que eu pido, ao mellor, non lla presentei a quen lla tiña que presentar, porque, se vemos o que nos deixou un dos últimos consellos da Xunta, é dicir, o dismantelamento, a privatización, a externalización total da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galiza en favor dunha empresa consultora, ao mellor, os artigos 9 para a Dirección Xeral teño que mandarlos aí á consultora; ao mellor así funcionan, e teño a información. (*Aplausos.*)

Porque vostedes abdicaron, por completo, das súas responsabilidades no deseño, no control e na execución dos contratos de transporte público. E iso, ao mellor, ten que ver co funcionamento da Dirección Xeral ultimamente. Falamos nos últimos tempos desas dilixencias previas abertas contra o exdirector xeral de Mobilidade que, curiosamente, hai moi pouquiño tempo, a Audiencia Provincial revocou a sentenza que sobresía esas dilixencias previas. Volvemos, outra vez, ao proceso de dilixencias previas abertas contra o exdirector xeral de Mobilidade. Entón, supoño que xa directamente decidiron desprenderse da Dirección Xeral de Mobilidade, legar todo a unha empresa e facer que, ao final, coma sempre, o raposo coide das galiñas unha vez máis.

O triste —o triste— é que con todo o que hai que facer co transporte público deste país, en canto a buscar solucións e alternativas feitas á medida para situacións concretas, tanto no rural como noutro tipo de conexións, como a intermodalidade, que é unha asignatura totalmente pendente deste Goberno, como que haxa realmente unha conexión —unha interconexión— real entre os diferentes modos de transporte... —con todo o que queda por facer—, vemos que vostedes prefiren seguir deixando o transporte público en mans das empresas amigas, e o seu plan de transporte e a súa política de transporte público non caen xa de madura, senón que caen de podre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Carlos López Font porque emendara; por iso alteramos a orde.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Como queira que entramos no apartado de mocións, espero que non falemos de Maduro e que o PP poida esperar a mañá para falar de Maduro.

A transparencia non é un trazo que caracterice o Goberno da Xunta de Galicia. De forma permanente, ampárase —e demostrouse esta mañá— na súa maioría parlamentaria para rexeitar comisións de investigación e aquelas outras cuestións importantes que os grupos da oposición aquí solicitan.

Os socialistas respectamos e practicamos a transparencia, e tamén a practicamos no Concello de Vigo, entregando a información que se solicita, porque onte o que se votaba no Concello de Vigo era o respecto á xustiza, a un procedemento que está na xustiza, e, polo tanto, era o PP o que pretendía intervir nese procedemento; (*Aplausos.*) polo tanto, os socialistas si votamos e si practicamos a transparencia.

Que a transparencia non é un trazo, como dicía da Xunta de Galicia, isto é en xeral e, desde logo, en particular, a respecto do tema que toca debater. Xa foi exposto por este Grupo Socialista, no anterior período de sesións, todo o relativo ao transporte público, á forma de actuar do Goberno da Xunta e á necesidade —que é o que hoxe plantexamos— dunha nova planificación, ao noso entender. Todo isto o referiamos de forma reiterada, amparándonos nun informe do Consello de Contas que claramente sinalaba a mala organización do servizo de transporte público en Galicia. Sen que supuxese ningunha sorpresa, a secuencia de intervencións da directora xeral, do Grupo do PP e do propio conselleiro foron reinterpretando o Informe do Consello de Contas, dando respostas sobre paradas, sobre ampliación de servizos etcétera, nun contexto de triunfalismo e de satisfacción plena polo realizado, como se o lóxico sería que non fixesen nada. Iso si, todo aderezado con críticas aos servizos daqueles concellos de grandes cidades onde non goberna o PP. Todo é moi previsible, lamentablemente, pero está na liña do Goberno galego e do Grupo Parlamentario do PP.

A propósito, o Goberno galego debería acordarse dos concellos na elaboración dos orzamentos da Xunta e incrementar o Fondo de cooperación local, que está conxelado, nin máis nin menos, na cantidade en que o deixou o Goberno do presidente Touriño. ¡Si!, xa sei que se incrementa o fondo adicional, coñecido como o «fondo do PP» porque discrecionalmente sempre acaba nos concellos gobernados polo PP, pero o Fondo que se distribúe en condicións de igualdade está conxelado desde o ano 2009. Veremos, nos orzamentos que proximamente se presentarán, a intención do Goberno de Rueda.



Exixir transparencia ao Goberno galego en materia de transporte público é remontarnos á orixe. Na elaboración do Plan de transporte de Galicia, este grupo xa advertiu, na pasada lexislatura, que a Xunta se reservaba un poder discrecional para introducir criterios políticos. Tamén apuntabamos que non era un plan consensuado e que non daba respostas ás necesidades de mobilidade, sobre todo, efectivamente, no ámbito rural.

O Goberno da Xunta debe velar polo cumprimento dos contratos que actualmente se atopan en vigor; é a súa obrigaón, e sería a garantía de que as ofertas que foron seleccionadas e se converteron en contratos se cumpran. O Consello de Contas xa advertía que a Xunta non exercía as súas competencias de control nos contratos asinados, chegando mesmo, en determinadas datas e anos, a consentir que non se procedese ao ingreso do canon por parte das concesionarias.

Tamén expuxeramos aquí a irregularidade que supoñía que aos procedementos de infracción abertos non se lles impoñían as penalidades que correspondían. Sería bo coñecer este aspecto en todo o seu detalle, como se reclama hoxe.

Denunciamos aquí a falta de planificación estratéxica do Goberno galego, sobre a cal tamén apuntaba o Consello de Contas que non daba resposta ás necesidades e que se reflectía nas moitas queixas dos usuarios, que se seguen mantendo no día de hoxe por motivos moi parecidos no conxunto de todo o ámbito concesionario.

Todo o prognosticado no seu momento polos socialistas foise cumprindo, porque non é, nin sequera, o que diga o noso grupo, senón que o importante é a opinión e a valoración que fan os usuarios do servizo e as queixas que se manteñen —como dicía anteriormente—, que son constantes, sendo os representantes do PP os únicos que parecen non decatarse da situación.

Seguimos reivindicando no noso grupo a necesidade de corrección inmediata na actuación do Goberno da Xunta na ordenación do transporte público en Galicia. O Consello de Contas manifestaba que o Goberno galego non exixía o cumprimento das condicións contractuais das empresas e que non adoptaba medidas para actuar na coordinación necesaria. É certo, é un problema estrutural.

A esta moción, coa cal estamos de acordo —por expoñelo xa en termos similares—, no Grupo Socialista entendemos que se pode engadir o seguinte paso, que é a exixencia ao Goberno galego de rectificar, que debe concretarse en medidas concretas na elaboración dun plan urxente de planificación dos servizos públicos de transporte. Por este motivo, presentamos unha emenda de adición, que agradecemos que sexa recollida, solicitando a elaboración dese documento que, desde a experiencia acumulada, poida dar respostas ás necesidades actuais e rectificar os erros cometidos.

Nas súas respostas, o Goberno da Xunta e o Grupo Popular sempre din que todo é mellorable, mostrando esa cara amable de propósito de emenda, e —entendo— tamén de recoñecemento dos erros cometidos, pois no relativo aos servizos públicos de transporte, como hai moito que mellorar —e iso é o que demandan os galegos e as galegas que utilizan este ser-



vizo público—, bo sería que esta moción tamén instase o Goberno da Xunta a comprometerse para mellorar, mediante un plan de actuación, e dar conta do mesmo, como corresponde, aos grupos deste Parlamento.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidencia.

Tratarei de ser breve. Vou facer unha valoración rápida, o máis breve posible, sobre os puntos concretos que plantexa a moción.

O primeiro é «facer cumprir con rigorosidade os contratos en vigor do servizo público de transporte de Galicia, con base nos pregos técnicos e administrativos e nas ofertas gañadoras nos concursos». Obviamente, non se pode votar que non a isto porque está pedindo que se cumpran os contratos, que é a obrigaón dos cargos públicos, en xeral. Está pedindo que se cumpra a lei; o contrario é prevaricar. Xa sabemos que esta clase de cometidos corresponde aos servizos técnicos de seguimento do contrato, pero ante a máis mínima incidencia desta natureza, loxicamente, hai que facer cumprir; os contratos fanse para cumprirse, ¿non?, e para facelos cumprir por parte de quen corresponda.

Despois, «Trasladar aos grupos con representación no Parlamento de Galicia a relación de expedientes sancionadores a estas empresas e a resolución dos mesmos, indicando o motivo da sanción». Isto sería sinxelamente unha cuestión de transparencia, e habería que ver se esas sancións serían por motivos de situacións conxunturais ou concretas, ou cabería incluso a posibilidade —que xa se deu noutras ocasións— de incumprimentos sistemáticos porque —xa se sabe— moitas veces a esta clase de empresas lles resulta rendible incumprir e pagar a sanción correspondente, o cal é unha deficiencia na redacción dos contratos, e podería ser un *feed-back* para melloralos no futuro; ou se fosen casos concretos cunha explicación, loxicamente, con esa información pódese traballar.

O terceiro punto, «Trasladar aos grupos a relación de reforzos no transporte público». Loxicamente, estes reforzos adoitan ser cuestións que se saen das previsións iniciais do contrato; serían o equivalente aos modificados das obras. E, loxicamente, os procesos de contratación adoitan ser moi rigorosos, como as licitacións etcétera, pero logo nos modificados sempre se afrouxa un pouquiño o control; entón, esta clase de reforzos tamén estaría ben coñecelos para ver se sucede que as empresas aproveitan estes reforzos —digamos— para eludir a dureza dos controis iniciais das concesións.

Logo, «Trasladar aos grupos a relación de incidentes acaecidos». ¡Bueno!, pois o mesmo que dicía antes, é dicir, se eses incidentes son por motivos conxunturais explicables ou se son síntoma dalgunha deficiencia estrutural no servizo. E todo isto, en xeral, á parte de contribuír para resolver os problemas concretos que xurdan con base nestes pregos, tamén



poden contribuír para facer aportacións encamiñadas a mellorar no futuro os futuros pregos que se poidan facer coa concesionaria do servizo e que eviten os problemas —xa digo— conxunturais, estruturais, intencionados ou malintencionados que poidan saír de aquí. Polo tanto, despréndese, loxicamente, que apoiaremos a moción.

Loxicamente —como dicía antes—, haberá que ter —antes de dicir que o servizo é malo, antes de dicir que... etcétera, etcétera— esa información para estar en condicións de xulgar; polo tanto, nós tampouco imos prexulgar antes de dispoñer desta información, que si estimamos que sería necesaria para tomar unha decisión rigorosa.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días.

Señorías, hai veces que no Parlamento temos o pequeno pracer de poder desfrutar das casualidades ou das coincidencias que fan que, ás veces, as verbas dun carezan de moito significado ou, polo menos, que chamen ou que non deixen de chamar a atención. Que hoxe fose unha deputada, que votaba en contra dun exercicio de transparencia nun concello, a que exixira ou pedira aquí un maior grao de transparencia, pois non deixa de ser, cando menos, paradoxal; que hoxe nos digan, ao Partido Popular, que non falemos de Maduro —eu non pensaba falar de Maduro—... (*Murmurios.*) (*Risos.*) E o peor de todo non é que falemos de Maduro, senón que o peor de todo é ese riso incontrolado que teñen vos-tes cada vez que falamos dun réxime ditatorial; cada vez que falamos de represión; cada vez que falamos dun cárcere, o Tocarón, onde meten os disidentes políticos, é dicir, os que están en contra do réxime de Venezuela; cada vez que falamos do Sebin, do servizo de Policía, que xa non sabemos se é paramilitar ou o que é, pero que ao que se dedica é precisamente a reprimir a poboación, e fan así coa cabeza. (*O señor Trenor López move a cabeza afirmativamente.*) —¡Fan así coa cabeza!— ¡Pero, ¿que?, ¿parécelles ben?!; (*Aplausos.*) ¡¿parécelles ben?!; ¡señorías, ¿parécelles ben?! E claro, é que hai cuestións...; (*Aplausos.*) é que, señorías, hai cuestións que están por riba das ideoloxías, que son simplemente o ben e o mal. E ata os nenos aprenden a diferenciar entre o ben e o mal.

Señorías, que quen coordinou a chegada [inaudible], do Bloque Nacionalista Galego, hai uns meses, fose agora un invitado especial do réxime de Maduro, que avalou toda unha fraude electoral como nunca vivíramos e como nunca coñeceramos, polo menos, nas últimas décadas. Que se denunciase e que el puxese o seu prestixio e dixese: «¡Non!, eu fun testemuña de que alí non ocorreu absolutamente nada»; e a vostedes pareceulles hilarante, vostedes ríronse, ou sexa, pareceulles gracioso.



Resulta que a primeira comunidade en Galicia na miña provincia, na Coruña, é de venezolanos exiliados; en Vigo, señor Font —a vostede faille moitísima graza e rise; non sei se é consciente do que di—, 15.000 venezolanos hai agora mesmo alí; 15.000 venezolanos. A primeira comunidade de fóra do noso país; 15.000 persoas de Venezuela están agora en Vigo. E faille graza e faille moitísima graza. Eu non sei se son conscientes de todo isto. Creo que non; creo que, ao final, non son conscientes do que está a pasar en Venezuela; (*Murmurios.*) creo que o seu sectarismo os cega e, ao final, por iso teñen ese escape, ese recurso, ese refuxio nese riso frouxo que amosan cada vez que falamos da represión de Venezuela. (*Aplausos.*)

Pero iso si —¡iso si!—, despois de avalar a maior fraude electoral das últimas décadas, que coñecemos, veñen aquí falar de transparencia; veñen aquí dicirnos como debe funcionar a democracia. (*Murmurios.*) Permítanme, señorías, que pense que a vostedes a democracia lles importa máis ben pouco e que están moito máis cegados polo seu fanatismo e pola súa ideoloxía que por eses principios democráticos de que, ás veces, presumen.

E miren, dicía antes que había tamén coincidencia. Resulta que o protagonista neste verán foi indiscutiblemente o ministro de Transportes —o ministro de Transportes—. A pesar de todos os esforzos do Bloque Nacionalista Galego para que aquí, en Galicia, non se falase doutra cousa que non fose o ferrocarril, intentando buscar problemas, intentando crear problemas, intentando obstaculizar, intentando o Bloque dificultar as cousas, aínda así, este non conseguiu quitar o protagonismo ao ministro de Transportes e á súa nefasta xestión. En Galicia, pola contra, a norma no transporte interurbano non son os atrasos, non son a falta de prazas, non son as avarías; esas foron a excepción, e vostedes sábeno.

E iso a pesar da dimensión do servizo; un servizo de máis de 3.700 rutas, de máis de 56.000 paradas, de máis de 20 millóns de horarios, de máis de 2,3 millóns de servizos ao ano... E a pesar de toda esta dimensión, as incidencias que vostede comentaba son incidencias, son anecdóticas, non son a norma. (*Aplausos.*)

E eu sei que non lles gusta nada que lles recordemos o que fan vostedes, porque é verdade que, ás veces, parece que estamos aquí nunha partida de tenis e a ver quen é o que o fai peor, pero é que vostedes de xestión teñen moi poucas leccións que dar —moi poucas—. En Pontevedra segue a ser a Xunta de Galicia que está a prestar o servizo de transporte urbano porque vostedes foron incapaces de implementar un servizo de transporte urbano; en Santiago, aínda non renovaron o contrato; en Lugo, poderíamos facer un monográfico para que toda a Cámara coñecese como é o servizo de transporte público alí; na Coruña, a previsión é que o contrato estea nunha situación irregular ata, polo menos, o ano 2026. E ¡claro!, ante todo isto, que veñan aquí intentarnos ensinar como xestionar é, cando menos, ben curioso. Tendo tan claro vostedes como se xestiona o transporte público e tendo tantas ideas brillantes como teñen, o que non entendemos é como non as poñen en práctica alá onde teñen ocasión.

Mentres vostedes seguen coa pancarta do «non polo non», nós seguimos avanzando na consecución dun modelo de mobilidade optimizado, moderno, intelixente e responsable coa poboación galega e co medio natural. Seguiremos traballando para vertebrar o territorio co transporte público en todas as súas modalidades; traballaremos para que o tren chegue e



teña un servizo de calidade, como nos merecemos os galegos; traballaremos tamén para que o autobús siga mellorando os seus servizos a pesar das melloras importantísimas que fomos acometendo nos últimos anos, pero tamén no resto dos medios de transporte; traballaremos achegando, por suposto, o servizo público a toda a cidadanía, con especial atención a aquelas persoas que teñen menos recursos; traballaremos apostando pola sostibilidade económica, pero tamén ambiental; traballaremos acadando un transporte público, colectivo, moderno, útil, de calidade e tamén fomentando o seu uso.

Vostede e o seu partido non o queren recoñecer e moito menos sentirse orgullosos diso, pero a verdade é que Galicia é, grazas ao Plan de transporte público, un referente no resto de comunidades autónomas, como pioneira na renovación do transporte público interurbano, polo recurso tamén a recursos públicos que dedicamos a financiar o noso transporte público e polo marcado carácter social co que abordamos a mobilidade.

Nun territorio tan disperso coma o noso, o esforzo loxístico e orzamentario que facemos para garantir a mobilidade dos galegos é enorme, o maior do Estado das autonomías —de feito—, con máis de cento corenta millóns de euros anuais que poñemos para poder seguir mellorando o noso servizo público. E fixémoslo, ademais, aplicando as tarifas máis económicas e uniformes para todo o territorio...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e cunha ampla gama de bonificacións que tamén axudaron a incentivar o uso do transporte público.

Somos a única comunidade autónoma que ofrece bus gratuíto á nosa mocidade. Neste momento xa hai máis de cento setenta mil menores de 21 anos coa tarxeta Xente Nova, que teñen as viaxes de balde en todos os autobuses.

Ríase o señor Font da oferta e da actitude que temos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...no Partido Popular de admitir que hai cuestións que se poden mellorar; que escoitamos esas suxestións; que estamos receptivos ao que nos poden dicir os usuarios, ao que nos din os concellos...;

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...que a mellora do servizo non está xa finalizada...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señor Trenor.

Sinto.

(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)



Moitas grazas.

Ten a palabra novamente o autor da moción.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Señor Trenor, ¿sabe quen non sabe distinguir entre o ben e o mal? Os máis de quince mil nenos asasinados polo Estado fascista de Israel, (*Aplausos.*) que vostedes hai escasos meses definiron aquí como a mellor democracia de Oriente Medio. (*Murmurios.*) ¡Si, si! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio, por favor!

O señor RÍOS SANTOMÉ: Máis de quince mil nenos masacrados...;

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Respecten a quenda de intervención, por favor!

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...máis de corenta mil persoas asasinadas. (*Murmurios.*) E son... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, o que preocupa non son os seus risos; é o seu apoio a Israel! (*Aplausos.*) ¡Os seus risos non me preocupan; preocúpame o apoio do Partido Popular a un Estado fascista, asasino e xenocida, como é Israel! Iso é o que me preocupa, señor Trenor. (*Aplausos.*)

Xa case nin me preocupa que vostede viñera aquí reproducir unha nota de prensa da Concellería —¿perdoe?— de hai dous ou tres anos. ¡É que nin sequera cambian a nota de prensa!

Sobre o que eu lle dixen, cero. De feito, collín unha folla para apuntar as cuestións ás cales tiña que responder na réplica, e mire como está. (*O señor Ríos Santomé mostra unha folla en branco.*) Non me deu; non me deu nin a oportunidade de resaltar algo da súa intervención porque non falou absolutamente de nada.

¿Pódeme dicir se van entregar a documentación sobre os incumprimentos e sobre as sancións? Teñen a obriga de facelo. Están pedidas polo artigo 9. ¿Van facelo? ¿Van reportar a documentación aos grupos da Cámara?; ¿van facelo? Porque, se non o fan, estarían incorrendo nun comportamento, cando menos, autoritario e antidemocrático, saltándose a lei. Xa non veño definir o que é democracia, o que non é democracia, o que é réxime ditatorial. Iso xa hai expertos nesta bancada. Pero, cando menos, se collemos as accións que fai cadaquén alí onde ten responsabilidades, pois poñémonos todos diante do espello sen ningún tipo de problema.

¿Vostedes van dar a documentación que teñen a obriga legal de dar?; ¿si ou non? E, se é non, ¿por que? ¿Que teñen que a agachar?; ¿que teñen que ocultar? ¿Por que non queren que saibamos os autobuses, as matrículas que hai adscritas aos contratos?; ¿por que non queren que saibamos as sancións impostas, os motivos, as contías e demais?; ¿por que non queren facer iso? Cando dicía antes que a súa política de transporte público non cae de madura, senón por podre é polo cheiro; é polo cheiro. Con esas accións, vostedes o que están dando



a entender, e coa súa intervención totalmente fóra de punto e sen ir a absolutamente a nada do que falei na miña moción, están dándonos a razón. Algo cheira a podre, señor Trenor. E antes ou despois...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...antes ou despois sairá.

Nós seguiremos —e despois teremos tempo na súa iniciativa sobre o tren de falar de moitas outras cuestións que vostede soltou antes aquí na súa intervención— traballando polo transporte público —¡claro que si!— desde as responsabilidades que teñamos, maiores o peores, pero, polo menos, farémolo con acertos ou con erros, pero sempre coidando o interese xeral...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...e tendo un servizo que dea resposta ao pobo galego e non ás empresas amigas do Partido Popular.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Última moción da mañá, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda que leva o número 10.763, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Lara Méndez López.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar o texto do terceiro apartado polo que segue a continuación:

<<...exercicio da actividade de VUT sendo aplicado o planeamento municipal vixente no momento da súa alta no REAT no prazo que se sinale ao efecto.>>

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para defendela, por oito minutos, ten a palabra dona Alexandra Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.



Xa é unha constante. Case a diario podemos atopar en calquera medio de comunicación algunha nova que alerta sobre a situación preocupante dos pisos turísticos. E o mesmo sucede a nivel da rúa; podemos escoitar conversas, día si e día tamén, sobre o impacto negativo que supón na vida da xente o descontrol dos pisos turísticos, ben sexa porque lles complica o acceso á vivenda, ben porque ven como afecta de xeito negativo á calidade urbana do lugar onde viven.

E é que unha vivenda turística per se pode non ser negativa, pero unha alta concentración de vivendas turísticas comportan sempre —sempre— un impacto negativo sobre a vida dos veciños. Por tanto, o que necesitamos é analizar se este fenómeno alcanzou xa neste país unha dimensión realmente conflitiva. ¿Existe en Galiza un volume de vivendas turísticas realmente preocupante? E nós cremos que claramente si. En 2017 había cincocentas vivendas de uso turístico en todo o país e sete anos despois son máis de vinte cinco mil. É unha cifra absolutamente desorbitada. Se, ademais, temos en conta que avanza a un ritmo de crecemento vertixinoso por unha superficie sen normas e baixo unha total desregulación, temos asegurada tamén unha saturación próxima aínda maior.

Aquí tamén é importante recordar que esas novas 20.000 vivendas turísticas que se incrementaron en sete anos non foron realmente novas, non son de nova construción e non saíron da nada. Fundamentalmente veñen detraídas do mercado de alugueiro residencial habitual, o cal afecta sobre a oferta dispoñible. Así, nas zonas do país onde existe unha alta concentración de pisos turísticos, xa hai máis oferta de pisos turísticos que de vivendas en alugueiro permanente; é dicir, que se está configurando un mercado inmobiliario máis orientado para satisfacer o interese dun turista do que para satisfacer as necesidades da poboación residente.

Con todo, non debemos quedar só coa idea de que isto é un problema dos pisos turísticos sobre o mercado inmobiliario que se reduce a unha cuestión de oferta, e que hipoteticamente podería incluso solventarse rehabilitando e construíndo máis vivendas, senón que, fundamentalmente, ten que ver cunha competencia de prezos asimétrica entre os dous mercados, o residencial e o turístico, e no cal o segundo sempre vai exercer unha tensión sobre o primeiro. Por exemplo, un piso medio, hai cinco anos, podía xerar nunha cidade uns catrocentos euros de renda de alugueiro; agora, hoxe convertida en piso turístico pode permitir chegar a ingresar uns catro mil euros mensuais. A posibilidade de obter unhas rendas dez veces superiores dedicándose a esa actividade económica destorce sempre os prezos da vivenda habitual e exerce unha presión especulativa sobre os inmobles.

E —como todos saben perfectamente— esta preocupación crecente sobre o impacto dos pisos turísticos non é algo que suceda só no noso país. Estamos ante un fenómeno global, recente, moi ligado ao que ten que ver coa uberización da economía que transformou radicalmente a forma en que consumimos e como realizamos turismo. Por todas as partes estamos vendo conflitos provocados por unha alta concentración de pisos turísticos. Ao tempo que se multiplican, tamén están proliferando as respostas políticas para abordar o problema. Hai casos de gobernos en todo o mundo que intentan planificar, ordenar e limitar, en maior ou menor medida, os pisos turísticos: Portugal, Francia, Inglaterra, Italia, os Países Baixos... son algúns exemplos próximos.



Hai, por tanto, unha corrente global de descontento que vai en aumento, igual que hai unha corrente política que acada cada vez máis consenso sobre a necesidade de limitar os pisos turísticos para que os lugares sexan habitables. O dramático é que, mentres noutros países vemos como gobernos dan avances nese sentido, aquí o Partido Popular camiña en sentido inverso. En Galiza, a Xunta aplica a política do caos: cunha man están dando de alta no Rexistro pisos turísticos que son ilegais; o Rexistro da Xunta é un caos en que podemos atopar pisos legais e pisos ilegais, todo mesturado, e onde ninguén se encarga de revisar absolutamente nada. Ao mesmo tempo, coa outra man, están alentando a creación de aínda máis pisos turísticos mediante a inxección de fondos públicos, chegando a outorgar axudas para crear aínda máis vivendas turísticas en zonas xa saturadas ou incluso permitindo que fondos públicos que debían estar orientados a garantir o acceso á vivenda, como son as axudas para vivenda protexida ou para rehabilitar vivendas, rematen sendo fondos destinados a unha actividade económica de que se obtén un lucro privado e que opera, en última instancia, en contra da idea da accesibilidade á vivenda. É dicir, non só non regulan, senón que no Partido Popular de Galiza son auténticos kamikazes que, en dirección contraria, promoven a súa propagación e concentración.

Insistimos nesta intervención en que isto é un problema global, do mesmo xeito que aseguramos que a solución ten que ser sempre rexional. As receitas para ordenar e planificar as VUT para ser efectivas deben articularse atendendo á realidade territorial, á forma en como se implantan no territorio, en como se concentran e difunden e ao modelo turístico que se pretende acadar. Nada teñen que ver as políticas de planificación de pisos turísticos dunha gran metrópole como Berlín coas que poden ser no caso galego.

Se analizamos os datos de saturación das VUT no noso país, podemos ver como apenas o 20 por cento das prazas están en zonas densamente poboadas fronte a un 52 por cento en zonas intermedias e un 28 por cento en zonas pouco poboadas. No noso país este é un fenómeno que ten un claro impacto nas cidades, pero que se estende máis alá destas, e que se organiza e se concentra ao longo do litoral, do Camiño de Santiago ou de enclaves turísticos específicos; por tanto, é un fenómeno de escala territorial. No noso país a saturación das VUT ten unha dimensión supramunicipal porque non responde só á clásica segregación espacial centro-periferia —que si se pode atopar no caso dos grandes centros urbanos—, senón que supera eses límites administrativos dos concellos.

Ademais, esta visión territorial de escala galega é fundamental para que poida existir unha ordenación efectiva, xa que son moitos os concellos pequenos que sofren unha saturación problemática das VUT, pero que non contan cos recursos suficientes para abordar o problema pola vía dunha ordenación de usos, tal e como se aplica, incluso con grandes dificultades, nos grandes concellos.

É, por tanto, responsabilidade da Xunta e unha obriga, en tanto que é a máxima responsable en materia de vivenda, garantir que neste país exista unha ordenación urbanística e territorial que permita garantir que as necesidades habitacionais e o dereito de acceso á vivenda da poboación estean garantidas.

Por iso dende o BNG traemos esta proposta concreta e detallada que permitiría limitar e ordenar os pisos turísticos dun xeito inmediato e eficaz. O primeiro que formulamos é a ne-



cesidade de definir e de declarar cales son esas zonas do país onde existe un problema coas VUT, onde hai unha alta concentración de pisos turísticos, onde está o risco de que o acceso á vivenda habitual se quebre, incluso tamén que se quebre o equilibrio urbano e territorial. O segundo sería aplicar neses ámbitos declarados novas medidas, como un novo réxime de intervención previa para que se exixa a necesidade de contar cunha licenza previa; aplicar un tope máximo de número de pisos turísticos en todo o territorio galego, para alén das normas que decidan os concellos; asegurar, ademais, que as licenzas se outorgan por un prazo definido de non máis de cinco anos, o cal permitiría ir adecuando as medidas de control e limitación das VUT a un contexto altamente cambiante; ou imposibilitar que se destinen a esta actividade económica vivendas que recibiron, no seu momento, fondos públicos orientados a mellorar o acceso á vivenda, como son por exemplo as vivendas protexidas.

Pero é que, ademais, dende as competencias en turismo, a Xunta ten moito por cambiar. En primeiro lugar, cómpre atender de inmediato as demandas dos concellos que están solicitando que se dean de baixa os pisos que teñen xa recoñecidos como ilegais. En segundo lugar, é preciso cambiar a norma coadoiro da Xunta de Galiza que permite a inscrición de pisos ilegais e exixir por lei a presentación e a comprobación do correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade. E, en terceiro lugar, é necesario iniciar unha revisión sistemática dese rexistro, que está absolutamente viciado, dando de baixa de oficio todas aquelas vivendas que non presenten o correspondente título habilitante. E, por último, cómpre máis inspeccións, ordes de clausura e sanción para esas vivendas ilegais.

No Bloque estamos convencidos da urxencia e da necesidade de pór freo aos pisos turísticos. Con estas propostas queremos dar respostas ante un debate que está vivo na sociedade, que preocupa enormemente...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...e no Bloque presentamos e representamos a alternativa a ese caos do Partido Popular, con propostas e con feitos, como son os avances que impulsamos na cidade que hoxe nos acolle.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi bos días a todos e a todas.

A vivenda destinada, en exclusividade, ao uso turístico xerou un problema notorio en Galicia, fundamentalmente nas grandes cidades, pero tamén nos lugares turísticos de costa e nou-



tros concellos con afluencia turística. Este problema ten que ver coa gran derivación ao uso turístico que se fai das vivendas que antes se movían no mercado ordinario, ante a falla de vivenda residencial. Non é a causa única da existencia das VUT, e, quen así o argumente, ou non entende suficientemente a situación ou fai unha lectura moi limitada. Pero si é certo que inflúe e que formula para os propietarios un escenario moito máis beneficioso que o alugueiro ordinario, polo cal restrinxe a oferta natural do alugueiro.

Este non é un problema puro, de agora mesmo. Incluso as cidades con alta demanda de vivenda para estudantes viviron tamén algúns escenarios parecidos. Sen ir máis lonxe, o Ensanche compostelán foi converténdose, xa a finais do século pasado, nun medio de diñeiro fácil para propietarios que alugaban vivendas a estudantes, moitas veces en condicións —dito todo de paso— pouco edificantes, e aproveitándose da necesidade e tamén da certa inexperiencia. Este mercado de tempada tamén dificultou o alugueiro ordinario, que requiriría condicións máis exixentes para propietarios e menor ingreso anual.

No entanto, e focalizando nas cuestións da vivenda turística, a aparición de plataformas *on-line* que canalizaban estas vivendas e ofrecían grandes bolsas de oportunidades a modo de portal de vivendas, redimensionou este escenario. Así, o que pasou de ser un formato de case intercambio de vivendas en épocas de ausencia, pasou a ser agora un negocio concreto, cunha enorme repercusión no sector turístico.

A dedicación en exclusividade de vivendas ao uso turístico é hoxe un modelo predominante neste campo. Isto provoca un descontrol na afluencia de turistas que desborda a implícita limitación que proviña do número de prazas hoteleiras nas cidades e nos lugares de interese, pero tamén provoca un impacto no propio mercado de aloxamentos turísticos, incluso provoca tamén un impacto na convivencia veciñal en moitos barrios e en moitas vilas.

O formato xera desigualdades competitivas e estase fomentando indirectamente unha exclusión de posibilidades turísticas para economías familiares máis modestas. Galicia vive, no ámbito turístico en xeral, pero no referido ás vivendas turísticas, en particular, unha continuación do hábito político de «ti vai facendo e malo será», que son os estándares que definen o Goberno galego: os estándares de vaguidade e desleixo de funcións para establecer un modelo de funcionamento, de falta de criterio e de sentido común para afrontar os cambios que a realidade trae, e tíranse á bartola a ver que pasa, basicamente. Ao fin, como resultado diso, encontramos unha desorde lexislativa e un enorme espazo de desregularización que prexudica sempre os mesmos: cidadáns que ven como os seus dereitos e os seus espazos son vulnerados pola falla de criterio, mentres no Goberno de Galicia andan a velas vir.

Aquilo que se contaba de que o mercado se autorregulaba xa vemos que non é así, ou dito doutro xeito: régúlase para alimentar as desigualdades. A vivenda ten un uso e uns obxectivos e, se como sociedade estamos incumprindo á vez que descontrolamos un sector económico coma o turismo, entón algo se está a facer mal ou, no caso de Galicia, algo mal se está facendo por non facer absolutamente nada.

A realidade é que neste mercado, como en termos xerais do mercado, no que corresponde a elementos básicos da vida cotiá das persoas, é necesaria unha certa intervención que



permita funcionar dunha maneira minimamente lóxica. Para os socialistas, este debate non é de hoxe nin de onte. Temos distintos exemplos en distintas cidades, como pode ser Barcelona, que decidiu eliminar os pisos turísticos, en cinco anos, extinguindo as licenzas; por certo, para facelo puxo os medios necesarios, con decenas de inspectores e letrados implicados no proceso, porque para garantir as medidas e para que as medidas funcionen hai que poñer medios. En Madrid, o anterior Goberno municipal, co apoio do Grupo Socialista, comezou a tomar medidas restritivas. O actual alcalde xa apuntou a súa nula vontade de continualas. En Galicia, tamén temos exemplos, e foron os alcaldes e as alcaldesas as que tomaron a iniciativa. Na Coruña, por exemplo, iniciáronse traballos para o control, a regulación e a delimitación deste tipo; en Vigo, o Concello avanzou medidas para retirar as axudas para a rehabilitación e a mellora de vivendas que van ser destinadas ao uso turístico; en Santiago, xa durante o mandato pasado, limitouse a existencia de vivendas turísticas en determinados espazos, así como se fomentou a existencia de zonas limitadas de VUT.

Son os concellos —como digo— os que toman as medidas no límite das súas competencias, pero seguen esperando pola Xunta de Galicia para que amose algunha iniciativa. A Lei de vivenda do Estado intenta protexer tamén os alugueiros de longa duración, e a propia ministra manifestou notoriamente o seu apoio a medidas lanzadas por cidades como Barcelona, que promoven tamén restricións sobre o alugueiro de turismo para que non invada descontroladamente o mercado da vivenda.

Do actual Goberno de Galicia, nada se sabe. Non é este, e non debe ser, o debate trufado de slogans errados e monolíticos; nin todas as vivendas turísticas están en mans de especuladores nin son de grandes tedores. Habelos hainos, pero tamén estamos regulando un sector en que hai pequenos propietarios. Non se trata, polo menos, dende o noso punto, dende o PSdeG, de atacar ningún colectivo nin de tirar de recursos dialécticos e clásicos. É unha cuestión de ordenar un sistema que se está botando por fóra, e non podemos permitir que siga así. Deste xeito, nesta liña vai a nosa emenda, que trata de aclarar algo que o texto non aclara —non sabemos o porqué, pero inicialmente non o fai— e que pivota sobre o feito de que as vivendas destinadas ao uso turístico estean de alta no REA. Non teñen as autorizacións municipais correspondentes e isto acostuma ocorrer cando se fixo algo mal. Entendemos que será aceptada porque o BNG, no ano 2022 —hai escaso ano e medio—, demandaba isto nunha iniciativa que levaba; polo tanto, contamos —esperemos— con que a inclúan para a súa aprobación.

En resumo: debemos regular e controlar a existencia de vivenda turística e incluso limitala, ata a súa retirada, se é preciso, nos casos que así se evidencie. O uso prioritario da vivenda debe ser o residencial. A regulación debe facerse con sentido común e aspirando, sen estridencias nese dobre sentido. Nesta liña, no PSdeG, temos claro o papel relevante dos concellos, pero a Xunta non pode poñerse de perfil. Ao igual que se está facendo no Goberno central, con iniciativas como o fomento da vivenda pública, e no cal hoxe mesmo o delegado do Goberno anunciaba que se levan transferidos máis de catrocentos vinte e seis millóns de euros para vivenda pública, ou limitando o prezo do alugueiro...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Méndez.



A señora MENDEZ LÓPEZ: ...e, polo tanto, lexislando.

Remato, presidenta.

Dicía que hai que dedicarlle recursos e lexislar, e non vale con poñerse de perfil nin só vale con limitar e con prohibir. Polo tanto, necesítanse recursos e lexislación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Méndez.

Polo Grupo Mixto ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Serei breve porque dou por suposto que todos vostedes —como me pasa a min— están desexando atender as demandas do estómago.

Efectivamente, estamos de acordo coa diagnose que fai o Bloque Nacionalista Galego. É un problema que se está pondo de manifesto a diario, especialmente en cidades coma esta. Enfróntanse ao que algúns expertos chaman «a cidade habitable» *versus* «a cidade visitable»; son dous conceptos diferentes: cidade para vivir ou cidade para visitar. E iso lévanos tamén a dous conceptos totalmente distintos: á vivenda como tal, como lugar para vivir, ou á vivenda como produto comercial, porque, en realidade —vostedes saben—, os produtos no ámbito mercantil defínense desde a óptica do consumidor e non desde a óptica do produtor. Entón, aínda que aparentemente pareza o mesmo unha vivenda en que se vive e unha vivenda á cal se vai de vacacións, son conceptos totalmente distintos; polo tanto, convén diferenciarlos e non metelos no mesmo saco, quere dicir, requiren tratamentos específicos a vivenda como produto de consumo comercial, como pode ser unha vivenda para vivir nas vacacións, ou a vivenda como dereito fundamental, como é a vivenda habitacional.

Efectivamente, a man invisible de Adam Smith non funciona naquilo que acaba de dicir a portavoz do Partido Socialista; o que pasa é que tamén —entendemos— algunha das propostas que fai o BNG —aínda que, loxicamente, pensemos que haxa que regulalo por motivos obvios, aínda que agora igual non é o momento de pararse a detallar demasiado— entendémola excesivamente intervencionista ou cunha tendencia intervencionista que tampouco cremos que poida ser a solución.

Entón, brevemente, sobre esta cuestión —aínda que nos parece moi interesante e seguramente vai dar máis que falar no futuro— tamén hai que recoñecer o que dicía —creo— a portavoz do PSOE, é dicir, que é un problema rexional e un problema local, porque este problema non ten a mesma natureza nunha cidade como Santiago que noutros concellos, nos cales, ao mellor, o problema é practicamente inexistente. Efectivamente, non se pode converter unha cidade nunha especie de parque temático, nunha especie de Disneylandia; nas cidades teñen que vivir as persoas fundamentalmente, e hai que regular ese outro concepto da cidade visitable.



Ímonos abster polo dito. Compartimos practicamente a totalidade da diagnose; compartimos moitas das propostas de solucións que se fan. Non as compartimos todas e algunhas parécenos que teñen unha deriva especialmente intervencionista que, máis que nada, contribuirían para, ao mellor, agravar o problema porque non acostumamos ser moi eficaces á hora de valorar as externalidades e as segundas consecuencias das cousas, e entón, nós pensamos que pode haber segundas consecuencias que, ao mellor, se lle escapan ao BNG, polo cal, sinxelamente, fan que nos decantemos pola abstención nesta moción concreta.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Vereá Fraiz.

O señor VEREÁ FRAIZ: Moitas grazas, presidenta.

Estamos ante un dos debates máis importantes e, tristemente, a deputada que defendeu esta moción ten moi pouca credibilidade no que se refire ao debate das vivendas de uso turístico.

Acabamos de escoitala hoxe e na anterior sesión plenaria, nunha exposición sentida sobre a obriga ou a necesidade da limitación e, no seu caso, incluso da eliminación das vivendas de uso turístico; polo tanto, vai sorprenden a moitos deputados que esta mesma parlamentaria, hai escasos meses, asinase, rexistrase e presentase neste Parlamento (*O señor Vereá Fraiz mostra un documento.*) —aquí está— unha PNL para legalizar pola porta de atrás 1.000 vivendas de uso turístico en Santiago de Compostela. (*O señor Vereá Fraiz levanta o documento mencionado.*) (*Aplausos.*)

¿Como é posible —co que lle acabamos de escoitar hoxe e na interpelación— que asinase isto neste Parlamento? Terá que explicalo —terá que explicalo—. Nós temos a nosa opinión: se solicita unha legalización masiva de 1.000 vivendas de uso turístico en Santiago e despois di o que dixo hoxe aquí e o que presenta nesta moción, pois o que temos é que o BNG está mentindo descaradamente aos cidadáns de Santiago e de toda Galicia.

Mire, todos queremos o mesmo. Estou convencido de que todos temos os mesmos obxectivos: mellores cidades, mellores vilas, máis habitables, máis amables... Por suposto Santiago, pero tamén calquera concello que teña centro histórico —estou convencido— se está facendo a mesma pregunta: ¿como conseguimos que os veciños volvan vivir nos centros históricos? Esta é a pregunta que —entendo— calquera responsable público, no eido local, se está facendo.

A partir de aquí, loxicamente, hai estratexias diferentes. Eu, o Partido Popular de Santiago e o Partido Popular de Galicia, claro que queremos un centro histórico máis familiar, máis residencial e máis habitable, pero temos unha estratexia diferente á cal plantexa, por exemplo, o Partido Socialista. Nós queremos utilizar a riqueza e a forza do turismo para acelerar a rehabilitación dos cascos históricos; nós queremos utilizar a riqueza e a forza do turismo para mellorar a planta residencial nos cascos históricos; nós queremos utilizar intelixen-



temente o turismo para conseguir máis e mellores vivendas rehabilitadas nos cascos históricos. O Partido Socialista —en Santiago, seguro, e supoño que no resto de cidades tamén— polo que aposta e polo que apostou foi por prohibir toda actividade económica relacionada co turismo. É lexítimo —é lexítimo—. Misteriosamente este é o modelo que teñen para conseguir máis vivendas, pero é lexítimo. Incluso é bo que en democracia haxa xeitos diferentes de entender a realidade: o noso e o do Partido Socialista.

O problema desta moción é que ten un problema de orixe, e é que o BNG —como acabo de dicir— di o mesmo e di o contrario. Polo tanto, está mentindo aos cidadáns.

Dixo vostede tamén —repetiuno hoxe textualmente— que en 2017 había cincocentas vivendas de uso turístico. ¿En que Galicia vive vostede? ¿Quere tomarnos por tontos? En Galicia levamos décadas e décadas tendo miles e miles de apartamentos e de pisos vacacionais, especialmente nos concellos costeiros, que levan décadas e décadas alugando eses pisos vacacionais nos meses de xullo e de agosto. ¿Que é o que pasou en 2017? Que o Partido Popular, a través da Xunta de Galicia, obrigou todos estes pisos vacacionais a darse de alta no Rexistro —agora si— como vivendas de uso turístico; e levan sete anos dándose de alta todos estes pisos vacacionais. ¿Quen cre que no ano 2017 había unicamente cincocentos pisos vacacionais en Galicia, en todos os concellos costeiros? Dígolle máis, revise o Rexistro de vivendas de uso turístico e verá que a maioría dos pisos rexistrados son precisamente todos estes pisos vacacionais, que levan décadas alugándose en Galicia, agora si, públicos, rexistrados e, polo tanto, podendo ser controlados. En Viveiro, na Pobra, en Portonovo, levan toda a vida alugando pisos en xullo e en agosto. (*Aplausos.*) Supoño que non quererá vostede prohibir tamén estes pisos vacacionais, pero da textualidade da súa moción todo é posible.

Falemos agora das cidades. Dixo vostede tamén que a alza do prezo do alugueiro era culpa das vivendas de uso turístico. Agradezo a aclaración da exalcaldesa de Lugo, que di que non é unicamente. Eu insisto en que non é nin tan sequera a principal razón da subida do alugueiro.

E voulle dar un dato que espero que me rebata, ou que me corrixa na súa seguinte quenda. Dixo vostede que as vivendas de uso turístico son a principal causa da subida do prezo do alugueiro ou unha das principais, e dixo tamén, con máis intensidade que na anterior sesión plenaria, que Santiago de Compostela é a zona cero ou onde hai unha maior crise de vivendas de uso turístico. Entón, terá que explicar como nos últimos dez anos unha cidade como Santiago, onde, segundo vostede, hai unha crise de vivenda de uso turístico, é a cidade onde menos subiu o prezo do alugueiro de todas as cidades galegas nos últimos dez anos. Terá que explicalo, porque, se non, esa teoría do caos que vostede vén aquí expoñer pois non hai por onde collela; como é que na cidade con máis presión de vivendas de uso turístico é onde menos medra o prezo do alugueiro.

Dixo vostede o outro día —hoxe non— que o turista, o visitante, non pertence ao lugar que visita. Loxicamente, non está no censo, pero este comentario ten moitos matices. Ese comentario pois pode ser ata certamente soberbio. En Santiago levamos mil anos construíndo a cidade con todos e cada un dos millóns de visitantes que chegan a Santiago, e cada un deses visitantes xa lle digo eu que si pertence á nosa cidade. E dígolle máis: Compostela está tamén en todos e cada un deses peregrinos universais cando volven á súa casa. (*Aplausos.*)



Creo que teñen que ser claros. Vostedes non están en contra da masificación, vostedes están en contra da socialización do turismo; o que queren é que volvan viaxar só os ricos, como nos anos 70 e nos anos 80. Iso é o que están defendendo con tanta prohibición e con tanta turismofobia.

Vou rematando xa.

Pídelle tamén á Administración autonómica que cometa unha ilegalidade, porque non pode dar de baixa en bloque todas esas altas no rexistro sen as solicitudes específicas do concello. Supoño que non será problema para un concello como é Santiago enviar seiscentas notificacións.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Vereas.

O señor VEREA FRAIZ: E xa remato. Este grupo parlamentario, e o Goberno que defende, vai manter os criterios e as ideas claras: transparencia, legalidade, seguridade xurídica. Seguiremos lexislando de xeito pioneiro para vivendas de uso turístico e o diálogo co resto das administracións. Loxicamente non apoiaremos esta moción, porque non se axusta á realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Vereas.

Ten a palabra a autora da moción, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Ben, un clásico das estratexias do Partido Popular, que é, primeiro, intentar manipular a realidade.

Vostede dixo que o BNG pretendía a legalización pola porta de atrás de miles de vivendas de uso turístico, pero a realidade é que o Goberno de Compostela aprobou a ilegalización de todos os pisos que non contaban co título habilitante municipal, (*Aplausos.*) e que vostedes, vostede especialmente votou en contra diso. É dicir, ¿é que vostede está a favor da legalización pola porta de atrás das vivendas de uso turístico? Non nos atribúa a nós responsabilidades que leva vostede na mochila, que foi vostede quen votou para que seguisen aumentando as vivendas de uso turístico en Santiago de Compostela.

Tamén vostede vén aquí manipulando os datos, porque vostede di que non entendemos os datos, que isto de aumento de vivendas do seu turístico non é real, que os rexistros se abriron en 2017, entón que se apuntou todo o mundo, pero é que todas esas vivendas xa estaban. Entón, saberá vostede que só nos dous últimos anos, dende 2022 ata agora, se incrementou o rexistro en 11.000 vivendas novas; é dicir, que non se apuntaron todas en 2017 cando se abriu o rexistro, e que na actualidade existe un bum clarísimo de vivendas de uso turístico, (*Aplausos.*) que os datos din claramente que é un efecto sostido no tempo e que non deixa de incrementarse.

E, ademais, non sei en que universo vive vostede, porque se vostede sae un pouco á rúa dárase conta de que cada vez é máis difícil atopar un alugueiro en residencia habitual.



O seguinte que fan vostedes é seguir coa súa política de descontrol absoluto, porque a Xunta de Galiza permite a inscrición de vivendas que sabe perfectamente que son ilegais. Vostede sabe perfectamente que o Concello de Santiago ten solicitado á Xunta de Galiza que dea de baixa as máis de 700 vivendas de uso turístico que están declaradas ilegais. ¿Por que o seu partido segue mantendo esas vivendas no Rexistro de Actividades Turísticas da Xunta de Galiza? Pida vostede que se dean de baixa esas vivendas de uso turístico. *(Aplausos.)*

Pero, por se fora pouco, ao Partido Popular non lle chega con esta política de regulación, que ademais quere incrementar o número de pisos turísticos, incluso chegan a empregar fondos públicos. Vostedes acaban de aprobar unha axuda a unha empresa de 700.000 euros para que cree 11 novos pisos turísticos no centro de Vigo, ¡por se facían falta máis!, unha decisión que é absolutamente discrecional, sen ningún beneficio social, que vai acabar nos petos dunha empresa que se chama Fyneko Real Estate Investment Trust, que é unha empresa que se dedica non ao turismo, que se dedica a buscar investidores que queiran especular en bens inmoables, *(Aplausos.)* e a eles regaláronlles 700.000 euros, para que poidan crear máis pisos turísticos.

Iso si, mentres tanto, vostedes seguen relegando por miles as solicitudes das axudas ao alugueiro, porque din: é que non temos fondos para as políticas de vivenda. É dicir, que lle están quitando sistematicamente ao público para beneficiar as empresas amigas. *(Aplausos.)*

E é que vostedes están quedando ademais na cara máis ultra do Partido Popular, porque en Sevilla, en Canarias, en Cantabria, estanse dando pasos dende a dereita para regular os pisos turísticos, pero vostedes prefiren aquí manter esa política de desregulación, de desorde; vostedes son os seguidores de Ayuso e de Milei.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Só un pequeno apuntamento. Non imos aceptar a emenda do Partido Socialista, que consiste en establecer unha amnistía aos pisos que non teñen licenza. Non podemos aceptala por dúas razóns. Primeira, porque é ilegal; non está permitido resucitar un planeamento derogado para outorgar un título habilitante municipal que non se outorgou no seu día; a Lei do solo de Galicia non o permite. E, segundo, porque non é o obxectivo facer unha regulación para despois facer amnistías, porque iso é o gatopardismo. Nós estamos mantendo a posición que mantemos no Goberno de Santiago, e realmente nos sorprende a súa emenda, porque é tamén unha emenda á propia posición que mantivo o Partido Socialista no Concello de Santiago. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Fernández.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, como estaba previsto.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e seis minutos e retómase ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Boa tarde.



Reiniciamos a sesión.

Continuamos coa moción 4.3.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para a súa defensa, e por tempo de oito minutos, ten a palabra don Julio Ernesto Abalde Alonso. *(O señor Abalde Alonso pronuncia palabras que non se perciben.)* Aquí está posto Ernesto. ¿Julio só, entón? *(O señor Abalde Alonso: É que sempre fun Julio só.)* Vale, grazas.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidenta, Mesa da Presidencia e deputados e deputadas que aproveitaron este breve espazo de tempo para comer.

Iniciamos o debate nestas horas tan complicadas para manter unha certa atención e, sobre todo, para un debate que —como dixo o conselleiro esta mañá— reiteradamente estivo no Parlamento de Galicia. Nós, o Partido Socialista, seguiremos plantexando este debate ata que ao final consigamos o que cremos que é xusto para o sistema educativo e, sobre todo, para as familias no noso sistema educativo.

Do que se trata aquí é de que nós temos uns niveis educativos obrigatorios que están recoñecidos como un dereito dentro da nosa Constitución, que significa que o acceso a ese servizo e a ese dereito educativo ten que ser un servizo que sexa gratuíto para os usuarios. Por tanto, o que pedimos aquí é que precisamente fagamos valer ese dereito constitucional das familias a unha educación pública gratuíta, sobre todo nos períodos obrigatorios. E, polo tanto, o que traemos aquí a este Parlamento de novo é a solicitude de que por parte do Goberno do Partido Popular se tome esa decisión de facer esa gratuidade non só dos libros de texto, senón de todos os materiais. Sobre todo nunha situación como é a actual, que é unha situación complicada economicamente para moitas familias e —vou utilizar a técnica do conselleiro esta mañá— que supón ao longo de todo o período educativo ao redor de nove mil euros para as familias que teñan un fillo e que se duplica no caso de ter dous ou se triplica con tres fillos. Polo tanto, estamos falando dunhas contías importantes para as familias do noso país.

O Partido Popular alega sempre que é un problema de modelo, de que o modelo do Partido Socialista supón que temos que dar as axudas independentemente das rendas. Non, creo que é unha diferenza de modelo, pero non niso que dicía o conselleiro; é unha diferenza de modelo no sentido de que nós consideramos que a educación é un servizo público e, como tal, ese servizo público debe ofertarse á nosa poboación precisamente gratuítamente. E, polo tanto, iso é polo que, entre outras cousas, nós tamén avogamos polo sistema público de educación, porque ese sistema público —non o concertado— garante a gratuidade de todos os períodos educativos.

O que me resulta moi chocante é que —como dicía esta mañá— o Partido Popular utiliza este argumento para non aceptar esta proposición de gratuidade nos libros de texto e nos



materiais escolares e utiliza exactamente o argumento contrario no caso das taxas universitarias. Nós cremos que o dereito a esta educación gratuíta ten que ser xeneralizado para todos os alumnos e alumnas que dalgunha maneira utilizan a educación pública para a súa formación.

E dicía tamén o conselleiro que isto é unha disputa entre dous modelos educativos, o modelo do Partido Popular e o modelo do Partido Socialista. Ben, eu sorpréndome enormemente, porque comunidades autónomas como Estremadura, como Andalucía —que están gobernadas polo Partido Popular—, como Madrid —que tamén está gobernada polo Partido Popular— manteñen a gratuidade. No caso de Madrid, implantouno ela e, no caso de Andalucía, herdou dos gobernos socialistas esta gratuidade dos libros de texto.

Esta mañá comentabamos o tema dos bipartitos. Efectivamente, no caso da gratuidade dos libros de texto, aquí en Galicia xa a tivemos, porque o Goberno de Pérez Touriño conseguiu o cen por cento de gratuidade, pero —como nos recordaron nalgunhas ocasións os deputados e deputadas do Partido Popular— esta medida foi posta en marcha polo señor Fraga. Polo tanto, a ver, ¿que tema de ideoloxía hai? É simplemente unha cuestión de mantela e de emendar unha decisión política que se tomou nalgún momento, que foi a supresión desa gratuidade total dos libros de texto que foi feita polo Goberno do señor Feijóo precisamente no ano 2009, cando entra no Goberno da Xunta de Galicia. Pero, bueno, como é de sabios rectificar, pois agora asombrámonos, porque nunha recente entrevista que lle fixeron ao señor Feijóo, o señor Feijóo —líder do Partido Popular— avoga pola gratuidade total dos libros de texto. Polo tanto, pedímoslle ao Partido Popular que sexa responsable coas opinións do seu líder nacional e que, polo tanto, faga esta cuestión.

Polo tanto, podemos transformar un concepto de «gratuidade solidaria», relacionado fundamentalmente con temas sociais, con axudas, nun dereito de todas as familias, de todos os alumnos e as alumnas a poder acceder á educación pública e gratuíta; que, como dicía antes, está recollido na Constitución. Para iso, ademais, a Xunta de Galicia non está soa. É dicir, o Goberno do Estado en Madrid ten un programa específico de financiamento da gratuidade dos libros de texto en toda a xeografía española. En concreto, este ano leva dedicado 58 millóns de euros precisamente para a gratuidade dos libros de texto, dos que lle corresponden a Galicia 2.600.000 euros. Polo tanto, hai unha corresponsabilidade entre o Goberno central e o Goberno da comunidade autónoma precisamente para conseguir esa gratuidade total dos libros de texto.

¿Que outros argumentos podemos utilizar para xustificar? Pois un deles é o informado polo conselleiro de Educación esta mañá: o setenta por cento das familias xa teñen a gratuidade dos libros de texto aquí en Galicia. Ben, soamente temos que ampliála para o trinta por cento que falta. E —repito— iso suporía unha maior tranquilidade, unha maior facilidade para iniciar os cursos ás nosas familias. Polo tanto, non hai criterios políticos, non hai criterios ideolóxicos, non hai diferenzas entre partidos políticos; o que hai é única e exclusivamente unha prioridade por parte da Consellería de Educación aquí en Galicia de non aceptar esta proposta e non aceptar esta medida. Polo tanto, nós, dende o Partido Socialista o que pedimos é que os deputados do Partido Popular traten de convencer o seu Goberno, que traten de convencer a Xunta de Galicia para que adopte esta medida. Non supón un importante de-



semboleso económico, pero si supón unha maior facilidade e unha maior tranquilidade para as familias —que non teñen que estar preocupadas de se cumpren criterios, nalgúns casos criterios complicados e difíciles— para afrontar o inicio de curso, que trae como consecuencia bastantes problemas desde o punto de vista económico.

Polo tanto, desde aquí o que solicitamos é que precisamente este Parlamento apoie maioritariamente esta proposta e, polo tanto, poidamos convencer o Goberno da Xunta de Galicia de que precisamente faga o esforzo de decisión política de implantar esta medida que —repto— vai ser xeneralizada para todos os rapaces e rapazas de Galicia e, polo tanto, vai ser beneficiosa para todas as familias galegas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Declina a intervención.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

É un tema recorrente hoxe. O ano pasado, a estas alturas, estabamos solicitando dende o BNG que ampliasen as axudas ás familias, que tiñan unha morea de gastos a principios de cada curso por mor da subida de prezos en cuestións que son básicas e que non podían eludir. As axudas, xa daquela, eran e seguen sendo insuficientes. Nós propuñamos, ademais, o cambio de modelo a outro que permitise o préstamo de todos os libros de texto e material escolar a todo o alumnado en etapas educativas obrigatorias. Como xa se dixo, é preferible pagar as carreiras daquelas familias que poden acceder a unha ou incluso varias, ¿verdade? Pois este mesmo ano trouxemos dende o BNG de novo esta cuestión antes de rematar o curso escolar para que tivesen tempo de organizar o cambio de modelo; si, en maio, porque se supón que é nesa época cando se organiza o curso e non improvisándoo agora en setembro. Pero seguen votando en contra de medidas que funcionan xa noutros países, non soamente en Galiza. Pero aquí, en concreto, estivo testada e foi un grande éxito, incluso con menos recursos.

O Partido Popular no Goberno da Xunta vota en contra recorrentemente, cando nos din que nós somos o partido do non. Non sei se é que vostedes non ven as declaracións que fan aquí habitualmente, porque queda claro que o seu modelo e os seus obxectivos con respecto aos servizos básicos públicos, dende logo, son outros. Vostedes están máis pendentes do que acontece en países como Venezuela que de atender os problemas que realmente teñen todas as galegas e galegos. Dan as costas ás súas necesidades, porque favorecer os mesmos de sempre e as empresas amigas seguramente lles darán maiores réditos que preocuparse dos problemas reais que temos aquí no noso país.



Moitas familias deben decidir neste mes se necesitan pedirlle prestado á familia para asumir o custo de todo o relacionado co comezo do curso escolar ou enfrontarse, ao mellor, con ter que deixar de asumir gastos que lles son propios e que deberán decidir en que gastar. Pero vostedes seguen insistindo en que están a beneficiar un setenta por cento das familias coas súas axudas. Pois está claro que é un modelo diferente, no que priman uns poucos en vez de beneficiar a todas as familias e, ademais, eliminar aínda por riba a gran burocracia que teñen os centros neste momento con esas axudas.

O Partido Popular debe cambiar a súa liña política e optar, dunha vez por todas, por asumir as súas competencias con respecto aos servizos básicos; e a educación é un dos máis importantes. Como xa quedou claro na comparecencia de hoxe do conselleiro —e avalado tamén polas notas de prensa que presentei aquí mesmo e que calquera persoa vai poder consultar na hemeroteca—, el mesmo recoñecía que as instalacións dos centros educativos están tamén moi avellentadas e, por tanto, precisan daquelas reformas integrais, da actualización de interiores, así tamén como daquelas obras de seguridade e de accesibilidade.

Todo isto é unha responsabilidade que lle corresponde soamente á Consellería de Educación, que debe liberar os concellos desa función e dun custo inasumible para eles. Mentres os concellos asumen unha parte importante dese custo, máis alá do mantemento, non están a asumir realmente servizos que lles son propios, como pode ser o abastecemento de auga, o saneamento ou incluso a actualización de parques e xardíns. E os concellos máis prexudicados na actualidade son os rurais, con escolas de infantil moi antigas e das cales a Xunta pretende que asuman o custo completo, non soamente do mantemento, senón das obras que precisan; buscando, en definitiva, o seu peche en canto baixan as *ratios* fixadas.

A falta de políticas pensadas para zonas con dispersión de poboación, como é o rural galego, provoca que as persoas residentes neste territorio teñan dificultades na súa mobilidade para asistir ás escolas en etapas non obrigatorias, xa o falamos e o debatemos hoxe mesmo aquí: para ir facer o bacharelato, ciclos formativos ou incluso ten dificultade o alumnado para achegarse á súa universidade de referencia. Polo tanto, o transporte público debería ser un deses piares que precisamos; ben asentado, con liñas e frecuencias suficientes para chegar á hora tanto aos centros educativos como incluso aos centros laborais. Sobre todo nun momento onde se prima a mobilidade sostible para acadar os indicadores marcados pola Unión Europea para mellorar a calidade ambiental das cidades e das vilas e, como consecuencia, tamén para mellorar a saúde das persoas.

Por iso, é de máxima importancia realizar un estudo sociolóxico, mesmo por parte das universidades galegas —non temos que buscar máis alá—, que indique aquelas liñas de actuación do Goberno galego que impulsen o asentamento poboacional nas pequenas vilas e tamén nas parroquias rurais. Pero sempre contando con servizos cercanos ou que permitan a mobilidade coas vilas ou cidades que son de referencia.

¿Vostedes, os do Partido Popular, pensan que un gran cartel de «Ruralízate» é suficiente para que as cousas melloren no rural? ¿Que as persoas que ven o cartel van querer, sen as medidas axeitadas para vivir nun entorno amable e conectado? Pois primeiro hai que estar comprometido co ámbito rural a todos os niveis económicos e sociais. Se falamos, por exem-



plo, neste caso en concreto do ensino, o contexto rural ofrece grandes oportunidades para a innovación educativa, susceptibles, ademais, de ser aproveitadas polas docentes para ofrecer unha educación de calidade, atendendo ás necesidades de cada alumno ou alumna. E, ademais, ofrece a posibilidade dun contacto directo coa natureza na contorna do alumnado; e, así, desenvolverse e medrar a nivel tanto físico como mental.

O impulso da escola no rural debe ir acompañado de servizos complementarios, por suposto, de igual xeito que o resto dos centros, tanto nas vilas como como nas cidades. Non hai diferenza. As familias o que buscan é un entorno máis humanizado e amable, pero sen prescindir dos servizos necesarios para poder conciliar a escola coa actividade diaria, persoal e laboral dos proxenitores —como o transporte escolar, comedores ou, dende logo, as aulas matinais—. Polo tanto, o BNG votará a favor desta iniciativa do Partido Socialista.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Suárez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde de novo a todos e a todas.

Señor Abalde, o que di o señor Feijóo é o mesmo que lle dixen eu esta mañá; e é que lle fagan cumprir ao señor Sánchez o seu compromiso no seu pacto con Sumar, que non foi outro que o de estender a gratuidade dos libros de texto a todo o territorio español. Iso é o que di o señor Feijóo e o que di o Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)*

Miren, a realidade —xa o falamos ao longo desta mañá— contrasta co discurso do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. Tal e como dixemos, Galicia conta co sistema educativo máis equitativo de España. E non o di o Partido Popular; dino eses informes PISA que tanto lle gustan á señora Fernández.

Nós damos as mesmas oportunidades a todo o alumnado e tamén conseguimos que o rendemento dos estudantes dependa das súas capacidades e tamén do seu esforzo persoal, e nunca do contexto social, económico e cultural. Ademais, somos capaces de facelo sen renunciar á calidade e á excelencia.

Como saben vostedes, foron moitas as ocasións en que nesta Cámara se debateu sobre o sistema de libros da Xunta de Galicia. Realmente, traer o mesmo asunto durante máis dunha década demostra, ou ben que non teñen propostas novas, ou ben que dende o Goberno da Xunta de Galicia se está facendo moi ben.

Pois miren, fronte a estas críticas de serie que todos creo que estamos cansos xa de escoitar, imos explicar unha vez máis cal é a proposta do Partido Popular: un modelo redistributivo que aplica criterios de renda e que permite unha repartición máis igualitaria dos recursos



públicos; un modelo híbrido que ten en conta a realidade actual do ensino e que aposta tamén pola combinación dos recursos dixitais co papel. É un modelo que se reforza e que se amplía nos últimos anos para que o inicio do curso nunca sexa un problema para ninguén. ¿Ou acaso prefire a oposición que todos os galegos teñan que pagar os libros das rendas máis altas? ¿Ese é o modelo que quere o PSOE e o Bloque Nacionalista Galego? Dende logo, o do Partido Popular non é, porque non nos parece unha medida moi progresista.

Nós continuaremos defendendo a utilidade e a idoneidade do modelo de gratuidade solidaria dos libros de texto. Actualmente, como avanzou o conselleiro, chega a máis do setenta por cento das familias. E para el destínase, neste curso que se iniciará mañá, unha partida de 17 millóns de euros.

Por unha banda, están as axudas para os libros de texto, os fondos de libros, o libro dixital e tamén as axudas para material escolar. No caso das axudas aos libros de texto están dirixidas a alumnado de primeiro e segundo de Primaria, de Educación Especial e persoas con discapacidade igual ou superior ao 65 por cento. Nestes niveis os libros non son reutilizables, dado que son fichas nas que os alumnos escriben, pintan etcétera. Estamos a falar de axudas que oscilan entre os 160 e os 240 euros. Volvo insistir: en función da renda, para axudar a quen máis o precise e non para que todos os galegos teñan que pagar aqueles recursos que son máis necesarios para algunhas familias. E tamén 300 euros para todo o alumnado matriculado en Educación Especial.

Con respecto ao fondo de libros, está dirixido ao alumnado dende 3º de Educación Primaria ata 4º da ESO, que emprega os libros de fondo de cada centro grazas ao financiamento da Xunta de Galicia. O próximo curso repartiranse máis de catrocentos mil entre todo o alumnado a través desa asignación progresista por orde inversa á renda. Con isto o que garantimos é que as familias coas rendas máis baixas sexan as primeiras destinatarias. Ademais, todo o alumnado cunha discapacidade —como dixen— superior ao 65 por cento recibe o máximo número de libros.

Respecto do libro dixital, a realidade tecnolóxica e dixital mudou por completo nesta última década, como todos e todas sabemos. Pero Galicia soubo adiantarse para garantir que o alumnado contase coas capacitacións necesarias para facer fronte aos retos actuais e de futuro. Para este curso 2024-2025 reforzamos o programa E-Dixgal de libro dixital a través de catro vías: a mellora da calidade dos contidos, máis seguridade no acceso á formación do profesorado e máis información ás familias. Actualmente, a este programa están adheridos uns seiscientos catorce centros e máis de sesenta e catro mil alumnos. E con isto garántese a competencia do alumnado e evítase que haxa unha brecha tecnolóxica, xeográfica e socioeconómica.

Respecto das axudas a material escolar, finalmente máis de cento vinte e seis mil rapaces e rapazas poderán volver empregar o bono para material escolar, unha proposta da Xunta de Galicia que se vén consolidando, reforzando e ampliando nestes últimos anos para axudar as familias diante da falta de medidas do Goberno do Estado. Estamos a falar de bonos que van dende o 60 ata os 75 euros en función da renda e que son compatibles co resto de medidas de apoio.



Mentres tanto, ¿que fai o PSOE? Pois acabo de explicarlles cales son os principios e o modelo que defende o Partido Popular. Un modelo que nos permite ser a comunidade autónoma máis equitativa de España. O PSOE non ve nin quere ver os avances de todos estes anos e continúa traendo a esta Cámara os mesmos temas —como xa dixen— unha e outra vez dende hai máis dunha década. Pero fano sen contar toda a realidade, porque ocultan que o cambio da lei educativa estatal por parte do Ministerio de Educación, ás présas e sen ningún tipo de consenso, obrigou a renovar todos os materiais antes de tempo. E isto —xa o avancei tamén esta mañá— significou un maior desembolso das familias ao ter que renovar nos dous últimos cursos todos os libros. Unha vez máis, as decisións do PSOE en Madrid sáenlles ben caras aos galegos e ás galegas.

Tampouco mencionan cal é a aportación que o Goberno do Estado fai a Galicia para apoiar as familias na compra de libros. Non chega nin ao quince por cento do total que inviste a Xunta de Galicia cada ano. Pero o que é máis grave é que son vostedes os que non están cumprindo unha vez máis. Electoralismo: dise unha cousa, pero despois non se fai.

Xa lle dixen ao inicio o que pedía o señor Feijóo —o mesmo que pide o Partido Popular—, que é que se cumpra ese acordo, ese pacto con Sumar con respecto á gratuidade dos libros. Pero tamén incluíron nese pacto ampliar as axudas para o comedor escolar. O tempo pasa e nada sabemos no día de hoxe. Non temos, polo menos, constancia de que se mantivese nin unha soa reunión ou se fixese a mínima xestión para implementala.

E, miren, —xa para rematar— os cidadáns de Galicia confían no Goberno galego e na súa palabra. Nós non facemos política de anuncios; nós cumprimos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señora Vázquez, despois da súa intervención o que non entendo é para que vale o Goberno da Xunta de Galicia. Porque, se as competencias educativas son exclusivas da Xunta de Galicia e resulta que todo depende de que o cen por cento do financiamento veña do Goberno central, pois entón haberá que pedir que renuncien a esas competencias e que o Goberno central se encargue. E que se encargue, ademais, dos fondos ordinarios que transfiren á Xunta de Galicia, para facerse cargo deste servizo. Que quede o Goberno central e faga directamente o seu sistema.

Polo tanto, isto é unha cuestión de prioridades. Vostede di que necesitan fondos para facer fronte á gratuidade dos libros de texto. Pero, para baixar impostos, non os necesitan. Para aí si, para iso non hai problema... Os vinte e tantos millóns de euros que baixan de impostos ás rendas máis altas de Galicia poderían utilizarse para iso. E iso si que é unha decisión do Goberno, do Goberno de Galicia, que toma a decisión de rebaixarlles os impostos ás rendas máis altas e non toma a decisión de facer a gratuidade dos libros de texto. Por certo, eu dixen na miña intervención canto aporta este ano o Goberno do Estado para a gratuidade dos libros



de texto: 2.600.000 euros. Acáboo de dicir. O que pasa é que, claro, se non escoitamos as intervencións aquí é bastante complicado.

E vostedes din que xogan un papel redistributivo e que, polo tanto, teñen que facer a aportación ás familias que máis o necesitan. E nas taxas universitarias, ¿que papel redistributivo hai? É dicir, ¿aí si que dá igual a renda que teñan para que lles dean a matrícula gratuíta? É máis, o trinta por cento da poboación galega que ten menor renda xa ten a matrícula gratuíta a través de bolsas. Polo tanto, vostedes o que fan é xustificar unhas decisións políticas e xustificalas en cada momento de forma diferente.

Pero ben, xa que estamos e que vostede entrou no tema, esta mañá estivemos falando do programa Mega. No programa Mega o conselleiro dixo que se ían gastar 77 millóns en catro anos. Ben, iso son 19,27. ¿Sabe canto aporta o Goberno central este ano para os distintos programas do programa Mega? Onde está... Por certo, esta mañá vostede dixo que o Goberno central prometera quiñentos millóns de euros e só dera cinco. ¡Non! Prometeu quiñentos millóns para todas as comunidades autónomas e este ano puxo cen millóns enriba da mesa, dos que a Galicia lle corresponderon cinco millóns de euros. Polo tanto, non era exactamente así; puxo o vinte por cento do comprometido e a Galicia correspondeulle o cinco por cento.

Pero, imos ver, das medidas que hai no programa Mega a maioría delas son financiadas precisamente por fondos estatais. ¿Sabe canto lle correspondeu? Home non, conselleiro, chega vostede agora e faime... programa Proa+: 5.900.000; Programa de reforzo matemático: 3.370.000; Programa de reforzo da lectura: 1.700.000; Código 4.0: 3.460.000; educación inclusiva: 3.028.000. Iso son 17 millóns de euros. O programa Mega non chega a vinte millóns ao ano.

E, por certo, esta mañá xa me dixo que eu falara de 72 millóns para a Formación Profesional, para os parados, os ocupados e para tal. Pero acaba de aprobar o Goberno 18,8 millóns para Galicia para a primeira fase de modernización da Formación Profesional. Vostede anunciou esta mañá que o novo plan supoñía, no caso de catro anos, seis millóns por ano. É dicir, o Goberno central aporta o triplo. Pero, se non é iso. O caso é que cada un se responsabilice das súas competencias e intentemos facer entre todos o mellor sistema educativo, pero aquí en Galicia, e que cada un afronte as súas competencias e as súas decisións políticas. O Goberno da Xunta prefire, prioriza, rebaixar impostos ás rendas máis altas e non a gratuidade dos libros de texto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Paulo Ríos Santomé.

Non sei se se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Acéptase.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Xulio Abalde.*

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Antes de pasar ao punto seguinte da orde do día, unha mínima reflexión, pero que non por iso deixa de ser importante.*

Hoxe é o Día Mundial da Prevención do Suicidio, e o lema que este ano escolleron é «Cambiar a narrativa», ou sexa, informar do suicidio dunha maneira responsable. Galicia e Asturias



teñen a taxa máis alta da incidencia no suicidio. Polo tanto, penso que podiamos sumarnos, aínda que non foi unha declaración institucional, a esta proposta que hoxe nos fan.

Moitas grazas.

Continuamos co punto seguinte, que son proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central relacionadas coas condicións en que están os servizos ferroviarios en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Trenor López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa, a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir catro novos puntos ao texto da parte resolutiva da iniciativa, co seguinte texto:

«5º. Que se axilice a execución da Saída Sur de Vigo, para que poida estar en funcionamento no horizonte de 2030, xa que constitúe un elemento clave para avanzar na conexión con Portugal por alta velocidade.

6º. Que se dea cumprimento aos compromisos adquiridos na xuntanza celebrada o pasado xuño sobre a designación dun interlocutor para requirir información e explicacións sobre as constantes incidencias que se rexistran no transporte ferroviario en Galicia, a remisión do Plan director do Corredor Atlántico e a creación do grupo de traballo técnico entre Xunta e Goberno central para avanzar nos proxectos previstos e analizar as necesidades detectadas.

7º. Que se corrixa as múltiples incidencias e retrasos rexistrados no servizo ferroviario en Galicia, nomeadamente no relativo aos trens Avril-Avlo, e incorporar os novos trens comprometidos polo Ministerio para o vindeiro outono como resposta á alta demanda contabilizada.

8º. Que se reprobe ao ministro de Transportes e Mobilidade Sostible polas declaracións realizadas durante a súa comparecencia nas Cortes Xerais nas que, lonxe de asumir o caos do transportes ferroviario rexistrado durante este verán, asegurou que «o tren vive en España o mellor momento da súa historia».»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.



Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que aplique ao transporte público por estrada o mesmo que a Xunta lle exige ao goberno de España.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Gonzalo Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boas tardes.

Ás veces somos quen de facer un debate quizais máis sosegado que o que tivemos pola mañá. A pesar de todo o esforzo do Bloque Nacionalista Galego por xerar conflitividade, por buscar a confrontación, é verdade que o ministro de Transporte pois fai o seu mérito tamén para restarlles algo de protagonismo, pero o Bloque Nacionalista —dicíao moi ben o meu portavoz hoxe pola mañá— ao imputar ao Goberno da Xunta de Galicia de forma sistemática todos os abandonos e as negligencias do Goberno central pois creo que lle fai moi pouco ou faille un fraco favor á nosa terra. Creo que tamén contribuír co Partido Socialista a espallar ou difundir cortinas de fume para desviar a atención sobre os negocios da familia Sánchez pois tamén creo que non lle fai ningún favor ao noso país. Pero, como dicía o ministro de Transporte, por moito esforzo que faga o Bloque Nacionalista, ten capacidade para ser o protagonista absoluto, como foi este verán. É verdade que este protagonismo non arrancou no período estival, xa viña de atrás. Este é un ministerio marcado polos incumprimentos, pola falta de transparencia, pola escaseza de investimentos, pola ausencia de interlocutores coa Xunta de Galicia e por un déficit dos orzamentos.

É verdade que non debe ser un ministerio fácil, pero algo ou moito ten que ver tamén cos seus responsables e a xestión que están a facer. E o que ocorreu este verán é a proba. Nunca, nunca houbo tantas incidencias, atrasos, xente tirada, avarías no material rodante, nas infraestruturas, un servizo desbordado, fallos da plataforma tecnolóxica e o seu persoal ao límite. E ¿cal foi a resposta do Goberno central? Negar a realidade, mentir, pedir calma, é dicir, que todo isto é unha conspiración da extrema dereita.

Dígolles unha cousa: calquera persoa que saiba de xestión dicía que isto ía pasar, que era cuestión de tempo que ocorrera o que ocorreu este verán. ¿Por que? Porque a xestión, a planificación, o diálogo e a colaboración con outras administracións, deseñar os proxectos, sacalos a concurso, executar as obras, defender o interese xeral, ninguén di que sexa fácil, nin sequera tendo os mellores. Pero, claro, se no Ministerio de Transporte o que temos son os Koldos, temos as Jéssicas, temos os contratos aos amigos, temos os familiares, os das mascarillas, os que agora volven traballar para os fondos de Suíza —iso si que é un exemplo de portas xiratorias—, é imposible que funcione un ministerio desa forma. *(Aplausos.)*

Se o propio o ministro pois fai gala dunha ordinariez, dunha chulería, dunha falta de respecto que xamais coñecemos —e mira que o listón xa estaba moi baixo— é imposible que o ministerio funcione. Un ministro que insulta presidentes das comunidades autónomas e alcal-



des que defenden os lexítimos intereses dos seus territorios; un ministro que encubriu e mantivo altos cargos implicados en casos de corrupción; un ministro que nas redes é co-varde, que bloquea calquera que defende un servizo público de calidade para os cidadáns. E ademais temos un ministro mentireiro, incapaz de asumir a realidade e conspiranoico.

E, ademais, cando milleiros de persoas estaban abandonadas nas estacións ou encerradas en trens avariados, o ministro xogando ao golf, de concerto coas súas amigas, e non sabemos se neses Mercedes que lle prestan os seus amigos, que ademais son beneficiarios das adxudicacións das administracións onde goberna.

Pero a min o que faga o ministro no seu tempo libre ou coa súa vida privada dáme absolutamente igual; iso si, que o pague do seu peto e que cumpra cos compromisos do ministerio e deixe de prexudicar a Galicia de forma constante.

O Goberno de Sánchez amosou reiteradamente que non ten ningún interese por mellorar a conectividade ferroviaria dos galegos e galegas. Os trens AVRIL chegaron tres anos tarde, agora achegan con tres horas de atraso. Aos atrasos na entrega dos vehículos hai que engadir agora os continuos problemas que están a facer que os trens puntuais se conten cos dedos dunha man. As prazas das conexións con Madrid son claramente insuficientes, como se pode comprobar; como pode comprobar calquera de vostedes, se queren comprar unha praza e cunha semana antelación, máis do 70 por cento das prazas xa están vendidas.

Cando hai tantos asuntos, facer as obras pendentes, as intermodais, restablecer todos os servizos pre pandémicos, adaptar a oferta de prazas de alta velocidade á demanda, trasladar o Plan director do corredor atlántico, facer a saída sur, avanzar na conexión con Portugal, o Goberno central saca da manga un estudo, en complicidade co Bloque Nacionalista, que non deixa de ser máis que outra foto inútil.

Agora dinnos que van estudar a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago. Sería bo se fose certo, pero, se queren mellorar a conectividade ferroviaria de Lugo, voten a favor desta proposta, desta proposición, e empecen por apostar realmente pola mellora; pola mellora da liña ferroviaria Lugo-A Coruña, xa que mellorar esta conexión entre estas dúas cidades é imprescindible para que a mellora entre Lugo e Santiago fose efectiva, xa que o 70 por cento do percorrido que se está a propoñer para mellorar sería xa o que é da liña existente.

Aposte tamén pola rede entre Lugo e Ourense, xa que así podería chegar o AVE á cidade amurallada. Pero parece que o equipo do ministerio non só non é que non aposte, senón que, ademais, ralentizou os proxectos de mellora e procedeu a modificacións que afastan esta cidade da alta velocidade, como por exemplo foi a paralización das variantes de trazado ou a modificación do trazado do túnel de Oural.

O ministerio e o comisionado do corredor atlántico seguen sen trasladar á Xunta de Galicia o plan director, pese ao que anunciou o ministro. O ministro na Coruña, cando se presentou un powerpoint, anunciou que ao día seguinte as administracións recibirían ese plan director e aínda seguimos esperando. Pero é que, ademais, nunha reunión o pasado mes de xuño co secretario volveron reiterar ese compromiso e aínda estamos esperando.



Nós estamos preocupados, porque nese powerpoint o 75 por cento das actuacións que anunciaron xa están en marcha e non son as que corresponden a ese trazado que nós demandamos. E, en todo caso, o investimento —que tamén aparecía nese powerpoint— é menos da metade do que precisamos para ter un corredor atlántico de verdade.

Polo tanto, temos un ministerio que nin cre nin aposta polos servizos ferroviarios de mercadorías na nosa comunidade.

Por todo iso, señorías, presentamos unha proposta, unha proposición. Era de catro puntos. Engadimos outros catro puntos, porque entendemos que enriquece a proposta e entendemos tamén que non terán vostedes ningún problema en apoiar que lle solicitemos ao Goberno central que se restablezan e se reforcen os servizos ferroviarios, recuperando polo menos os que suprimiron na pandemia; que se realicen os investimentos necesarios para ter un servizo de calidade; que se garanta que as cidades como as de Lugo e de Ferrol accedan en pé de igualdade; que se preste especial atención debido á situación da precariedade na que se atopan os corredores ferroviarios da Coruña-Lugo-Monforte e tamén o de Vigo-Ourense-Lugo-Monforte, e así tamén as conexións entre Lugo e Madrid, tamén co País Vasco e Cataluña; que se axilice a execución da saída do sur de Vigo, imprescindible para a conexión de alta velocidade con Portugal, pero tamén para poder dar servizo de mercancías á terminal de Bouzas; que se dea cumprimento a esa xuntanza que se celebrou o pasado xuño; que se corrixa as múltiples incidencias e atrasos rexistrados neste servizo ferroviario de Galicia. E, por suposto, reprobar o ministro de Transporte e Mobilidade Sostible polas súas declaracións realizadas durante a súa comparecencia nas Cortes Xerais, nas que, lonxe de asumir o caos do transporte ferroviario, lonxe de asumir as responsabilidades que correspondían...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...ante os problemas deste verán, asegurou que o tren vive en España o mellor momento da súa historia. Creo que foi rir, foi burlarse de todos os cidadáns e creo que en Galicia xa estamos un pouco cansos deste tipo de bufonadas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

¡Vaia día que leva o señor Trenor! Debería de escoitarse a si mesmo.

Se por algo se caracteriza o PP, e así hai que recoñecelo, é pola facilidade para construír relatos baseados en feitos non certos, en importantes omisións, e levalos a constante repeti-



ción, convencéndose a si mesmos de que están en poder da razón. Ninguén como o PP repite mil veces unha mentira para acabar créndose que é unha verdade.

A outra mestría do PP, ligada á anterior, é a dos mantras. Deciden un mantra e non o soltan ata que cambian de mantra e soltan o anterior sen despeitarse. Dicimos todo isto porque estamos ante un dos bos exemplos: a situación ferroviaria en Galicia, que como mantra do PP aquí é a comunidade autónoma peor tratada polos gobernos do PSOE en toda España. O curioso é que isto mesmo tamén o di o PP naquelas comunidades autónomas nas que gobernan e confrontan de forma permanente co Goberno de España. O primeiro trazo do PP é a deslealdade institucional e a falta de sincera colaboración co Goberno do Estado. Os posicionamentos de Ayuso, nos que corrixe de forma permanente a Feijóo, son a mellor mostra, e a máis clara témola recentemente.

Señor Trenor, para falar de infraestruturas, en xeral, e de ferroviarias, en especial, débese facer desde o rigor e a autocrítica neste caso do que fixo o PP no Goberno do Estado con Rajoy. O deseño do AVE para Galicia é absoluta responsabilidade do PP, con Fraga como presidente, porque o trazado foi unha decisión para favorecer determinados territorios e cidades. Vir falar agora de discriminación de Lugo e Ferrol, cando os seus antecesores son os responsables desa decisión é un exercicio de hipocrisía propio de vostede. *(Aplausos.)* E vésselles tanto o plumeiro que se esquecen doutros territorios e cidades marxinadas pola decisión do PP, como poden ser as cidades de Pontevedra e de Vigo.

No relativo a Lugo, *(O señor Trenor López fai xestos.)* —deixe de facer xestos, por favor— por contextualizar os antecedentes, o Goberno de Rajoy no seus sete anos de goberno non investiu nada na modernización da liña ferroviaria Lugo-Monforte-Ourense. E non só isto, senón que mesmo paralizou as obras do AVE a Galicia de forma irregular, como recoñecía o Tribunal de Contas. O Goberno de Pedro Sánchez leva investidos máis de cincocentos cincuenta millóns de euros na modernización da electrificación da liña ferroviaria Lugo-Monforte-Ourense, con obras en execución e neste momento moi avanzadas.

Por seguir falando de Lugo, o Goberno de Zapatero, con José Blanco de ministro, licitou e adxudicou o proxecto da estación intermodal de Lugo. E cando accederon ao goberno, Rajoy como presidente e Ana Pastor como ministra, dous galegos, suspenderon o contrato coa consecuente indemnización á empresa adxudicataria. Este, señor Trenor, é o compromiso do PP con Galicia. ¡Debería darlles vergonza! *(Aplausos.)*

Para o PP parece que o período 2011-2018, no que gobernou Rajoy, non existiu. Claro que existiu, e non se fixo absolutamente nada polo desenvolvemento ferroviario. A inacción política e a falta de compromiso de Rajoy e do PP con Galicia son os responsables directos da situación en materia ferroviaria que herdou o Goberno de Sánchez.

Hoxe, o compromiso de Pedro Sánchez co ferrocarril en Galicia véñse materializando en actuacións concretas, que melloraron de forma histórica a conexión. Parece que non se enterou, pois desde o pasado mes de maio os novos servizos AVE conectan Galicia con Madrid, desde Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Santiago de Compostela e A Coruña, con paso por Ourense e A Gudiña. Tampouco debeu enterarse de que a ocupación dos trens S106 é



plena, preto do cen por cento, o que demostra a confianza dos clientes no servizo. E a alta demanda demostra o empeño de Renfe por dar aos galegos e ás galegas máis posibilidades de viaxe, con máis prazas para os seus desprazamentos e poder usar o medio de transporte colectivo máis sostible do mercado. A todo isto debe engadirse a versión Avlo desde o pasado mes de xullo.

¿As incidencias? ¡Claro que si!, prodúcense por máis axentes externos, como a incidencia na infraestrutura —obras de Chamartín, que non só afectan Galicia, senón toda España—, as condicións meteorolóxicas adversas etcétera, pero sobre todo pola alta ocupación, que é histórica neste momento.

Pero tamén en cercanías, a aposta do Goberno de España foi decidida e as cifras son espectaculares. No período entre o 1 de maio e o 31 de agosto en Galicia, Renfe expediu 82.000 abonos gratuítos en cercanías e media distancia; proba da utilización masiva do tren grazas ás medidas do Goberno de España. E como vostedes seguen falando de reforzos, sirva como exemplo a ampliación de 7.300 prazas extra semanais para os trens A Coruña-Vigo, postas en marcha onte mesmo.

Esta proposición non de lei, señor Trenor, é un decálogo de demagogia, como veño comprobando, moi propia de vostede. Sería bo que o PP aquí rendese contas e balance de cantos trens adquiriu o Goberno de Rajoy e das medidas concretas para favorecer o transporte de proximidade, sería moi bo. A vostedes impórtalles moi pouco as infraestruturas, impórtalles Venezuela e a República Bolivariana. E así o demostraron coa súa autoemenda, que se compón de puntos de recheo para terminar co único ao que veu vostede aquí, que é á reprobación do ministro de Transportes. ¡Como lle revolve ao PP o que di Óscar Puente! Nós vimos falar en positivo, de infraestruturas, da chegada do AVE a Galicia, do incremento de viaxeiros, dos bonos gratuítos, do bono Programa Verán novo, que mobilizou dous millóns de mozos con investimentos de cento trinta millóns de euros. Non imos participar no fango no que vostedes queren converter este debate.

Señor Trenor, ¿sabe o peor para o PP? Que o ministro ten razón cando di que o tren vive en España, tamén en Galicia, o mellor momento da súa historia. Mire: vostede sofre moito co Goberno de Pedro Sánchez e co ministro de Transportes, e debe relaxarse porque lle faltan tres anos. Así é a democracia; éa aquí e tamén en Madrid.

Como conclusión, os usuarios do tren e o seu grao de satisfacción en Galicia son a mellor contestación á súa demagogia. A nós é o que nos importa, e a vostede parece que a República Bolivariana. Pedimos a votación separada por puntos para non caer con vostedes no fango. E en relación co anterior, é vostede moi xove para estar tan inquieto e tan preocupado.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.



O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Din os expertos que o tren cambiou a sociedade alá por finais do século XIX e que houbo un cambio paradigmático na mente da xente e na concepción da sociedade. E dino porque ata ese momento cada parroquia tiña a hora que tiña, e as parroquias puñan o reloxo en hora alí na casa do concello ou na da igrexa parroquial cando estaba o sol no máis alto, púñano nas doce, e a partir de aí pois esa era a hora da parroquia. Pero a parroquia do lado ao mellor ía desfasada dous minutos ou tres, e a de máis alá outro tanto. Pero cando chegou o tren din os expertos que cambiou por completo a concepción do tempo, porque fixo sincronizar os reloxos, por motivos obvios, e iso —segundo din— trouxo uns cambios fundamentais na cosmovisión da xente, na visión da tecnoloxía; coñecemos todos ese famoso poema de Curros Enríquez sobre a máquina do tren chegando Ourense etcétera.

Quero dicir con isto que a puntualidade dos trens é fundamental para que a cidadanía confíe en algo que vai moito máis alá, é un símbolo do bo funcionamento das administracións, é un símbolo do bo funcionamento e da confianza nos gobernantes etcétera. Cando falla algo tan —imos dicir— prosaico como a puntualidade dos trens parece como se se derrubase algo máis ca iso. Quero dicir con iso que agora, vendo que os trens chegan cando chegan e teñen que parar para que pase outro, os que viaxamos a miúdo en tren e os que lemos nos medios de comunicación esas incidencias das que están falando día si e día tamén pois dámonos conta de que efectivamente o servizo ferroviario está tendo moitas eivas.

Saía onte ou hoxe o señor conselleiro —que se acaba de marchar— nunha emisora de radio dicindo tamén as múltiples incidencias das que se fan todos os días eco os medios de comunicación e que as vivimos habitualmente nós.

¿Que hai deficiencias? Vou poñer un caso concreto, que é o caso da cidade de Ourense. Eu dentro dun rato, cando acabe ao pleno —a ver se non teño que tomar outra clase de medidas— terei que coller o tren, e o último tren para a cidade de Ourense é ás oito e cuarto, aproximadamente, e non hai outro tren. Sen embargo, para vir de Ourense a Santiago o último tren é ás once. Quere dicir que a cidade de Ourense está discriminada unha vez máis agora mesmo nun caso moi concreto, e vostedes saben que aquí á cidade de Santiago vén moitísima xente traballar todos os días, estudar, ter negocios, que vén a Santiago e volve á cidade ourensá, e non ten a oportunidade de volver —incluso profesores universitarios que veñen dar clases á universidade en determinados días da semana ou en todos—. E para a volta con moitísima frecuencia teñen que coller autobuses, o automóbil privado ou outros, ou quedar a durmir. Quere isto dicir que algo tan sinxelo como é que de Santiago a Ourense se puidese volver a unha hora tan lóxica como poden ser as once da noite —antes había o famoso tren *Rías Altas*, que che permitía chegar a Ourense a unha hora máis tardía, e poder vir aquí a Santiago facer compras, facer xestións etcétera—. É un caso concreto que poño como mostra; este caso concreto foi xa ao Concello de Ourense nalgún momento para instar as entidades pertinentes, neste caso o Estado español.

Efectivamente, temos que recoñecer que temos que apoiar o Partido Popular nesta emenda e que temos que dicirlle ao Goberno de España que tome en serio o tren. Tamén coincidimos nas demandas que fai habitualmente o Bloque Nacionalista Galego acerca das cercanías e da



vertebración interna de Galicia en relación cos trens de media distancia. Pero neste caso concreto desta moción temos que dicir que lle damos a razón ao Partido Popular e que imos votar a favor.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señor Trenor, mentres estaba vostede falando, se un pechase os ollos e obviase algúns nomes podería parecer que estabamos falando do Goberno de Rajoy ou do Goberno de Aznar. Porque aquí hai un problema, e é que ningún Goberno español da historia da democracia cumpriu con este país en termos de infraestruturas, ningún. E o triste é que vostedes fixeron borrón e conta nova a partir de 2018, cando hai que atacar o Goberno do Partido Socialista, mentres que a nós aínda nos sacan lemas da ANPG, (*Risos.*) e para vostedes parece que antes de 2018 aquí non pasou absolutamente nada. ¡É increíble! (*Aplausos.*) Efectivamente, ningún Goberno español cumpriu con Galiza, dado que a metrópole nunca cumpre coa colonia. Iso é así. Iso sempre foi así.

E todo o que ten que ver coas declaracións do ministro Puente pois quizais as que vostede puxo no punto de acordo desta PNL ata non son das peores. Como lle contestaba o noso compañeiro deputado no Congreso, Néstor Rego, que Galiza non tiña ningún tipo de dereito a sentirse abandonada en termos de ferrocarril. É totalmente irrespectuoso. Por non falar tamén despois de cuestións como o que dixo sobre a AP-9 e moitas outras cousas, ¿non? Quero dicir: aí habería para escoller, e quizais a que vostede escolleu non é das peores.

É que temos un problema cando calquera tipo de cuestión, e sobre todo cuestións moi importantes —antes falabamos do tema dos autobuses e agora falamos do tema do ferrocarril—, que son vitais para a organización, para a vertebración dun país, utilízanse como armas arreboladizas contra un goberno ou contra outro segundo toque nese momento. Porque a intervención do señor Font recorda perfectamente unha intervención que pode facer un deputado ou deputada ou un conselleiro ou conselleira do Partido Popular cando se lles fala dos autobuses: fuxida para adiante, non se recoñece absolutamente nin un erro nin ningunha irregularidade nin ningún incumprimento. Pero, iso si, sacamos peito dos millóns e millóns de liñas, de cartos e ademais. Cando, realmente, o máis san por un lado e polo outro é recoñecer que hai incumprimentos, que hai deficiencias no servizo e que, en todo caso, hai que replantexarse como se dá ese servizo e hai que poñer solucións enriba da mesa.

Ben, vostede dixó que non quería montar bronca, pero parte da súa intervención foi para facer un repaso para ver se alguén picaba aí. Eu non o vou facer, xa cubrín o meu cupo antes na outra iniciativa con esta cuestión. Pero, realmente, nin o Partido Popular nin o Partido



Socialista apostaron nunca por unha vertebración real do noso país vía ferrocarril; non o fixeron nunca nin en mercadorías nin tampouco en pasaxeiros.

Porque, seguramente —e isto é facer política ficción—, podo xogar unha man, e non perdela, a que se fora o señor Feijóo ou calquera outro presidente ou presidenta do Partido Popular e estiveran no Goberno de España, de seguro que tamén priorizaría —como fai a súa xefa de filas, a señora Ayuso— a conexión Madrid-Lisboa en vez de Galiza con Portugal, seguro. Eu estou seguro. Loxicamente, é facer política ficción. Non o podemos saber e espero que non o saibamos nunca, que se chegue a priorizar esa ruta en vez de conectar os nosos países.

E, realmente, hai un símil moi adecuado —que quizais non vou facer agora, pero despois, se queren, coméntolledo— entre o PP e o PSOE cando teñen que debaterse cuestións destas, pois Galiza é o último que importa aquí realmente. Pero por sorte hai unha organización política, que é o BNG, con representación no Senado e no Congreso, que leva non en todas as sesións pero en case todas as sesións problemáticas de infraestruturas e de servizos ferroviarios necesarios neste país, tanto ao Senado como ao Congreso. Hoxe mesmo a nosa compañeira Carme da Silva levará no Senado esta cuestión tamén, na que reclamará uns mellores servizos ferroviarios e que se solucionen os problemas.

E vemos como o Partido Popular só está para montar bronca, só está para meterlle o dedo no ollo ao Goberno de Pedro Sánchez, que neste caso o merece, porque non nos esquezamos de que aos servizos ferroviarios, si, efectivamente, estanse facendo melloras, estase avanzando, loxicamente non é suficiente —¡vamos!, nin de lonxe—, mais quedalle moitas décadas que traballar e que priorizar este país para poder chegar a unha situación máis ou menos de equilibrio en canto ás débedas que nos atinxen en infraestruturas e en mobilidade por parte do Estado. É increíble que se siga xogando a este tipo de xogos entre o Partido Popular e o Partido Socialista para despois realmente non facer absolutamente nada. E que teña que ser o BNG, co seu traballo, cos seus acordos, coas súas negociacións, coa súa capacidade de presionar o Goberno central, o que poña enriba da mesa cuestións fundamentais como o tren de proximidade.

Señor Font, eu quero que me explique cal é o tren de proximidade que hai actualmente aquí neste país funcionando, porque vostede díxoo e eu aínda non coñezo cal é o tren de proximidade funcionando aquí neste país. Se falamos, por exemplo, da conexión Santiago-Lugo, ¿quen puxo o tema enriba da mesa? ¿Quen conseguiu que se estea facendo un estudo para levar esa conexión? O BNG. ¿E quen pon enriba da mesa toda a cuestión que ten que ver co servizo de proximidade neste país? O BNG. ¿Quen todos os días defende todas estas cuestións no Congreso e no Senado? O BNG. ¿Quen está pelexando para que se devolvan os trens nocturnos Lugo-Barcelona? O BNG.

A vostedes non se lles ve, señor Trenor. Non lles dan ningún tipo de importancia a estas cuestións en Madrid porque estas cuestións en Madrid non lles importan. E só lles importa aquí para poder sacar mañá na prensa que o Parlamento de Galiza reproba o señor Puente. Que me parece estupendo, se queren xogar a iso eu non teño ningún tipo de problema. Eu tamén lles digo que eu fun reprobado no meu concello no ano 2017, gobernando ademais, e estou aquí e agora, e non teño ningún tipo de problema.



Pero, á parte de reprobacións en pleno, á parte de todas esas cuestións, o que deberían facer é traballar; o que deberían facer é traballar para poñer mecanismos e ferramentas de presión reais para que o noso ferrocarril avance. Porque recórdolles que nós temos competencias recollidas no Estatuto en ferrocarril, no artigo 27.8 do Estatuto de autonomía de Galiza. Igual que se recolle a competencia en estradas interiores tamén se recolle a do ferrocarril. E vostedes abandonaron hai moito tempo todo o que ten que ver cun ente ferroviario galego, cun tren de proximidade galego que se poida tamén manexar desde aquí, que nós teñamos a capacidade de organizar as nosas liñas, de vertebrar o noso país, tanto desde un punto de vista de transporte de mercadorías como tamén de pasaxeiros.

Pero, claro, ¿cando interesa falar do ferrocarril? Cando governa o PSOE en Madrid. ¿Cando lle interesa ao PSOE falar do ferrocarril? Cando governa o PP en Madrid. E iso é un fraco favor que lle fan á sociedade galega. A nivel de partido terán as súas tácticas, as súas historias, que sinceramente, señor Trenor, —isto dígollo en baixiño— *é que non lle importan a ninguén*. Estas pelexas ridículas entre PP e PSOE o único que fan é deteriorar aínda máis a calidade democrática e política tanto no conxunto do Estado español como neste propio Parlamento.

Entón, vostedes teñen competencias para actuar nas liñas interiores ferroviarias; cheguen a acordos, fagan apostas, realmente preocúpense polo ferrocarril deste país, que é a mellor maneira de vertebrar este país dun punto de vista tanto económico como social.

Polo tanto, señor Trenor, póñanse a traballar, tirémoslle das orellas ao Goberno central, que hai que facelo, porque esta situación ten que mellorar. Pero poñámonos a deseñar xa a mobilidade e o ferrocarril que este país necesita para avanzar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señor Ríos, ¡que gran logro!, ¡que gran logro conseguir estudos sobre as cercanías, estudos sobre o ferrocarril Lugo a Santiago, estudos e máis estudos! ¡Que pena que non poida converter ese apoio que parecía que era tan estratéxico e tan fundamental para o Goberno de Sánchez en algo máis que estudos, en algo de orzamentos nalgunha infraestrutura e nalgún servizo novo! Quero dicir: iso que reclaman aquí.

E eu agradezo o seu ton de agora, agradézoo moitísimo. É máis: estou intentando tamén igualalo para que poida haber un debate *sosegado*. Pero creo que ás veces estamos en política para denunciar as inxustizas. Creo que ás veces a equidistancia non é boa. Quero dicir: pretender igualar a todos os gobernos, porque para vostedes todos os gobernos que dependen dos gobernos centrais son iguais, pois ás veces non é así, ás veces tamén hai que mollarse. E cando hai alguén que é tan nefasto e tan lesivo para o noso país, aínda que sexa de esquerdas, aínda que sexa o seu socio nas deputacións, aínda que sexa o seu socio en moitas cidades, que se non fose polo apoio do Partido Socialista non poderían gobernar, teña un



pouco de valor por rachar con esa equidistancia e defender os intereses dos galegos, máis alá de elaborar algún estudo que outro.

Señor Ojea, agradézolle o seu apoio. Entendo que tamén o Bloque Nacionalista vai votar a favor desta iniciativa; deume a sensación de que ía ser así. Eu agradézolles o apoio, pois creo que é unha proposición de defensa dos intereses do país. Se se incrementou esta proposición e houbo unha emenda de engádega é porque cada vez, cada mes, cada semana é máis grave a situación que afecta os ferrocarrís, non só en Galicia, xa que no conxunto do Estado todos fomos testemuñas do que ocorreu este, e creo que pois iso.

Pero a nós preocúpanos o que pasa aquí, preocúpanos un abandono de seis anos. Señor Font, levan xa seis anos gobernando—. E o máis grave non é que levan seis anos gobernando, é que moitos destes temas nos orzamentos de 2018 —aqueles orzamentos que xa estaban aprobados—, moitas destas partidas xa estaban, estaban as partidas para o 2018 e para os anos seguintes —de verdade, non se ría porque era así—. E o peor é que vostedes fixeron desaparecer moitos investimentos que estaban comprometidos, que pasaban agora precisamente. *(O señor Trenor López amósalle á Cámara unha folla dun periódico.)* Mire unha visita do ministro naquel momento do 2018, en maio, que anunciaba precisamente como ían ser todas esas obras e que no 2021 ía estar xa o tren de alta velocidade. Chegou tarde, chegou ademais nunha condición que non era a que demandamos, e aínda seguimos esperando. Só hai dous trens, un para A Coruña e outro para Vigo; con problemas, pero hai só dous trens dos comprometidos.

Señor Font, está vostede moi enfadado, síntoo. Pero creo que ademais hoxe foi un bo día para vostede e para os que son deputados do Partido Socialista. Hoxe sabemos que o novo sitio onde poden recuncar é no Valedor do Cidadán. Hoxe renunciou o Valedor do Cidadán de Vigo, e o gran demócrata de Vigo nomeou unha exdeputada como valedora do cidadán, porque é o que pasa en Vigo; cando alguén cuestiona e reclama transparencia no concello, vostedes fórzano a dimitir e nomean exdeputados no seu sitio. Co cal, xa sabemos cal vai ser o seu sitio cando deixe esta Cámara.

A súa emenda é un chiste, é unha falta de respecto para todos os galegos. Se vostede quere tomar isto en serio, perfecto, falaremos en serio. Se vostede vai facer este tipo de chascarrillos, ademais escritos e rexistrados, pois obterá indiferenza, porque eu non penso caer na súa falta de respecto. Vostede pode elixir entre ter o valor —que algúns do seu partido o teñen, como pode ser Lambán, como pode ser o señor Page— ou pode ser simplemente un palmeiro ou un servo agradecido do señor Sánchez. Vostede pode elixir e está a tempo de elixilo. Sería o mellor servizo que lle podería facer a Galicia e tamén, por suposto...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...á súa cidade.

Nós presentamos unha iniciativa que defende os intereses de Galicia. Vostedes saberán con quen están, se con Galicia ou queren seguir sendo servos e palmeiros do señor Sánchez, por moito que prexudique a Galicia.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Secundino Fernández Fernández, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías e a todas e a todos os aquí presentes.

Permítanme que comece esta intervención sobre un problema extremadamente grave que vive unha zona moi importante do noso país. E permítanme que comece dando un afectuoso e cariñoso saúdo por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a todas as viticultores e viticultores que aquí nos acompañan na tribuna deste Parlamento, porque sodes verdadeiramente as *maus* que manteñen unha paisaxe. (*Aplausos.*) Contra vento e marea, cargades sobre os vosos ombreiros o peso de manter esta paisaxe increíble que é a Ribeira Sacra, o único territorio de viñedo ben de interese cultural do Estado español e territorio que aspira a ser patrimonio da humanidade. Sen vós non hai Ribeira Sacra. Moitísimas grazas, de verdade.

Debémolles tanto, señorías, aos viticultores e viticultoras que xa non chega con escusas, xa non chega con desculpas. Amigas e amigos que vos encontrades na tribuna, vós avisastes o Goberno do Partido Popular de que isto ía pasar; dixéstesllo en múltiples ocasións que isto ía pasar. O Goberno do Partido Popular tiña a bomba nas súas mans e estoupou, e agora encontrámonos cun problema verdadeiramente enorme.

Durante estes días escoitei dicir frases lapidarias: «Non me van recoller nin unha soa uva», «As miñas uvas, o cen por cento delas quedarán para os animais», «A ver que lles dou de comer aos meus fillos este ano». Todas elas frases que escoitei eu a viticultoras e viticultores da Ribeira Sacra, aos cales se lles ameaza, e moitos xa o saben, con que non se lles vai recoller nin un só quilo de uva. Díciallelo eu hai uns meses e díxollelo agora o meu compañeiro Paulo Ríos: ¡póñanse a traballar xa! (*Aplausos.*)

Non só foron eles e elas os que avisaron, señorías do Partido Popular, tamén o fixemos nós a través dunha pregunta do noso deputado Secundino Fernández hai uns meses. Este avisaba de que isto ía pasar, que aos viticultores non se lles ía recoller a uva; avisaba de que ían quedar moitas familias sen un só euro de ingresos neste ano, no que a vendima estaba a punto de comezar. Non fixeron absolutamente nada. E agora teñen a decenas e decenas de familias que van recibir cero euros de ingresos este ano porque non se lles vai recoller a uva. ¿Que pretenden facer agora?, ¿algunha desculpa?, ¿algunha escusa? Que bonito é ir tomar un viño da Ribeira Sacra, que bonita é a paisaxe da Ribeira Sacra, que bonito sería que sexamos patrimonio humanidade, mentres teñen a decenas e dece-



nas de familias sen poderen recibir un só euro. Hai que ter a cara de cemento armado. (Aplausos.)

Problemas, ademais, que non son de agora, problemas que veñen de longo, como falta de remuda xeracional moi grande, enfermidades que afectan a uva ano si e ano tamén, uva que sabían que non se lles ía recoller xa desde a vendima do ano pasado, do ano 2023. E o Goberno do Partido Popular de copas; de copas, efectivamente, nunha adega do meu concello, de Chantada, en Vía Romana. En plena crise do viño póñense vostedes de copas. É que hai que ter un pouco tamén... A galería tamén hai que tela coidada.

Sairá aquí agora o Partido Popular dicindo que o Goberno popular si que actuou, que sacou liñas de axudas. Unhas liñas de axudas —hai moitos adxectivos que se poderían utilizar para cualificalas— mais eu vou dicir o de ridículas, pírricas.

Imos explicar aquí a liña de axudas que o Partido Popular lles ofrece aos viticultores e viticultoras, moitos deles aquí presentes. O Goberno da Xunta de Galiza ofrece unha axuda de 300 euros por hectárea, cumprindo todos e cada un dos requisitos e facendo toda a burocracia, que tampouco é fácil. Son 300 euros por hectárea. ¿Como se pode descoñecer tanto o territorio? As axudas da PAC, 300 euros. Si, señora Arias, estúdeo, estúdeo que non é difícil. Trescentos euros por hectárea —vostede é dun concello bastante afectado— cumprindo todos os requisitos e facendo toda a burocracia, que non é nada fácil.

¡Que descoñecemento do territorio! ¿Quen é capaz na Ribeira Sacra, sendo a orografía como é, sendo o territorio como é, de xuntar unha hectárea de terreo? A media dos viticultores de terra en propiedade é de 0,6 hectáreas. É dicir, unha persoa que cumpra todos os requisitos, que faga toda a burocracia recibirá non o ano que vén de axudas 180 euros en total. Terán que comer as uvas para sobrevivir, porque se non é imposible. ¿Xa me dirán vostedes de que pretenden que vivan os viticultores e viticultoras da Ribeira Sacra?

Non vale de nada aprobar medidas a medias, non vale de nada o de sempre, o *modus operandi* do Partido Popular: facer que se fai, facer que se goberna, e por sacar a foto. Non vale absolutamente de nada. O de sempre: aprobaron tamén vostedes a «destilación de crise». Moi ben, unha destilación de crise xa cun nome bastante complicado de dixerir, «destilación de crise», que curiosamente non vai asociada á recollida de uva ás viticultoras e viticultores. Ou sexa, que seguen tendo o problema encima da mesa. Pero é que un Goberno serio, que se diga Goberno deste país, debería aprobar inmediatamente despois da destilación de crise unha campaña de promoción tremendamente importante e moi ben financiada para sacar adiante eses viños, porque veremos quen bebe eses viños.

¿A vostedes parécelles que isto se pode permitir, que despois de ser avisados durante meses e meses, despois de ser avisados na vendima de 2023, que cheguemos a piques de comezar a vendima do 2024 e que sigamos exactamente cos mesmos problemas? Aquí algo pasa. Camiñamos sen dúbida cara a un futuro para a miña terra descorazonador. Quedaremos con tres ou catro adegas moi bonitas, probablemente amigas do Partido Popular, e despois será a xungla. Terán que vivir doutra cousa, unha actividade económica milenaria que acabará por desaparecer, e o Goberno do Partido Popular totalmente ausente. Coma sempre, nada novo.



Teñen vostedes as ferramentas jeh! Úsenas, úsenas porque as teñen e son bastantes. Eu e o meu grupo parlamentario non aceptamos máis excusas. Eles entendo que tampouco. Caerá sobre vostedes a responsabilidade de deixar morrer por acción ou por omisión —é así de triste— unha actividade económica histórica nunha zona do país tamén histórica. Vostedes verán, e o Goberno da Xunta tamén terá que ver que é o que fai.

Nós aquí lanzamos unha pregunta ao Partido Popular e buscamos unha resposta clara, porque —repito— non chega con aprobar liñas de axuda pírricas e non chega xa con sacar máis desculpas. Pedimos aquí un compromiso claro e é unha pregunta de «si» ou «non». ¿Vai comprometerse o Goberno galego a axudar economicamente con axudas directas os viticultores, si ou non? Se o vai facer, o cal espero que sexa así, queremos que se cuantifiquen e que se entreguen no prazo mínimo posible.

Está nas súas mans, está nas mans do Goberno que vostedes manteñen, teñen a centos de familias pendentes de vostedes. Non os deixen caer. E isto xa fóra de partidismos: non os deixen caer, está nas súas mans, traballen canto antes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ben, estamos falando da Ribeira Sacra, que está distribuída na contorna do río Miño nun amplo tramo e na contorna do río Sil, como todos vostedes saben nun amplo tramo, e unha gran parte da provincia de Ourense está precisamente nesa contorna, como vostedes saben.

Efectivamente, moitas veces se lles chama ao traballo dos viticultores que tradicionalmente e hoxe en día seguen traballando esas zonas de «viticultura heroica», porque realmente mirando aquelas pendentes, aquelas gradientes de altura que teñen aquelas montañas e pensar que nin sequera coa axuda da tracción animal podían subir os capazos, que as uvas tiñan que subilas as persoas ao lombo, como saben moi ben, pois así e todo lograron sacar unha uva e un viño de calidade recoñecida como todos saben, promovida no seu momento polos mosteiros e polos frades, que é outra a riqueza da zona, o románico e todo o que temos por alí.

Está claro que na actualidade esa actividade non pode ser sostible sen a axuda das institucións por motivos obvios. É moi difícil mecanizar a recollida, aínda que houbo algúns intentos afortunados; de feito, houbo algunha persoa desa zona que patentou mesmo sistemas de enxeñería para poder recoller as uvas, como saben, uns raís, uns sistemas... Un señor que tiver o pracer de coñecer, chamábase Fidel, lémbrome del, explicoume que tiña patentados varios sistemas pola zona de Sober para recoller iso. Claro, todo iso pois son uns intentos tímidos de facer un pouco menos dura a recollida da uva. Pero, loxicamente, tendo en conta que ten que recollese á man, que ten que transportarse practicamente polo ser humano, case sen axudas tecnolóxicas, iso encarece moito esa recollida e ten que precisar obrigatoriamente, de querer manter esa actividade que dá tanta categoría aos viños desa zona, de axuda pública.



Estase promovendo o rexistro desde as institucións da declaración de patrimonio mundial da UNESCO e todo iso. Loxicamente iso é moi fácil, pero despois iso para as persoas que alí viven supón unha serie de afectacións á hora de moitísimas cousas. Son afectacións patrimoniais, afectacións paisaxísticas, e é moi fácil establecer unha denominación dese tipo, pero non ter en conta que despois vai haber que darlles axudas ás persoas que se ven mer-madas en moitas ocasións nos seus dereitos de facer unha casa cunha determinada arquitectura ou de abrir unha vía cunhas determinadas características. Quero dicir que nesas situacións a administración ten que —como se di habitualmente— mollarse, ¿non?

É unha zona singular. Eu teño un amigo que me dicía que na súa aldea nunca puideron xogar ao fútbol; nunca puideron xogar cunha pelota, porque o lugar é tan torto que é imposible atopar o que é a superficie dun campo de fútbol para poder xogar ao fútbol os rapaces. Ou sexa, quero dicir que sempre foi unha zona na que vivir tivo os seus problemas e as súas cousas.

Claro, agora está o tema do turismo, é moi bonito. Se queremos seguir promocionando o turismo nesa zona como se está promocionando —eu percorrín recentemente aquela zona toda, tanto a zona do río Sil como a zona do Miño—, efectivamente é un atractivo turístico fundamental, pero aínda que só sexa polo tema da paisaxe, se queremos seguir dándolle valor a esa cuestión paisaxística, a paisaxe dos viñedos é consubstancial coa Ribeira Sacra, é o que lles dá sentido a aqueles bancais e a aquela paisaxe.

E hai unha cousa que eu non entendín moi ben da moción e é que piden unha cartografía. Non sei exactamente a que se refire. A ver, a Ribeira Sacra está cartografada ata onde eu entendo, está cartografado o país enteiro. Entón, eu non sei exactamente nun dos puntos que piden que se cartografe. Imaxino que será algún tipo de cartografía temática, non creo que se refira á orografía, porque iso si que está cartografado e mesmo pode descargar aplicacións gratuítas informáticas cartográficas que lle dan a cartografía.

Eu estiven o outro día nun ecomuseo, que lles recomendo tamén a todos vostedes, aínda que estou seguro de que a maioría de vostedes xa o coñecen, o museo do pazo de Arxeriz, no Saviñao, que ten unha reprodución a escala tridimensional de toda a Ribeira Sacra, incluso con todos os puntos máis importantes, que se acenden cunha luceciña dándolle alí a un botón, que ten o nome posto. Quero dicir que se me pode explicar o señor Iago na segunda intervención, desde logo que vou apoiar a moción, pero teño curiosidade do que quere dicir exactamente co asunto de cartografar a zona. Efectivamente, alí hai que seguir promocionando o turismo vitivinícola, o turismo etnolóxico, o turismo rural, o turismo dos catamaráns, eses barcos que van polo río. Pódese desfrutar dunha paisaxe fundamental. ¿Que lles vou contar daquela zona?

Eu creo que tamén resulta bastante obvio que as administracións pertinentes deben participar. Como seguramente que é unha cuestión interdisciplinar entre as consellerías, porque vense involucradas moitas consellerías diferentes: agricultura, turismo, medio ambiente et-cétera, e sumando un pouquiño de esforzo entre todas as consellerías e cun pouco de vontade política, e tendo en conta que estou seguro de que todos compartimos os valores que acabo de nomear en relación coa Ribeira Sacra —de tipo turístico, de tipo patrimonial, de tipo am-



biental etcétera—, eu penso que o Partido Popular debería tamén apoiar a moción e levar a cabo o que se demanda nela.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Méndez López.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas, en especial a quen hoxe nos acompaña aquí presencialmente. Permítanme tamén que o faga extensivo aos 2.134 colleiteiros que están pendentes das resolucións que aquí se tomen para poder manter un sector tremendamente importante.

Esta é a foto do Partido Popular (*A señora Méndez López amósalle á Cámara unha fotografía na que aparecen varias persoas.*) de cando foi presentar as supostas iniciativas que se van levar a cabo. Esta foto estaría ben se estivésemos falando de promoción turística, porque é unha forma de promocionar o turismo —imos poñela deste lado para que se vexa ben—, dando exemplo e facendo un brindado como se mostra nesta foto. Pero a realidade é que se non se recolle a uva nin hai viño que beber nin brindado que facer.

Polo tanto, estamos ante unha problemática de forma xeneralizada que afecta as cinco denominacións de orixe, pero de forma moi particular e severamente afecta a D.O. Ribeira Sacra, que dende o ano pasado xa se puxo de manifesto a súa problemática, intentou buscar interlocución coa administración, xa poñía enriba da mesa a problemática que se viña dar e que se está dando nestes momentos. A pesar desas distintas chamadas de atención que o sector, desde adegas, consellos reguladores, sindicatos e sobre todo os viticultores, lle fixo á Administración da Xunta para poñer en coñecemento, nada se fixo, nas que anunciaban xa eses problemas por excedente de stock, pero é que non tivo ningunha resposta por parte da Xunta durante moitos meses.

Esta situación é especialmente grave —como dicía— na Ribeira Sacra non só porque afecta os seiscentos viticultores senón tamén pola perda de producións e a perda de ingresos. A Xunta debería ter unha visión de futuro e traballar na súa promoción, nas exportacións, apertura de novos mercados, reestruturación de viñedos, impulso dos cambios varietais, remuda xeracional, e con iso buscar solucións de maneira estrutural que aseguren a continuidade dos viñedos, conseguindo tamén aportar valor engadido.

Diciamos que isto é fundamental e principalmente importante para o sector, pero tampouco podemos obviar que a Ribeira Sacra está xa catalogada como BIC, e como ben de interese cultural a Xunta xa debería ter feito moitas actuacións para preservar este BIC, o cal é un paso previo para acadar o distintivo de patrimonio da humanidade.

Polo que estamos a falar, e vendo o abandono dos viñedos, isto afectaría —e reitero—, en primeiro lugar, os viticultores afectados, pero afectaría tamén a consecución de patrimonio



da humanidade da Ribeira Sacra, e afectaría tamén a economía de toda unha comarca. A conservación da paisaxe e da orografía é fundamental para conseguir ese distintivo. Pero esa conservación desa paisaxe e desa orografía pasa por manter as terras en produción. Non lle hai outra forma.

Cabe destacar que as terras da Ribeira Sacra se non se dedican aos viñedos pasarían a estar abandonadas; sería difícil ter eses terreos a produción con outros cultivos que non sexan as viñas. E coas terras abandonadas poñeríamos en perigo non só a consecución do patrimonio da humanidade, senón tamén un sector importante para a comarca, como é o turismo, que ten o seu principal atractivo precisamente na «viticultura heroica» dos seus viñedos. Se temos en conta tamén o tamaño medio das explotacións, que apenas superan os seis mil metros cadrados, coa proposta da liña de momento anunciada, que apenas alcanzarían os mil euros para os produtores con explotacións en bancais, ou quiñentos euros para os outros, dan unha renda de todo punto insuficiente para pagar o traballo e os custos de produción de todo un ano para eses 2.134 colleiteiros repartidos nas 1.310 hectáreas que acolle a Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

As demandas que lle está a facer o sector á Xunta de Galicia xa as teñen feitas e postas en marcha noutras comunidades autónomas, como pode ser A Rioxa ou como pode ser Cantabria, incluso co compromiso de establecer axudas directas, incluso a de facer a adquisición desa uva por parte das comunidades autónomas.

E a Xunta de Galicia, ata hai moi pouco, non fixo absolutamente nada. Empezou a dar pasos logo das mobilizacións do sector, unha vez que o sector sae ás rúas, porque para a Xunta de Galicia nunca pasa nada. Pero eu non sei por que toda a sociedade está nas rúas: sanidade, educación, sector vitivinícola, gandería, agro en xeral; a xente está nas rúas, é unha realidade. E unha vez que saíron ás rúas, no pasado Consello da Xunta do 2 de setembro acórdanse unha serie de medidas a todas luces insuficientes. De feito, mantívose unha primeira concentración o pasado venres, e haberá outra este mesmo venres. E a poucos días do inicio da vendima, a pesar —como lles dicía— que xa dende o ano pasado lles estaban reclamando estas axudas e medidas para poder salvar non só a colleita deste ano, senón para poder preservar no tempo a forma de vida que teñen moitos homes e moitas mulleres.

E a Xunta anunciou dous millóns de euros na conservación da paisaxe, que será o que escoitemos agora despois da miña intervención, de formación e divulgación da PAC, das axudas de acceso a préstamos ou de apoio á destilación excepcional, tamén o pon na presentación de *powerpoint* que fan logo da autorización pola Comisión Europea, pero esquecen poñer que esa autorización a fixeron tarde, tal e como tamén se recollen as medidas. Pero dicía que as medidas de momento só están nunha presentación de *powerpoint*. Así que dende aquí lles trasladamos á conselleira de Medio Rural e ao Partido Popular en xeral que menos *powerpoint* e máis *DOG*, (*Aplausos.*) porque, realmente, no día de hoxe non hai nada publicado aínda no *DOG*. Polo tanto, esas axudas, á parte de insuficientes, son tardías.

A Xunta debería estar traballando para acadar que se garanta a vendima, para axudar a mellorar as adegas, para facilitarlle a liberación de stock, o incremento da capacidade de recollida —sempre dentro do marco normativo da Lei de cadea alimentaria—, de involucrarse



para traballar da man co sector para elaborar un plan de actuación futuro, de promoción das exportacións etcétera, un longo etcétera que non me dá xa tempo a relatar.

Pero si quero, para finalizar, dicirlle que dende o noso grupo, dende o PSdeG, dende o Partido Socialista, elevamos unha pregunta no mes de maio, que rexistramos xa en abril, precisamente para preguntarlle á Xunta se ía crear unha liña de axudas directas ou específicas para manter e mesmo aumentar a produción deste sector, establecer un recoñecemento das parcelas de xeito que se poidan incorporar novas, acadar medidas co sector encamiñadas a impulsar a formación e contratación de persoas cualificadas, apertura de novas canles de comercialización. ¿E saben cal foi a resposta da Xunta de Galicia por parte do director xeral? Pois en román paladino e moi rapidamente que non, que non estaba previsto, porque xa estaba todo solucionado, xa se está facendo, e entón co que se está facendo xa chega.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: A mostra é que non chega —finalizo, presidente— porque o venres pasado a xente estaba na rúa, este venres seguirá estando na rúa, e dende o PSdeG seguiremos reivindicando para que o sector vitivinícola da Ribeira Sacra e toda unha comarca non teña problemas de futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares Gándara.

O señor CASARES GÁNDARA: Boa tarde.

Denantes de principiar a miña primeira intervención neste pleno, que é a primeira, quero saudar os viticultores da Ribeira Sacra que hoxe nos acompañan. Eses heroes e heroínas que xunto cos do Ribeiro, os de Monterrei, os de Valdeorras e os de Rías Baixas pasan o ano angustiados cun ollo mirando o ceo e outro a viña; e sei do que estou falando. E coma sempre fixen, quero que reciban vostedes todo o meu recoñecemento tanto persoal coma profesional, e, por suposto, ninguén os vai deixar caer. (*Aplausos.*)

Señor presidente, señorías, penso que todos os membros desta Cámara coincidiremos cando menos nunha cousa, e é que Galicia é terra de viño. O noso país ten máis de trinta e tres mil hectáreas plantadas, que representan aproximadamente o 3,5 por cento da superficie española e o 0,4 por cento mundial. Contamos con maior número de viticultores en España e superamos na nosa produción os setecentos mil hectolitros por ano, é dicir, o 2,3 por cento da produción española. Como actividade económica, os datos son importantes: achega o 1,4 por cento do PIB galego, xera un valor engadido bruto duns oitocentos noventa millóns de euros anuais e mantén —importante— o 1,5 por cento do emprego, tanto en directos coma indirectos. Asemade, Galicia posúe dez selos de calidade, cinco denominacións de orixe e cinco indicacións xeográficas protexidas, que destacan, diferencian, valorizan as características



senlleiras dos seus produtos, facendo boa unha expresión para min con rango de verdade universal, e é que Galicia é calidade. *(Aplausos.)*

Na colleita de 2023, estas entidades ampararon case setenta e cinco millóns e medio de quilos de uva, dos que o 88 por cento foi branca e un 12 por cento foi tinta. Porén, por un segundo, ímonos afastar da friaxe, da frialdade dos datos oficiais. E como dicía Wilhem Röpke: vexamos que hai cousas que están máis alá das curvas da oferta e a demanda; é dicir, falemos un momento dos intanxibles.

Teño, por certo, que dicir que falarmos de viño galego non é só falar de economía senón tamén dunha actividade con fortes compoñentes, tanto ambientais coma culturais coma incluso de identidade. Refírome á tradición, á historia do Ribeiro, ao amencer de Monterrei, ao universo de Valdeorras, ao heroísmo da Ribeira Sacra e mais ao atlantismo de Rías Baixas. Estas cinco irmás, xunto coas achegas das IXP, conforman unha paleta de cores, de recendos e de sabores que expresan a esencia dunha terra senlleira ancestral, a Galicia de seu. No país galego, a viticultura representa unha forma de vida xerada a partir da íntima comunión do home coa contorna. Como dicía Vicente Risco: un vivir transmitido de xeración en xeración até nós coa obriga de conservármolo para os que veñan despois, incluída a Ribeira Sacra.

«Os nosos viticultores son escultores do territorio e fieis conservadores da paisaxe», como narra nunha novela don Ramón Otero Pedrayo. E tomados en conxunto constitúen o motor do desenvolvemento sustentable das súas comarcas, ao tempo que contribúen á súa cohesión social.

Señorías, dende a pandemia, o sector vitivinícola, nomeadamente o viño tinto, vive unha crise que non ten selo galego senón timbre internacional. *(Aplausos.)* As condicións do mercado á baixa, cunha diminución do consumo, cambios da preferencia do consumidor cara aos brancos e, ¿por que non dicilo?, un aumento do produto por mor duns maiores prezos das materias primas fan que zonas emblemáticas como Bordeos ou A Rioxá —que se citou aquí antes— estean neste momento a reinventarse. Galicia non é allea a esta situación. É certo: a Ribeira Sacra está padecendo unha situación derivada do que acabo de dicir; son noventa e oito adegas de 2.100 viticultores e 1.300 hectáreas, das que setecentas corresponden a cultivo en socalcos, que modelan unha paisaxe característica de seu.

Hoxe, moitas das adegas teñen un stock de viño que non lles vai permitir elaborar este ano por non teren un sitio físico onde almacenar e por dificultades na comercialización. Por iso algunhas anunciaron que non ían recoller uva nesta vendima ou toda a uva que recollían. Ante esta situación, o Goberno galego presentou un paquete de medidas de apoio a adegueiros e viticultores desta D.O., que intentan buscar solucións, e demostrar o compromiso da Xunta con este territorio, que axiña seguro que vai ser patrimonio da humanidade.

En primeiro lugar, citouse aquí a orde destilación de crise autorizada pola Comisión Europea, cun prezo taxado de 1,05 euros/litro, que facilitará esa eliminación de excedentes, dotándoa de 500.000 euros de fondos propios, inicialmente ampliables a 2,4 millóns. As axudas, que tamén se citaron, para a conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión dos viñedos, que quere preservar esa paisaxe senlleira precisamente e evitar o abandono do cul-



tivo e, polo tanto, perder esa beleza dos socalcos, dotada con 2 millóns de euros, contemplan achegas de 2.000 euros —dous mil, señor Iago— por hectárea para socalcos e 1.000 euros para parcelas mecanizables. Desenvolverase ese plan de divulgación das oportunidades da PAC a partir dos ecorréximes dos cultivos leñosos en terreos con pendente, onde o viticultor que se acolla pode recibir outra renda extra de ata 570 euros por hectárea ao longo de tres anos. Ademais das axudas xa coñecidas do Igape para as adegas, para precisamente sufragar a recollida de uvas, e que o ano pasado foron 2,1 millóns de euros e mobilizou un montante global de máis de dezasete millóns. En derradeiro lugar, reforzaranse —como aquí se pediu— as estratexias de promoción de calidade desta D.O. e outras incluso estruturais, que se poden poñer en marcha pero sempre con traballo conxunto co órgano que regula, que é o Consello Regulador. E sei do que estou falando. (*Aplausos.*)

Velaí, polo tanto, un conxunto de medidas adaptadas á realidade propia de Galicia e non importadas de territorios alleos; medidas eficientes nos seus resultados e ademais legais —«le-gais», señor Iago—, por certo, cumprindo os criterios impostos pola Unión Europea. Se non o facemos, aquí estaríamos debatendo outra cousa.

Non hai antecedentes dun apoio tan completo a unha denominación de orixe. A destilación de crise —é certo— é a primeira vez que se aplica. No tocante ás axudas para conservar a paisaxe, só a finais dos anos noventa atopamos algo semellante.

Señores da sinistra deste hemiciclo, o Grupo Parlamentario Popular solicita a votación por puntos, señor Iago, ao entender que os apartados primeiro, terceiro e cuarto están xa impulsados polo Goberno. A destilación de crise asegura a eliminación de excedentes. As axudas á conservación da paisaxe e os ecorréximes garanten esa renda extra para os viticultores. E a remuda xeracional impúlsase coas medidas aprobadas, por certo, onte no Consello da Xunta. O apartado segundo —xa o dixo o señor Armando con todo o bo criterio— xa existe a cartografía da Ribeira Sacra. Polo tanto, se somos razoables e non hai sectarismo, nós votaremos a eses puntos que si.

E remato xa, señorías. Eu creo que temos que asumir que a historia chama á nosa porta e creo que temos que estar á altura. Isto non vai de utilizar os problemas como carnada electoral, nin vai de demagoxias nin vai de falacias; isto vai de axudar a persoas en dificultades con medidas realistas, eficientes e legais. Isto vai, señor Iago, dun compromiso con Galicia e os ga-le-gos. (*Aplausos.*) A experiencia que eu teño, de máis dunha década na Evega e na presidencia dun consello regulador —se lle vale—, lémbreme que nestes últimos anos vostedes nin estiveron nin se lles agardou. Agora, cando hai un problema, reaparecen para intentar comerciar coas dificultades das persoas. Pero por esta razón eu véxome nunha obriga moral, para que vexa, señor Iago, que non son tan mala persoa, e é comunicarlles que chegan tarde e trabucados, porque as viñas non aturan politización e nin as cepas entenden de siglas nin os vagos son *pellets*.

Boas tardes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Suárez Fernández.



O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Ben, imos ver se me dá tempo a contestar a todo.

Señor Ojea, moi rapidamente, sobre a cartografía, simplemente que se faga un estudo máis detallado do que hai actualmente para saber que zonas da Ribeira Sacra producen, que tipo de uvas, cantas producen, onde lles dá máis o sol e demais, simplemente un estudo máis detallado para saber que zonas son máis produtivas, menos e demais; non hai máis. Agora, que está feita non é certo. Non é certo, é unha demanda histórica do sector. Non está feita a cartografía da Ribeira Sacra, primeira mentira.

Ben, a señora Méndez e eu creo que compartimos impresora, e efectivamente aquí antes o señor Viso dicía: que animalada, que animalada dicir que estaban de copas. En plena crise do viño, a crise máis grave do viño que tivo a Ribeira Sacra en décadas, e o señor Rueda e a señora conselleira de copas. Aquí están. *(O señor Suárez Fernández amósalle á Cámara unha fotografía na que aparecen varias persoas.)* ¿Non están de copas? Nunha zona moi bonita, claro que si, unha zona moi perdida. E os viticultores aí están, non se lles vai recoller a uva. ¿Que van comer as uvas? *(Aplausos.)* Dous conselleiros, o delegado territorial e o presidente. *(Murmurios.)* Mira que hai nerviosismo e nótase, nótase que hai moitísimo nerviosismo. Porque di o señor Casares... *(Algunha señoría pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Di o señor Casares que chegamos tarde. ¡Home!, hai que ter temple. Avisámoslos hai tres meses, avisounos o meu compañeiro Secundino Fernández hai tres meses nunha pregunta. ¿E vostedes que dixeron? «Catastrofista»; o de sempre: «¡que catastrofistas son!». *(Aplausos.)* «¿Pero como vai pasar isto?». Como dicía o señor conselleiro hoxe á mañá, que o enganhou con iso e non o soltou en toda a mañá: «*Las trompetas de Jericó*»; eramos nós os das trompetas de Xericó. «Como sempre os do “non”, os dos catastrofismos, aquí están». ¡Que non van ter para comer este ano! Pero ¿non lles parece unha vergoña? Hai decenas de familias que van ter cero euros de ingresos este ano, que isto é un problema moi serio. Estamos falando da vida da xente como para facer bromas e dicir que chegamos nós tarde. ¡Que teñen vostedes o Goberno da Xunta! Pero, por favor, ¿que estabamos aquí nun patio dun colexio?

Na denominación de orixe da Ribeira Sacra, que é a que menos produce de todas as de Galicia, non se dá vendido todo o viño, e a Xunta de Galiza, de copas. A Ribeira Sacra xa non digo que produzamos como na Rioxa, na que unha soa adega da Rioxa produce tanto como toda Galicia xunta, e véndeno todo. Aquí temos a denominación de orixe que menos produce de todas as de Galicia e non se dá vendido o viño. ¿Onde está o Goberno da Xunta?, ¿onde? Outra vez xestionando. Miren que ben xestiona. *(O señor Suárez Fernández amósalle de novo á Cámara a fotografía anterior.)* Miren a xestión do Goberno da Xunta de Galiza: dous conselleiros e o presidente da Xunta. ¡Home, por favor!, ¡por favor!, que estamos falando da vida da xente, que isto non é unha broma.

E, señor Casares, está moi ben a literatura. Recoñezo que a verdade é que eu neste debate non esperaba oír citas a Otero Pedrayo e a Vicente Risco. Está ben, non digo que non. Pero



vostede confirmou os datos que eu dei ao principio das axudas pírricas, é dicir, 570 euros, efectivamente, por tres anos, é dicir, 190 euros ao ano. ¿Que van comer con 190 euros ao ano cando hai persoas ás que se ameaza con recoller cero quilos de uva? Pero ¿que pretende?, ¿que vivan do aire? «Viticultura heroica», pero terán que comer dalgunha cousa. Vostedes, ¿que é o que queren para a Ribeira Sacra? Xungla, selva, deserto, pois é o que van conseguir; vai quedar o único territorio de viñedo do Estado español feito un auténtico deserto. Parabéns, moitos parabéns. É iso o que van conseguir coas súas políticas.

E despois falou tamén da destilación de crise, efectivamente, da saída ao exceso da uva e demais. Non, señor, a destilación de crise que aprobou a Xunta de Galicia non vai asociada á recollida da uva aos viticultores, que seguimos tendo o mesmo problema. É que isto non vai de facer que se fai para non facer nada. Hai que gobernar, ¡caramba! Que vostedes teñen o control, por sorte ou por desgraza, de que moita xente hoxe aquí pode comer, si ou non. É así de grave e así de forte. Teñen vostedes o control, manteñen o Goberno da Xunta, e caerá sobre vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: — Remato xa. — ...e caerá sobre vostedes esa responsabilidade.

Xa para posicionarme sobre a votación por puntos, pide vostede a votación por puntos. Aceptámola, non hai ningún tipo de problema. Votarán entendo vostedes a favor de que haxa axudas directas aos viticultores da Ribeira Sacra; iso espero. Se o fan, alegrámonos. Agora ben, estaremos moi atentos a que se cumpra. Se no prazo dun mes non están cuantificadas e catalogadas esas axudas para os viticultores, aquí estaremos de novo denunciando unha situación que xa é insostible. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que retire o Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Benvidas e benvidos a todos os representantes do sector do viño da Ribeira Sacra.

Hoxe, efectivamente, desde o BNG traemos esta proposición non de lei para pedir á Xunta de Galiza a retirada do Anteproxecto de lei da Corporación da Radio e Televisión públicas de



Galiza, porque é inadmisíbel, e eu creo que roza xa o inasumíbel para calquera sociedade democrática, o que está a facer e o que pretende facer aínda máis o Partido Popular desde a Xunta cos medios públicos deste país.

A CRTVG non é propiedade súa. Non pertencen nin a Radio nin a Televisión de Galiza a ningún goberno, e moito menos pode estar ou pretender que estea ao servizo de ningún partido. A Radio e a Televisión públicas pertencen ás galegas e aos galegos, a unha sociedade que é plural e que é diversa como a nosa. Por iso, señorías do Partido Popular, deixen de arrastrar pola lama a CRTVG e respecten o dereito de todas as galegas e de todos os galegos a teren uns medios públicos ao servizo do seu país. *(Aplausos.)*

O Partido Popular leva máis dunha década exercendo un control con man de ferro sobre a CRTVG, negándolles dereitos ás profesionais que traballan na Radio e na Televisión públicas de Galiza, cando non violando directamente eses dereitos. E aí está a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no caso de Carlos Jiménez, pois vulneraron, violaron o dereito á liberdade de expresión nun medio de comunicación e á tutela xudicial efectiva dun traballador, que o único que fixo foi defender os seus dereitos laborais e, sobre todo, defender o dereito de todas as galegas e todos os galegos a teren uns medios públicos ao servizo do país.

E, como non lles chegaba, ademais incumprir a lei durante máis dunha década, que vostedes mesmos redactaron —porque hai que dicilo—, e nós xa o advertiamos desde o BNG naquel debate, na altura de 2011, que aquilo era todo unha pantomima, que era un engano, que o único que pretendía o Partido Popular era facer unha reforma da lei para que non cambiase nada. Agora, despois dese incumprimento —insisto en que desde hai máis dunha década—, o que pretenden é aprobar unha nova lei xa para facerse sen carautas e sen límites formais co control e o dominio absoluto da CRTVG.

Por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa, na que solicitamos a retirada deste anteproxecto de lei por tres razóns fundamentais: a primeira, porque é un enorme retroceso democrático; a segunda, porque é un auténtico asalto á CRTVG, e, en terceiro lugar, porque é un ataque directo aos dereitos lingüísticos de Galiza.

Dicimos que é un retroceso democrático, señorías, porque responde ese anteproxecto única e exclusivamente aos intereses partidistas do Partido Popular, que nunca quixo ao longo destes anos consensuar con ninguén, nin dentro nin fóra deste Parlamento, unha dirección xeral renovada, que respondese a criterios de profesionalidade e de independencia xornalística. A vostedes, a calidade democrática e a profesionalidade nos medios de comunicación públicos impórtalles cero ou menos un, sempre e cando respondan a Radio e a Televisión aos seus intereses particulares e electoralistas.

Non hai máis que escoitar eu non sei se están ao tanto así da renovada temporada que se inaugurou no mes de setembro, eu non sei se os contan os panexíricos que hai polas na Radio Galega, ese panfleto radiado absolutamente onde o xefe de Informativos se dedica única e exclusivamente a ler o argumentario do Partido Popular.

E sería simplemente vergonzante se non fose directamente tan perigoso a onde nos pretende levar o Partido Popular e a onde pretende —peor aínda— *(Aplausos.)* levar os medios públicos



deste país. Queren convertelos, xa sen pudor, sen o máis mínimo pudor, no seu terminal de propaganda, na súa leira privada; e quen non queira cumprir con esa función dentro da casa, quen non queira cumprir con esa función dentro da CRTVG, ou que estea calado ou que se poña a facer pasillos.

Esa é a segunda das razóns que nos trae hoxe aquí a pedir esa retirada do anteproxecto de lei, porque é un auténtico asalto —dicíao ao comezo— da CRTVG, silenciando xornalistas que traballan nos medios públicos para impedirilles exercer o seu traballo con profesionalidade e liberdade informativas. Vostedes só queren escribas, xente que faga o que lle mandan, basicamente louvanzas e panexíricos do Goberno e do presidente da Xunta, e para iso eliminan calquera espazo de control e participación dos profesionais da CRTVG.

Suprimen o Consello de Informativos, despois de bloquear durante trece anos a súa creación. Agora fulmínanos directamente cun único obxectivo, que é impedir que os profesionais dos medios públicos galegos poidan participar co fin de velar pola independencia, pola veracidade, pola obxectividade dos contidos informativos que se difunden a través das distintas canles da CRTVG.

E, claro, calquera preguntámonos: ¿que é o que lle molesta ao PP?, ¿que é o que lle molesta ao Partido Popular? E é que o PP, eu creo que hai unha palabra que o que o cualifica, ¿non?, que é a intolerancia máis absoluta; son vostedes uns intolerante. Suprimen o Consello de Informativos porque non toleran nin o pluralismo nin menos aínda a verdade e o exercicio profesional e independente do xornalismo neste país. *(Aplausos.)*

E, en terceiro lugar, señorías, con este anteproxecto de lei queren abrir a porta a algo inaudito —e eu creo que era difícil pensar hai bastantes anos que isto puidese acontecer—, que é abrir a porta da CRTVG a linguas distintas ao galego, un ataque —dicíao ao comezo— directo aos dereitos lingüísticos deste país, aos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos, pero tamén aos principios fundacionais da propia Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza.

Eu quero traer aquí o artigo 1 da Lei de creación da CRTVG de 1985: atribúeselle á Compañía da Radio e Televisión de Galiza a misión de servizo público consistente na promoción, na difusión e o impulso da lingua galega, favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega. Agora vostedes queren poñer a CRTVG e os máis de 100 millóns de euros públicos que a sosteñen cada ano para promover outras linguas, que xa nos aclarou o presidente da Xunta que basicamente son o castelán e o inglés, a quen lle debe parecer que hai poucos micros, hai poucas pantallas e hai poucas páxinas de xornais e medios de comunicación ao servizo desas dúas linguas.

Nós hoxe, señorías —e con isto remato—, pedímoslles que rectifiquen, e non só porque o pida o BNG, porque ademais nos alerte e nos enfade ese anteproxecto de lei, senón porque llelo están pedindo colectivos, entidades e organizacións de todo tipo que ao longo destas últimas semanas, desde que se deu a coñecer e se fixo a exposición pública a ese anteproxecto de lei, veñen reclamando a súa retirada, porque supón un ataque contra a calidade de-



mocrática dos medios públicos e sobre todo contra a misión de servizo público que debe cumprir a CRTVG.

Retiren ese ataque contra os medios públicos de Galiza, como piden as traballadoras e os traballadores da propia Corporación, como pediu o Colexio de Xornalistas de Galiza ou o conxunto do sector audiovisual nun comunicado, inédito, a través da Mesa Audiovisual de Galiza. Insisto: deixen de arrastrar a CRTVG, que ten que estar ao servizo de todas as galegas e de todos os galegos, porque non lle pertence a ninguén e moito menos ao Partido Popular.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ben, hai un tópicos que ten bastante de verdade, que di que a prensa é o cuarto poder. Non é un cuarto poder *de iure*, pero é un cuarto poder *de facto*, que esa é unha cousa que adoitamos aceptar.

E logo hai outra cuestión, da que se fala moitas veces, que é a separación de poderes, a separación de poderes da que falaba aquel filósofo francés. E se a prensa é un poder, o cuarto poder, e se o desexable é a separación de poderes, o lóxico sería que a prensa fose un poder separado —e entendan por prensa os medios de comunicación en xeral—. E no caso concreto dunha televisión pública o lóxico sería que non tivese dependencia de ningún outro poder, nomeadamente do Executivo tampouco. Esta é unha reflexión así un pouco xenérica pero que deixa clara creo que a nosa postura.

Unha televisión pública debería ser algo totalmente distinto ás televisións habituais. As televisións habituais —que agora hai xa un montón delas, non como hai anos, que había soamente la 1 y la 2— non traballan polo interese público, non van dirixidas ao público en xeral, van dirixidas a sectores sociais concretos. Como calquera outra empresa, ten o seu perfil, o seu obxectivo como consumidores e van dirixidos e —digamos—, a medida sobre todo que aumenta a competencia, van segmentando o seu mercado e van escollendo un público obxectivo ao que lle ofrecen os seus contidos.

Pero unha televisión pública non pode discriminar, non pode segmentar a sociedade; unha televisión pública ten que ofertar os servizos comúns básicos ao común denominador de todos os cidadáns; e, polo tanto, unha televisión pública non pode entrar na dinámica de mercado en competencia coas outras televisións.

Antes falaba creo que a señora Lara do *DOG* e do powerpoint. Unha televisión pública débese parecer máis a un *DOG* —ou debería parecerse máis a un *DOG*— que a unha revista do corazón. Loxicamente, seguramente as revistas do corazón teñen moitos máis lectores e moita máis difusión que o *DOG*, pero o *DOG* é o *DOG*, o *DOG* non ten por que ter debuxiños, o *DOG*



non ten por que ter publicidade. E aquí unha televisión pública pois debería cubrir en rigor as comunicacións públicas, as publicacións dos concellos, todo aquilo que fora de interese público e universal. Loxicamente, a Televisión de Galicia non está traballando así, debería ser unha televisión austera, porque está utilizando os recursos públicos.

Hai un famoso escritor que seguramente coñecen, déronlle o Premio Príncipe de Asturias no 2005: Giovanni Sartori, que escribiu un libro moi bonito titulado *Homo videns* —en vez de *Homo sapiens*, *Homo videns*—, o home que ve. Entón, explica nese libro como as televisións comerciais están priorizando o ver sobre o entender, pensa a xente que porque ve entende. E entón eu paro a pensar: a Televisión de Galicia gasta 100 millóns de euros ao ano; 100 millóns de euros ao ano é o orzamento do Concello de Ourense e é máis que o orzamento da Deputación de Ourense, que ten que atender a 92 concellos —cerca de 100 concellos—, 100 millóns de euros ao ano. E despois move ao mellor uns equipos de directo dun persoal e unhas máquinas ao alto de Manzaneda para dicir que en Manzaneda está nevando. Mire, a min paréceme moi ben que unha televisión comercial mova un equipo de directo e un equipo sofisticadísimo de cámaras e de tal para ir a Manzaneda e que a xente vexa que está nevando. Mire, nunha televisión pública ou nun medio de comunicación público con que diga que en Manzaneda está nevando xa está, o que ten que dar é esa información. Que despois unha privada si que pode facer o outro, gastar unha millonada niso que dicía Giovanni Sartori no seu libro, que son cousas para entreter, pero unha televisión pública non está para entreter.

Miren, nós montamos unha televisión local, hai xa vinte e pico anos, e tivo moito éxito alí en Ourense por unha razón moi sinxela: empezamos a transmitir os plenos do concello, enteiros, os plenos do concello e os plenos da deputación. E a xente dicía: ¡oe!, iso vai ser moi aburrido. Ben, pois moi aburrido pero á xente gustoulle ben.

Miren, eu non penso que a Televisión de Galicia debería de transmitir este pleno enteiro, que son dous días, entre hoxe e mañá, día e medio, pero polo menos nalgúns temas concretos de interese máximo debería emitir as intervencións completas; algún tema concreto, por exemplo, do pleno de hoxe; podería ser pois non sei, ao mellor, o da Ribeira Sacra ou ao mellor outro calquera; ese, en concreto, enteiro, coas intervencións de todos os grupos, o Partido Popular..., e que a xente o vira. E din: non non, pero iso non ten audiencia. Pero mire, señor, a televisión pública non está para gañar audiencia, para iso están as televisións comerciais. A televisión pública non se move e non se debe mover por criterios de audiencia, para iso está subvencionada, non depende da publicidade; e se depende da publicidade para facer entretemento como unha emisora comercial, pois esa non é a cuestión.

E poño este exemplo. Algunhas das intervencións, algunhas das mocións —non digo todas, porque iso si que sería ao mellor..., — pero unha selección das máis interesantes para o groso do público, que se emitiran enteiras. Xa me poden dicir vostedes: non, están na internet. Si, claro que están na internet, pero pódeas emitir a TV, olvidarse dos criterios comerciais e, desde logo, baixar o presuposto, porque 100 millóns de euros parécenos —sempre o criticamos desde o meu partido— unha verdadeira burrada, sobre todo tendo o agravio comparativo. Se 100 millóns de euros é o presuposto da Deputación de Ourense —máis, que o presuposto da Deputación de Ourense non chega aos 100 millóns de euros— para despois emitir uns contidos en competencia e sobre todo cun rendemento de recursos infinitamente



inferior ao das televisións comerciais, é unha cuestión que realmente non lle debería competir a unha televisión pública.

E, desde logo, coincidimos en que unha das principais funcións que debería ter, sen emitir contidos de segmentación comercial, pero —digamos— atendendo aos criterios básicos da cultura —como sucede no ensino secundario—, contidos en galego para fomentar a lingua galega. E iso quizá si que sería unha das funcións fundamentais tamén, como se di que está nos estatutos da súa constitución.

E nada máis.

Ao mellor non defenderíamos a postura do Bloque na literalidade da moción, tal e como a escriben, pero si neste espírito de que á Televisión de Galicia lle hai que dar unha volta, que ten un nesgo indiscutible desde o noso punto de vista, que debería baixar o seu orzamento e que debería ser unha entidade independente do resto dos tres poderes, que xa é moito pedir, porque xa tendo en conta que o poder xudicial e outros poderes o que teñen de independentes cábeme a min no bolsillo, xa sería moito pedir unha independencia do cuarto poder, pero en principio iso sería o ideal.

E nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Vaia por diante o apoio sen fisuras do Grupo Parlamentario Socialista a esta proposición non de lei. De feito, a miña compañeira Silvia Longueira xa manifestou publicamente a principios do pasado mes o rechazo máis contundente ao anteproxecto, ao borrador de anteproxecto de lei de Rueda de medios públicos audiovisuais por parte das socialistas e dos socialistas galegos.

Os populares, o Goberno galego non adicou o seu esforzo este verán en dotar os centros de saúde de profesionais para garantir unha atención sanitaria digna, e tampouco se preocupou de axudar as familias galegas ante o inicio do curso escolar nin de axudar aos concellos galegos nas moitas competencias impropias que asumen.

Miren o acontecido cos socorristas este verán. Moitos concellos, ante a falta de financiamento por parte do Goberno galego, non puideron contratar socorristas, e moitas praias estiveron sen eles. Pero ¿de que se preocupaba o Goberno galego? Pois dígollelo eu: de publicar con nocturnidade e aleivosía —como se adoita dicir nestes casos—, o 30 de xullo un borrador de Anteproxecto de lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital; abrindo un período da delegacións en pleno mes de agosto para que pasase



desapercibido e degradando con este anteproxecto os principios que deberían observarse nun sistema democrático. O que realmente pretenden os señores e señoras do Partido Popular, o Goberno galego —e non nos enganan— non é outra cousa que dotar o Partido Popular do control absoluto dos medios públicos. Un último golpe de gracia; borrar dun plumazo as pautas editoriais do Partido Popular, ademais de constituír un ataque sen precedentes aos dereitos lingüísticos.

O Grupo Parlamentario Socialista leva moito tempo denunciando a situación dos nosos medios públicos. Uns medios de comunicación condenados por sentenzas firmes polo propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por vulnerar liberdades ideolóxicas, liberdades de expresión e por sancionar traballadores e traballadoras pola súa participación activa no *Venres negro* do colectivo Defende a Galega. Colectivo que dende aquí saudamos.

Sentenzas que confirman a denunciada persecución dos traballadores e das traballadoras do ente público. Que sexa un medio de comunicación quen restrinxa este dereito é realmente aberrante. Feitos tan graves, por exemplo, como vulnerar o dereito dunha traballadora por razón de sexo, despidos improcedentes ou contratacións irregulares.

Por iso, este grupo parlamentario reprobaba a actual Dirección da Radio e Televisión de Galicia; pero tamén polo incumprimento da propia actual Lei de medios públicos —unha lei tamén do Partido Popular, por certo—. Ese incumprimento deriva, en primeiro lugar, de non respectar a actividade profesional de traballadores e de traballadoras. Unha lei que obriga a ter un estatuto profesional, un consello de informativos que sirva de ferramenta esencial para o persoal traballador e para rematar coa manipulación á que se someten día a día os nosos medios públicos; con esta nova lei desaparecen.

Asistimos tamén nestes últimos tempos á progresiva deterioración da estrutura territorial da CRTVG. Un baleirado continuado de persoal que non pretende máis que relegar estes centros fundamentais á insignificancia, suprimir delegacións e desconexións informativas locais, privando a cidadanía da posibilidade de recibir información do que acontece na súa contorna máis próxima. Disto levamos debatido na comisión correspondente. E agora un paso adiante máis para o control absoluto e a represión, señoras e señores deputados.

Imos analizar un decálogo que explica a fraude que supón o Anteproxecto de lei dos servizos de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, que ten como obxectivo converter un servizo público nunha compañía de servizos audiovisuais. En primeiro lugar, este borrador está deseñado para os intereses electorais do Partido Popular. En segundo lugar, elimínase a elección por maioría cualificada da Dirección Xeral, o Estatuto profesional ou o Consello de Información. Merma, ata límites nunca vistos, a independencia xornalística e a función do ente público. En cuarto lugar, non se escoitan as propostas dos colexios de xornalistas de Galicia, as asociacións nacionais periodísticas, os traballadores e traballadoras da CRTVG, os sindicatos, os partidos políticos e outros colectivos sociais vencellados á cultura e á lingua galega. En quinto lugar, ignóranse as directrices estatais e do Regulamento europeo, o cal é de obrigado cumprimento e advirte dos riscos de inxerencia política na liña editorial ou na gobernanza dos medios de comunicación de servizo público, cando non existen salvagardas ou son insuficientes.



Como punto sexto, a cidadanía vai sufrir un retroceso do dereito a recibir información local veraz e obxectiva. Os informativos poderán ser externalizados e afástase a posibilidade de blindar a escasa produción propia actual, a total cobertura da información local e o mantemento das delegacións territoriais. En sétimo lugar, segue sen crearse o consello da información, como órgano interno de participación dos traballadores e traballadoras da compañía, co fin de velar polos principios de calidade exixibles. En oitavo lugar, crean un consello asesor con quince membros, todos eles elixidos por organismos controlados polo Partido Popular. En noveno lugar, o Anteproxecto frega a difusión e a promoción da lingua galega, permitíndose a elaboración de contidos en castelán e noutros idiomas. E, por último, non se recolle ningunha regulación sobre a intelixencia artificial, co dano que pode facer á credibilidade dos contidos, nin afronta os retos que teñen por diante os nosos medios públicos nunha situación de deterioración preocupante.

Xa incumprían, señores e señoras do Partido Popular, ata agora o respecto e a defensa dos principios fundamentais dos que informa a Constitución española e o propio Estatuto de autonomía, dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten. Considérase probado que os nosos medios públicos vulneran de forma continuada dereitos fundamentais. Primeiro principio inspirador non cumprido.

En relación, a seguir, co principio de promoción e difusión da lingua e cultura galega, ¿onde están os espazos verdadeiramente culturais na nosa radio e televisión? ¿Onde están os espazos de produción propia dedicados á nosa cultura en horarios aceptables? Tapan o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia. Por non falar do ataque á igualdade, que denunciaba neste foro a anterior portavoz Noa Díaz unha e outra vez casos de sexismo e de contido vexatorio cara ás mulleres en distintos espazos da Televisión de Galicia.

E non somos os únicos que nos opoñemos a este proxecto de lei, a este borrador. A Mesa do audiovisual galego, que aglutina as organizacións profesionais galegas representativas do sector, manifestaba a súa preocupación ante o borrador por incluír elementos que, na formulación actual —dicían—, implicaría un rexeitamento frontal do sector audiovisual galego no seu conxunto.

E tamén o Comité Intercentros da CRTVG, nunha nota emitida o 6 de agosto, dicía que a súa alegación sería a mobilización. O máximo órgano de representación das traballadoras da Radio e Televisión de Galicia alerta de que, se ese anteproxecto prospera, a Corporación pasará a ser xa directamente por lei o maior o órgano de propaganda do Partido Popular de Galicia, sen contrapoder ningún. Tamén consideran que completarán con esta nova lei o cambio de paradigma de medios públicos no que traballan desde hai anos, eliminando as últimas barreiras e garantías de servizo público que, polo menos no papel, contemplaba a Lei de medios públicos en vigor para acabar por transformar a CRTVG definitivamente, co suposto aval do Parlamento controlado polos populares, no maior órgano...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si termino, presidente— de propaganda financiado con cartos públicos.



Por todo iso, imos aprobar esta iniciativa e pedímoslle ao Goberno que retire este borrador.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Ben, ante todo queremos mostrar dende a bancada popular todo o noso respecto aos grandes e rigorosos profesionais da Radio Galega, aos que nós si defendemos. *(Aplausos.)*

A verdade, señorías do grupo do BNG, é que nunca deixan vostedes de sorprender. Esta vez a sorpresa vén da man dese dito popular, que xa mencionou hoxe pola mañá a miña compañeira Cecilia Vázquez, «poñer a venda antes que a ferida».

Piden a retirada dun anteproxecto lexislativo que nin sequera iniciou a súa tramitación parlamentaria; un texto que nin sequera —insisto— foi rexistrado no Parlamento. Falamos dun anteproxecto de lei que tampouco é definitivo, na medida en que acaba de superar a fase de alegacións. Unha vez máis, seguindo o seu *modus operandi* habitual, dende o microcosmos do BNG —o partido do non— nin fan nin queren deixar facer.

Cómpre recordar que, nun mundo que avanza a pasos acelerados —e moi especialmente en todo o que ten que ver coa tecnoloxía, coa dixitalización e coa oferta dos medios audiovisuais—, a normativa reguladora da CRTVG quedou obsoleta. Mudan os modelos de xestión, os sistemas de gobernanza, as linguaxes; mudan os xeitos de consumo dos espectadores, cada vez máis protagonistas da grella de emisión que confeccionan segundo os seus gustos e hábitos. É neste contexto no que teñen que desenvolverse, precisamente, e competir os medios públicos de comunicación de Galicia.

Estes son os desafíos reais e complexos aos que se enfrontan os medios públicos galegos, cuxo futuro só estará garantido con adaptación e con capacidade, mesmo, de anticipación a este escenario de permanente renovación. Mudou a sociedade, mudou a tecnoloxía e, con eles, o marco regulatorio estatal e europeo que nos obriga a efectuar esta imprescindible posta ao día. Novas exixencias, novos mercados, novas demandas e novos hábitos que exixen de xa unha nova lexislación. ¿Ou é que debemos permanecer impasibles fronte, por exemplo, á irrupción das plataformas sen utilizar as nosas propias ferramentas?

Miren, señorías, medios que vostedes citan con frecuencia e que son un referente mundial están inmersos en profundas crises pola ameaza das grandes plataformas, as pautas de consumo ou a viabilidade do seu sistema de financiamento, como é o caso da BBC. Pero vostedes, en lugar de afrontar un debate serio sobre as posibles respostas a retos complicados, poñen en marcha a súa máquina de bulos e crean problemas onde non os hai.



Así pasou no ano 2011, cando aseguraban que a lei aprobada entón —e aínda en vigor hoxe— era clarísimamente para privatizar a CRTVG. Ese era o seu mantra daquela. Case trece anos despois, demostrouse xustamente o contrario: o claro compromiso do Goberno galego coa CRTVG, tanto coa achega institucional nos orzamentos como cos convenios aprobados para solucionar problemas derivados desa controversia coa Axencia Tributaria sobre o IVE. Ningún outro goberno autonómico apoiou deste modo os medios públicos de comunicación. (*Aplausos.*) Ao igual que faltaron vostedes daquela á verdade, agora vólveno facer.

O anteproxecto de lei sobre o que hoxe debatemos recolle explicitamente como prioridade na misión de servizo público a de promover o emprego da lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia; sen ningún resquicio de dúbidas, señorías. Pero faino coa pretensión de que a CRTVG estea aberta ao mundo. Isto si é buscar unha Galicia en grande, non o que vostedes pretenden. Unha Galicia aberta ao mundo que dea a coñecer a identidade cultural fóra do territorio da comunidade autónoma, como di textualmente ese anteproxecto. As tecnoloxías permiten que chegue a calquera espectador en calquera punto do mundo. Fagámolo posible.

En todo caso, son vostedes moi previsibles. Temos que asumilo. E, como son tan previsibles, non sorprende que o BNG presente esta proposición non de lei para rexeitar o anteproxecto de lei, porque vostedes sempre e por sempre, señor Suárez, son os do non.

Que duros son vostedes co Grupo Popular e que mainos co Grupo Socialista, señoras e señores do BNG. Unha vez máis, estamos a ver un BNG amansado polo PSOE de Madrid. Unha formación que enche o peito fachendeándose de defender os intereses de Galicia, pero que na práctica, señorías, se ve sometido unha e outra vez ao PSOE máis sectario da democracia española. (*Aplausos.*) Son os mesmos que presentan esta proposición non de lei os que se converten en adalides da liberdade, pero que palmean o autoelixido presidente Maduro en Venezuela. ¡Vaia credibilidade de adalides da liberdade! (*Aplausos.*)

O BNG vén de tragar con todas as aldraxes coas que o sanchismo castiga Galicia, con todas. E traga tamén, e di «si, bwana», entoando un submiso «señor, si, señor», fronte á infinita nómina de tropelías perpetradas polos comisarios políticos designados a dedo por Moncloa para rexer, por exemplo, os designios da RTVE. Nunca exemplo máis acaído, esa actual presidenta interina que aporta, como principal mérito, a súa condición de militante socialista.

E nesta liña permítanme que lle adiquemos dende este grupo unhas pequenas reflexións á bancada socialista que, a modo de peón, se poñen unha e outra vez ao servizo do sanchismo e da Moncloa. Porque, señoras e señores deputados, para a oposición o que en Madrid é branco en Galicia é negro. Insisto, ¿con que autoridade veñen vostedes a este hemiciclo falar de liberdade e democracia?

Miren, señorías, isto non é máis que outra mostra do seu dobre discurso e a súa incoherencia interesada. En Galicia, mentres o PPdeG ofrece non unha, senón dúas fórmulas diferentes para elixir o director xeral da Corporación, con absoluta transparencia e con maioría cualificada para primar, antes de nada, o consenso, vostedes falan de imposición. ¿Vostedes?! Miren, Moncloa impuxo a dedo o gobernador do Banco de España, un ministro socialista



para máis señas, e vostedes están encantados; están encantados tamén —supoñemos— coa nova subgobernadora recentemente nomeada. Podemos seguir, xa mencionamos a RTVE, pero podemos falar tamén da Fiscalía Xeral do Estado, do Tribunal Constitucional, da Axencia EFE, do Consello de Estado, do letrado maior do Congreso, do INE ou —¡como non!— do inefable Tezanos. ¡É unha vergoña para todos os que se dedican á sociometría política con rigorosidade e con precisión.

Podo seguir, señorías, pero creo que, para que vostedes caian na conta das súas incoherencias verbais, é dabondo, cando están dedicados a loar ese colonialismo de Sánchez nas institucións públicas. ¡Benvida! ao segundo Luís XIV da historia, o Rei Sol, o rei Sánchez, o mesmo Sánchez que mesmo onte —e isto non é causa de riso—, cos seus súbditos e súbditas diante, sinalou, con pleno convencemento, que o Goberno continuará coa súa axenda progresista, ¡con ou sen poder lexislativo! (*Aplausos.*) ¿Saben o que supón esta afirmación?; ¿saben vostedes o que supón esta afirmación?; ¿sábeno, señorías? Se isto o afirmase un presidente autonómico do Partido Popular ou o líder da oposición, estarían vostedes enchidos, berrando «fascistas» ou «dictadorzuelos», polo menos.

Polo tanto, xa adianto que imos rexeitar esta proposición non de lei e imos sinalar brevemente as razóns. A primeira, porque, loxicamente, non imos opoñernos a un texto que nin sequera entrou no Parlamento, pero tamén, e, sobre todo, pola falsidade dos seus apriorismos. Primeiro, porque é falso que o PPdeG pretenda nomear unilateralmente o futuro director xeral da Corporación dos Servizos Públicos Audiovisuais de Galicia; é máis, estanse vostedes autoadiantando e poñendo de manifesto que non queren unha elección con maioría reforzadas. Segundo, porque tamén é falso que non se contemplan órganos de participación; de feito, a norma prevé un consello asesor de participación social e profesional. E, en terceiro lugar, non podemos tolerar o seu intento de autoerixirse en defensores exclusivos do galego, señorías. A lingua galega é de todas e de todos; (*Aplausos.*) é a principal razón de ser da CRTVG e, precisamente, a promoción da lingua e da cultura galegas. (*Aplausos.*) Foino así desde os inicios e así seguirá sendo coa nova lei, por moito que retorzan e terxiversen a realidade.

—Remato, presidente—.

Miren, señorías, vostedes atrévense a dicir que esta lei suporá un retroceso democrático, despois do que fixeron na etapa do Bipartito; unha desafortunada etapa chea de prohibición, de censura, de autoritarismo e de liortas internas, e da maior inestabilidade laboral. Convídoos a que lean nalgũa entrevista publicada en medios da súa ideoloxía, na cal un recoñecido actor galego, referíndose á CRTVG do Bipartito, literalmente dixo: «Eu marchei de aí; marchei porque sufrín censura, e ¿saben por que? Porque vetaron o proxecto que pensara incorporar no seu programa, na TVG». ¿Leccións de corrección institucional por parte de vostedes?; ningunha, señorías. ¿Disposición pola nosa parte para o diálogo, para o acordo e para blindar as institucións ao servizo das galegas e dos galegos?; toda.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Que non se me esqueza, antes de máis, de agradecer o apoio ao Partido Socialista.

Eu, señora Pomar, por un momento pensei que se equivocara de Parlamento ou que me equivocara eu; unha xa non sabe onde está.

Eu creo que non leron nin sequera o texto que veñen defender aquí con tanto golpe de peito, señora Pomar, porque do que menos fala isto é da reforma, do sector audiovisual, das mudanzas da normativa europea, que, por certo, quero recordarlles que se reformou o Regulamento dos medios de comunicación a nivel europeo, no ano 2024, e o que lles di aos Estados é que saquen as súas mans do control político que exercen das radios e das televisións públicas dos seus Estados. (*Aplausos.*) E o que fai aquí o Partido Popular neste texto —que se me permiten, así como unha valoración persoal, é bastante cutre na redacción—, o que fan vostedes aquí, é o máis vello que hai. Non hai modernidade en nomear a dedo para exercer un control con man de ferro sobre os medios de comunicación, que é o que fan vostedes: blindar —blindar— a capacidade coa maioría parlamentaria que teñen para nomear a dedo unha dirección xeral e sacar de enriba un problema —que é o que leva dicindo aquí o Bloque Nacionalista Galego tanto tempo: que vostedes teñen un problema—, e o señor director xeral actual da CRTVG está — permítanme a expresión en termos políticos— «secuestrado» porque vostedes non teñen os números nin con quen negociar unha substitución, como ten reclamado tantas veces aquí o Bloque Nacionalista Galego.

Dicía: «¡Vostedes non fan!». Nós trouxemos aquí dúas veces dúas propostas moi claras que toda a sociedade galega coñece, que é ir a un proceso de elección por concurso público, transparente, con criterios de profesionalidade para a Dirección Xeral da CRTVG para que non haxa control, por parte de ningún partido e, moito menos, de ningún goberno, da dirección dos medios de comunicación públicos. ¿Que votaron vostedes, señorías? En contra, porque non lles interesa o máis mínimo a liberdade informativa, a liberdade de prensa ou a calidade do que se fai nos medios de comunicación; o único que lles interesa é convertelos, como están facendo, no seu terminal de propaganda.

Dicía a señora Pomar: «Respecto». Eles respectan os grandes e rigorosos profesionais da Radio Galega e da Televisión de Galiza. ¿Sabe como se respecta os traballadores? Garantíndolles os seus dereitos: os seus dereitos persoais e os seus dereitos profesionais. (*Aplausos.*) E, ¿que fai o Partido Popular nesta lei? (*A señora Rodil Fernández mostra un documento.*) —¿que fai o Partido Popular nesta lei?— Fulminar o Consello de Informativos, que leva bloqueando e que leva vetando durante trece anos —fulminar ese Consello de Informativos—, e que era o órgano interno de participación dos xornalistas da CRTVG para poder garantir a independencia, a veracidade e a obxectividade dos servizos informativos da Radio e da Televisión públicas de Galiza, e substitúeno por un consello asesor, que xa estaba previsto na lei de 2011 e que non o crearon porque non lles deu a soberanísima gana. Falan dun consello asesor que ¿saben canto xornalistas da CRTVG ten? ¡Dous, de quince membros!; dous, elixidos ¿por quen? Pola maioría do Partido Popular no Consello de Administración da CRTVG. ¿Vanlles dicir



cando teñen que respirar tamén, señora Pomar? (*Murmurios.*) ¿Esa é a liberdade, o respecto e o apoio que dá o Partido Popular aos xornalistas da Radio e da Televisión públicas de Galiza? (*Murmurios.*) Deixen de arrastrar a CRTVG pola lama (*Aplausos.*) e respecten os profesionais deses casa, garantíndolles os seus dereitos fundamentais. (*Aplausos.*)

Para rematar quería referir unha última cuestión, porque hai unha mensaxe do que vostede dixo e do que recolle —que é peor aínda— este anteproxecto de lei, e que ten a ver cos dereitos lingüísticos e co uso da lingua galega. Decía a señora Pomar que se van usar o inglés e o castelán para promover a identidade e a cultura de Galiza. Mire, nós podemos promover, defendernos e proxectarnos ao mundo no noso idioma e, ademais, os premios que ten recibido a creación cultural e audiovisual galegas nos últimos anos foron todos por obras literarias ou por filmes feitos en galego. Un pouquiño máis de querernos, xa que co noso idioma non temos ningunha fronteira e podemos chegar a toda a parte e a todo o mundo.

Por iso, retiren este anteproxecto, non o traian a este Parlamento, que é o que pretende o BNG. Atendan ás demandas de todo o sector profesional, tanto audiovisual como xornalístico deste país e, sobre todo, garantan que a CRTVG se deba ás galegas e aos galegos, que non é nin a súa leira privada nin o seu terminal de propaganda particular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto da elaboración dun plan turístico integral que englobe o disfrute dos visitantes coa convivencia dos residentes e os obxectivos económicos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición de lei ten a palabra a señora Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde novamente.

Hoxe traemos aquí esta PNL sobre o sector turístico. É certo que despois da covid a situación turística cambiou no noso país: hai un cambio de hábitos; hai unha valoración tamén doutros parámetros; e o viaxeiro está máis preocupado tamén polo benestar e a sostibilidade.

Son hábitos que buscan outros destinos, viaxeiros que queren vivir novas experiencias e que, ademais, son máis exixentes non só coa súa vivencia, senón tamén coa preservación da contorna. E, dentro deses sostibilidade, valoran tamén de forma moi positiva a mobilidade, e, polo tanto, esta nova situación e este novo paradigma fan que o viaxeiro non faga os seus desprazamentos como viña facendo antano, é dicir, durante unha temporada longa seguida, senón que os fraccione ao longo de todo un ano. Isto, evidentemente, favorece, e moito, o turismo de proximidade; crea tamén un turismo máis sostible; desestacionaliza o turismo; e, polo tanto, isto xera tamén novas oportunidades para que todos e cada un



dos 313 concellos do noso país poidan ser destinos turísticos. Polo tanto, hai que aproveitar esa oportunidade.

Os datos económicos reflicten que, ademais, é un motor económico fundamental para o desenvolvemento do país. Estamos a falar dun sector que aporta o once por cento ao PIB e o once por cento ao emprego; cifras que están á alza, que teñen aínda a capacidade de crecemento e que, ademais, están a crecer na última temporada, como se recollía recentemente nos medios de comunicación.

E dentro deste turismo de proximidade, deste turismo de experiencias, deste turismo de-estacionalizado, deste turismo sostible, Galicia ten moito que ofertar e ten moitas potencialidades, máis aló do turismo de sol e praia, que tampouco é desprezable e que hai que seguir potenciando. Galicia é natureza, Galicia é medio ambiente, Galicia é gastronomía, Galicia é historia, é patrimonio, é turismo rural, é turismo urbano, é turismo deportivo, é turismo enolóxico —e aí ten cabemento a foto que viamos hai pouco neste plenario— ...; polo tanto, hai moito máis aló de turismo de sol e praia, e témolo que potenciar. Incluso se pode dicir que pode haber turismo á demanda porque cada un dos 313 concellos ten moito que ofertar, e pode facer ese turismo á demanda, en función das exixencias e apetencias dos turistas. Polo tanto, a Xunta non pode quedar só no Camiño de Santiago; é importante, certo. Non restamos importancia á promoción do Camiño de Santiago e ao turismo que move ese campo, pero ten que dar un paso máis aló e ten que tomar outras iniciativas.

Ten que facer unha planificación. Esta debe ser a pedra angular que teña en conta a nosa estrutura económica; que teña en conta a parte social e a parte cultural dos pobos, cada unha coas súas diferenzas, singularidades e diversidade; que teña en conta a contorna natural e que se teña en conta tamén a parte humana. Ten que facer esa planificación da man do sector; ten que falar co sector e chegar a acordos para facer a planificación que nos permita, por unha banda, maximizar os beneficios do turismo e minimizar os impactos negativos —que os hai, e, polo tanto, hai que minimizalos— para buscar o equilibrio e para acadar un turismo sostible a longo prazo, co cal academos a conservación e a preservación do medio ambiente, a cultura local e o benestar das comunidades.

E algúns puntos clave para respaldar esta perspectiva poden ser a protección dos ecosistemas, a promoción da conservación de áreas naturais e de biodiversidade e a implementación de prácticas para minimizar o impacto ambiental. Por outro lado, o fomento do uso das enerxías renovables, do transporte sostible e de prácticas que reduzan a contaminación para contribuír tamén así para a redución da pegada de carbono debido ás masificacións, cando se dan nos distintos territorios.

Cómpre buscar os beneficios para as comunidades locais. É importante o desenvolvemento económico. Un turismo sostible pode xerar empregos; xéraos e, de feito —como dicía ao inicio—, están a incrementar e, polo tanto, pódense dar oportunidades económicas para as comunidades locais, que teñen que asegurar tamén que unha parte de ingresos quede na rexión. E, xunto co sector, cómpre tamén involucrar as comunidades na toma de decisións sobre o turismo, que lles afecta. Teñen que ser tamén actores activos as comunidades para garantir que as súas voces sexan escoitadas e as súas necesidades atendidas. Hai que facer



tamén unha preservación cultural respecto das tradicións, promover o turismo que respecte e valore as culturas locais, que as respecte, que as valore e que as asuma cando visitan o territorio, evitando explotacións e comercialización excesiva de tradicións.

Temos que ir tamén a unha educación e sensibilización para fomentar o entendemento entre turistas e comunidades locais, a través das experiencias culturais auténticas e programas educativos. Ten que haber un turismo responsable. Educar tamén os turistas sobre a importancia do comportamento respectuoso cara ao medio ambiente das persoas que nos visiten. Hai que implementar estándares e certificacións que promovan prácticas sostibles na industria turística.

O turismo —como dicía— é un motor económico importantísimo no noso país. Un motor que debemos seguir potenciando, que debemos de seguir apoiando, e —como dicía— máis aló do propio Camiño de Santiago.

Nós, dende o PSdeG, buscamos un turismo integral e sostible. Por iso, a importancia de facer unha boa planificación da man do sector e de levalo ao terreo. Un turismo integral e sostible non só busca a rendibilidade económica, que tamén, senón que tamén se preocupa polo benestar social e a conservación do contorno. Defender este modelo é esencial para garantir un futuro no que o turismo beneficie tanto a visitantes como ás propias comunidades anfitriñas, creando un equilibrio que permita desfrutar dos recursos naturais e culturais sen comprometer a súa integridade, para que o noso territorio teña futuro e que o turismo siga sendo un motor económico importante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Méndez.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Ojea. *(Negación.)*

Declina usar a palabra.

Polo tanto, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

A iniciativa que trae hoxe o Grupo Parlamentario do Partido do PSOE o que pide basicamente do Goberno galego é a planificación da actividade turística. Vaia por diante que apoiaremos esta iniciativa.

Pero permítanme dicirlles que esta iniciativa tal e como está redactada é certamente naíf, porque esa parte resolutiva na que vostedes piden un plan turístico para Galiza é tan xenérica, é tan absolutamente inconcreta e vincula tan pouco á Xunta de Galicia que —mire



ben o que lle digo— ao mellor o Partido Popular incluso lle vota a favor, sobre todo se atendemos ao anuncio realizado polo director xeral da Axencia de Turismo de Galicia o venres pasado na comisión, na que vostede tamén estaba presente, que non contestou a ningunha das doce preguntas que lle formulamos dende o BNG, pero si anunciou que a finais deste mes se presentará un plan estratéxico 2024-2030 para o turismo galego. A min recordoume o xogo aquel de *dónde está la bolita, ¿aquí o aquí?* Porque hai que ser moi trilero para que che formulen doce preguntas moi concretas sobre o actual modelo turístico e as problemáticas que xera, sobre a propia planificación da actividade turística e xestión de fluxos, sobre a regulación das actividades turísticas ou sobre a necesidade de contar cunha ferramenta que permita recabar e sistematizar todo tipo de datos relativos ao turismo, para así monitorizar a actividade turística, e que despois de todas esas preguntas, a única resposta por parte dun director xeral da Axencia Galega de Turismo sexa que van anunciar un plan estratéxico.

É indubidable que o sector turístico galego precisa que a Xunta de Galiza lidere e planifique a actividade turística. Aí creo que coincidimos todos. É imprescindible escoitar e contar coa iniciativa privada, pero tamén co liderado do Goberno galego, precisamente polo carácter transversal que ten a actividade turística, que se entrelaza e que afecta múltiples facetas da vida diaria dos galegos e das galegas.

Por iso, dende o BNG defendemos que a actividade turística debe desempeñar un papel crucial no deseño das estruturas de planificación territorial, urbanística, paisaxística e mesmo económica.

Dicimos que esta iniciativa é un brinde ao sol, porque para que poida liderar e planificar, o Goberno galego precisa algo que non ten: datos. Todo tipo de datos que proveñan de todas as entidades públicas e privadas galegas e estatais, e incluso internacionais, fornecedoras de información relativa ao turismo. E non os ten, non contan cunha ferramenta para sistematizar estes datos. Só co estudo destes datos podemos afrontar os novos retos aos que se enfronta o sector.

Retos como o que vén dado, por exemplo, polo cambio do paradigma provocado polo cambio climático, cun turista que está moito máis preocupado e concienciado con esta cuestión, que prima destinos respectuosos co medio e coas persoas, a tan manida sostibilidade, e que despois da pandemia busca espazos pouco masificados.

Datos para abordar os retos que supoñen as innegables tensións e externalidades negativas que o actual modelo xera en determinadas zonas do noso país, e que podemos concretar nos problemas derivados da falta de control sobre a proliferación das VUT, que tratamos hoxe pola mañá, e a dificultade para acceder a un alugueiro residencial durante todo o ano en determinadas zonas do noso país. Iso é así, é unha realidade, que é a que se ve en Laxe, en Malpica, en Moaña, en Cangas ou en Ribadeo.

Tamén datos para afrontar o reto dos sobrecostos de servizos de mantemento de vías, na recollida de lixo ou mesmo de abastecemento de auga, que afogan moitísimos concellos con presión turística, sen que a Xunta de Galiza faga nada ao respecto.



Ou tamén datos para afrontar as dificultades de convivencia en zonas masificadas entre residentes e visitantes, sobre todo no verán. Isto é unha realidade e creo que tamén é innegable.

Esta situación exige que se implementen políticas serias e rigorosas que atallen esas problemáticas turísticas cada vez máis evidentes no noso país. E aí é onde patina novamente esta iniciativa, porque lle piden planificación á Xunta. Pero para planificar precisamos deses datos aos que me refería hai un momento. O problema é que a Xunta de Galiza carece no día de hoxe dunha ferramenta válida para sistematizar eses datos, porque levamos máis de dous anos esperando polo observatorio de sostibilidade turística de Galiza, que en xuño do ano 2020 —en palabras literais do señor Rueda— «era algo urxente», así como «imprescindible unha análise da sostibilidade e resiliencia do turismo ante a ameaza de morrer de éxito», porque, nas súas propias palabras, «non se pode actuar sobre o que non vemos». Isto díxoo o presidente Rueda no ano 2020. Pois o procedemento de contratación desa ferramenta que era tan vital anulouse en marzo deste ano, dous anos despois do seu anuncio. E agora, despois de reiniciar un novo procedemento, aínda está pendente de adxudicarse.

E tampouco contestou en comisión o señor Merelles sobre esta cuestión.

«Planificar así es morir de amor», parafraseando a canción de Camilo Sesto; eu prefiro —permítanme— a versión de Nathy Peluso. Brincadeiras á parte, sen ese observatorio, sen esa ferramenta sistematizadora de datos que permitan monitorizar a actividade turística en tempo real, as políticas da Xunta de Galiza en materia de planificación turística supoñen dar paus de cego. «Non se pode actuar sobre o que non vemos», Rueda dixit. E eu estou de acordo.

Por iso, dende o BNG rexistramos xa en maio unha iniciativa na que se solicitaba a activación do observatorio turístico de Galiza moito máis ambicioso, pedindo dotalo de orzamentos suficientes e potencialo en colaboración coas universidades, coas escolas de turismo, co clúster e con calquera entidade fornecedora de datos relativos ao turismo.

Insistiremos con este tema e tamén traeremos a este Parlamento a necesidade de impulsar a outra pata que falla na actividade turística galega: unha nova lei de turismo, para abordar os novos desafíos aos que se enfrenta o sector e proporcionar así un marco regulador actualizado e adaptado á realidade turística de Galiza, que promova un turismo sustentable e responsable e preserve o medio ambiente, ao tempo que garanta unha experiencia turística de alta calidade.

E iso, señor Vereza, non supón que o BNG queira que soamente veñan aquí os ricos ou que viaxen os ricos. Esa afirmación é un intento de banalizar o debate que non recoñezo; é dicir, non o entendo en vostede, porque é impropio de vostede, salvo que haxa un certo escozor en que no día de hoxe quen goberna en Santiago de Compostela é o BNG, que quizais ese pode ser o motivo, porque se non, desde logo, non se entende.

Fala o Goberno galego de planificar, mais non conta con ferramentas para a obtención de datos de turismo nin se preocupa de contar cun marco legal actualizado e axeitado. E aínda así anuncian un plan estratéxico. Iso é un problema para a adaptación do sector á nova re-



alidade, ao cambio de paradigma e, polo tanto, para o seu propio futuro, porque un bo Goberno responsable precisa planificar para preservar o futuro do sector. Precisamente a análise científica dos datos é a que debe ser a guía das políticas de planificación, de regulación de actividades e implementación de servizos e infraestruturas turísticas no territorio. Basicamente, evitar os problemas que agora temos.

¿Pensamos que é necesario que o Goberno galego planifique con seriedade a actividade turística? Si. ¿Que pensamos que esta iniciativa é un brinde ao sol porque non profunda nas problemáticas do actual modelo e non propón e exige actuacións concretas do Goberno galego? Tamén. Pero aínda así votaremos a favor.

Con todo, traeremos a este Parlamento a necesidade de dotar Galiza dun marco legal actualizado, que nos permita avanzar cara a un novo modelo turístico, cuxo principio reitor sexa verdadeiramente a sostibilidade e que, ademais, garanta o futuro do sector.

Nada máis pola miña parte. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Pérez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Vereia Fraiz.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidenta.

Creo que é unha realidade, ¡claro que estou escocido!, que eu quería ser alcalde de Santiago. Iso é unha evidencia pública e notoria. Teño once concelleiros e está gobernando o BNG con seis. Claro que estou escocido, ¿non vou estar escocido? *(Aplausos.)*

Eu quero agradecer o ton do Partido Socialista cando hoxe na última hora da mañá fala de turismo. A pena é que cando toca votar pois cae na tentación, pasa ese fío de caer na turismofobia irresponsable do BNG. Por iso, agradezo o ton das intervencións, pero pediría que esa racionalidade se estendese tamén ás votacións.

Claro, o Partido Socialista nesta PNL cae en certa incongruencia, que adiantaba tamén o compañeiro do BNG, porque hai doce meses presentaba unha PNL na que propoñía un modelo turístico para Galicia; naquel momento a clave dese modelo turístico era o uso maioritario das TIC. Meses despois presentou outra PNL para outro modelo turístico; nese momento, outubro do 2023, as claves xa eran a conservación do patrimonio e o despoboamento do rural. E hoxe debatemos o terceiro modelo turístico que propón o Partido Socialista nun ano. Polo tanto, como mínimo, terá que recoñecerme que o pon algo difícil, porque é o terceiro modelo que propoñen nun ano.

Nós, encantados de debater sempre en calquera instancia, pero hai unha evidencia. Se propoñen tres modelos en menos dun ano, o que está claro é que non teñen un modelo claro para o turismo en Galicia e, polo tanto, van improvisando —supoño— segundo as polémicas que xurdan en cada momento e as novas que van saíndo na prensa, ¿non? Moita improvisación e detectamos moi pouco rigor nun asunto tan importante.



Hai unha realidade que antes ou despois terán que aceptar, porque tamén está á vista de todo o mundo, porque os datos son clarísimos. O actual modelo turístico en Galicia que leva realizando a Xunta de Galicia nos últimos anos pois é un modelo de éxito. E eu pediríalles, recomendar non, pero pediríalles que se sumasen a este modelo de éxito, porque é un modelo de éxito de todos os galegos, tamén do BNG e dos votantes do BNG, e do Partido Socialista e dos votantes do Partido Socialista. ¿Por que? Falaba Daniel de datos. Hai moitísimos datos no eido turístico. Posiblemente sexa o sector económico que ten máis datos publicados en diferentes institucións e en diferentes parámetros, pero hai moitísimos datos.

Eu non vou aquí facer unha listaxe de todos eses datos, pero vou destacar un: estamos dicindo sempre que crecemos en cantidade, é importante, pero non é o máis importante; o dato máis importante é que medramos en valor engadido, en rendibilidade. Cada ano que pasa, cada visitante que vén a Galicia deixa máis riqueza no país; cada ano que pasa. E doulle o dato, que di que non: no ano 2023, conseguimos os mellores niveis de rendibilidade hoteleira da historia, medrando un 6 por cento interanual e un 27 por cento, comparado co ano anterior á pandemia.

En todo o caso, damos a benvida ao Partido Socialista a todo o que supoña traballar e planificar a prol da industria turística galega. E a Xunta de Galicia xa anunciou a Estratexia de turismo de Galicia para o 2024-2030, que será presentada nas vindeiras datas, e que foi realizada tras escoitar máis de mil axentes de todo o sector e, por suposto, contando con todos os departamentos da Xunta de Galicia.

Unha das liñas fundamentais desta estratexia —nisto si que me gustaría marcar o acento— vai ser —e creo que aquí si que estará todo o plenario do acordo— fortalecer e reforzar a relación entre os turistas e os residentes e avanzar, por suposto, na sostibilidade integral.

Dicía ao Partido Socialista que presenta a PNL que moitas veces, ou demasiadas veces, está caendo na tentación de abrazar a turismofobia irresponsable do BNG. E, claro, eu quedei preocupado lendo a exposición de motivos, cando parece que xa tamén a vostedes lles empeza a molestar o Camiño de Santiago. Eu pídolles que aguanten a tentación. Non teño datos nin teño información, pero teño certo convencemento de que o socialismo galego vai defender, vai protexer e vai seguir mimando o Camiño de Santiago, sen caer nos pecados turismofóbicos do BNG.

O turismo sostible defínese normalmente con dúas características: é o que mellor reparte a riqueza entre a comunidade local e o que deixa un mellor patrimonio natural e cultural ás seguintes xeracións. Este é o concepto, máis ou menos, que todo o mundo entende como turismo sostible. O Camiño de Santiago é a maior vía de peregrinación da cristiandade, hoxe en día, e temos que blindar —isto é moi importante— a esencia espiritual para evitar que se perda, pero, ao mesmo tempo, e sen estar na propia orixe do Camiño de Santiago, é hoxe o mellor produto de turismo sostible que existe. ¿Por que? Porque a maior parte dos destinos turísticos se concentra nun só punto ou nunha área moi concreta. O Camiño de Santiago esténdese por centos e centos de quilómetros, permitindo a moitas vilas pequenas unha segunda oportunidade; permitíndolles medrar incluso respectando a súa propia personalidade —son zonas completamente esquecidas—. Canto á segunda característica, a maior parte



dos destinos turísticos acaba concentrando toda a riqueza nas mans duns poucos, é dicir, nas grandes corporacións hoteleiras. O Camiño de Santiago —volvo utilizar o mesmo termo— socializa toda esa riqueza porque reparte todos os beneficios entre miles e miles de familias e de pequenos autónomos; o Camiño de Santiago protexe e cuida, como é lóxico, o patrimonio natural e cultural. Sen esquecer, polo tanto, a esencia espiritual do Camiño de Santiago, é indiscutible que, hoxe en día, é o mellor produto turístico porque é o que máis socializa a riqueza e é o mellor produto turístico sostible.

Remato xa, dicindo que imos apoiar a proposta do Partido Socialista porque a Estratexia xa está en marcha. Esperamos que este xesto de boa vontade sexa apreciado polo Partido Socialista de cara a traballar xuntos na Estratexia 2024-2030; polo tanto, benvidos á planificación, e tendemos a man para traballar conxuntamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Méndez López.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Como punto de inicio non está mal un consenso; e falo de punto de inicio, porque é certo que nós xa temos traído aquí distintas iniciativas e nada se fixo ao respecto nin sobre as doutros grupos políticos. O peor de todo é que non son tres modelos, é dicir, nós queremos aunarlos e establecer unha folla de ruta, que non a hai, porque baseamos o turismo só no Camiño.

E, señor Verea, eu puxen en valor o Camiño e dixen que tiña que seguir sendo un motor económico importante. E non se pode facer uso partidista co Camiño —como fai a Xunta de Galicia—, utilizando e escollendo concellos segundo a cor política ou diferenciando algúns sitios gratuítos e outros non, en función de quen governe en cada un dos concellos. ¡Non se pode facer uso partidista co Camiño de Santiago!

Seguiremos impulsando o Camiño, pero non pode ser o único —que é ao cal me refería eu—; ten que vir axudado e complementado cunha folla de ruta. E, polo tanto, é o que estamos a pedir aquí, porque están gobernando vostedes e están levando o turismo con base nos bonos tamén. A bono-loucura para todo, tamén no sector turístico. Polo tanto, o que queremos é que tampouco manipulen nin maquillen nin disimulen os datos porque crece —claro que crece—, xa o dixen tamén na miña primeira intervención, e hai que escoitar, señor Verea, porque, se non, moitas das cousas que dixen non as replicaría aquí. Crece, pero crece menos que en España e, ademais, o gasto por visitante é menor. Polo tanto, hai que establecer esa folla de ruta; e a folla de ruta hai que dotala de recursos e de lexislación —dicíao á mañá, cando falabamos da vivenda—. E cando falamos de «integral», falamos de integrar todo —a vivenda tamén—, e ten que ser un plan integral de turismo sostible porque defendemos a sostibilidade.

E, señor Pérez, chámeme ilusa, inxenua ou diga que traio aquí unha moción, ata con ton de bisoñez, pero á vista do pouco tempo que levo das preguntas que fixo o seu grupo, que fi-



xemos nós, e ante as respostas e a carencia de políticas, pois é mellor, ás veces, resetar e empezar polo principio. Establezamos unha folla de ruta, un plan ambicioso, un plan integral que teña en conta moitas das cousas que xa mencionei na miña primeira intervención e outras, das cales non deu tempo falar. Ten que ser un plan ambicioso para, despois, ir degrañándoo; para, despois, potenciar todas e cada unha das riquezas que temos no noso país; para potenciar os 313 concellos porque todos teñen moito que ofertar. E para que non sexa un problema e non se converta nun problema, como xa estamos a empezar a vivir, desgraciadamente, e como noutros países ou noutras cidades fóra de Galicia están xa vivindo; que non se converta nun problema. E, polo tanto, agradezo ese voto positivo.

Seguiremos pendentes, miraremos ese plan estratéxico integral de turismo, porque, ata a data, non hai nada e o que houbo non funcionou; e, polo tanto, resetemos e empecemos de cero. Fagamos un plan ambicioso.

E seguiremos estando pendentes, enriba, para que Galicia teña capacidade de crecemento, desde o punto de vista turístico, pero, sobre todo, para preservar a súa contorna porque o crecemento, en si mesmo, non ten sentido se non contribúe para un desenvolvemento económico e para o benestar do territorio e, sobre todo, das persoas que habitan nel.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cumpra cos obxectivos marcados no Programa funcional do novo hospital de Vigo en canto á súa actividade

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Antes de falar de novo do Álvaro Cunqueiro, e por alusión, gustaríame aclararlle ao señor Trenor —aínda que agora non o vexo na sala— e, de paso, ao señor Pazos, o seguinte: primeiro, que a moción que se tratou onte no Concello de Vigo, e pola cal fixeron vostedes alusión, é un tema que está xudicializado e debe ser nese ámbito onde se aclare calquera asunto que se trataba na moción; en definitiva, trátase de non interferir na xustiza. E, en segundo lugar, o Concello de Vigo foi absolutamente transparente e os grupos políticos e, por suposto, o Partido Popular, tiveron acceso ao expediente e puideron coñecer toda a tramitación. Creo que estamos falando de situacións ben diferentes e de comportamentos ben diferentes: transparencia do Concello de Vigo fronte á opacidade da Xunta de Galicia; polo tanto, leccións, ningunha. (*Aplausos.*)



Xa entrando a falar do Álvaro Cunqueiro, que hoxe ocupa bastante parte da sesión, quero dicir e repetir que, o día 31 de xullo, puidemos coñecer o Informe de fiscalización do contrato de concesión do Álvaro Cunqueiro que levou a cabo o Consello de Contas; contrato do cal moitas e moitas desconfiabamos desde hai anos e que levou os vigueses e as viguesas a manifestarse contra o modelo do hospital Álvaro Cunqueiro no ano 2015. Foi unha manifestación histórica, aínda que naquel momento non coñeciamos ata onde chegaba a deriva da Xunta de Galicia e que agora coñecemos un pouco máis.

Un modelo de contratación que os socialistas quixemos cambiar, e, trouxemos a este Parlamento a proposta no ano 2015, no ano 2016 e no ano 2020. O Partido Popular tachounos, os socialistas, de hipócritas, de alarmistas, de mentireiros e dalgún floreo máis. Non sabemos se hoxe o Partido Popular pedirá desculpas, pero o que si sabemos os socialistas, e tamén toda a cidadanía, é que pasou máis dun mes desde que coñecemos o Informe; porén o presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, e tamén o expresidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo, seguen dando a calada por resposta do que sucedeu na adxudicación do contrato do Álvaro Cunqueiro, das súas consecuencias e da implicación que tivo na actividade sanitaria.

O Informe que publicou o Consello de Contas é absolutamente demoledor en todos e cada un dos aspectos que trata. Quizais, o máis coñecido sexan os 470 millóns de sobrecusto que se produciron por non contratar as obras, por unha banda, e a explotación dos servizos non-clínicos, pola outra. Pero hai moitos máis aspectos: a elección da opción de contratación realizouse sen unha análise comparativa previa en termos de eficacia e eficiencia, con respecto a unha adxudicación de contrato público tradicional, e isto tamén ten implicación na actividade que hoxe ten; houbo modificacións sen xustificar da superficie útil, e isto ten implicacións na situación da actividade que hoxe ten o hospital; houbo modificacións no prazo concesionario sen motivar, como se se fixese un traxe á medida do adxudicatario; a ampliación do contrato que afectou ao hospital do Meixoeiro e ao hospital Nicolás Peña, pero onde en ningún dos dous se realizaron actividades construtivas, non ten soporte legal; houbo opacidade na licitación, afectación ao principio de concorrencia competitiva e demora na execución; e non se cumpriu ningún dos obxectivos que se marcaban no proxecto no ámbito sanitario, o cal xa raia coa maior tomadura de pelo para os galegos e para as galegas.

Queríanse alcanzar 2.000 camas na Área Sanitaria de Vigo, e quedaron reducidas a 1.300; para que non me diga nada o Partido Popular, 1.321, exactamente, no ano 2021, contando os hospitais Álvaro Cunqueiro, o do Meixoeiro e o Nicolás Peña. Tampouco se cumpriron os obxectivos en canto ao número de quirófanos previstos inicialmente, quedando a totalidade en 36, o cal imposibilitou incrementar as intervencións cirúrxicas, tal e como estaba previsto; deberíanse alcanzar 38.300 intervencións, e, no día de hoxe aínda non se lograron. E isto ten a súa incidencia nas listas de espera. Sen dúbida, podemos afirmar que, se o número de camas e de quirófanos previstos fose realidade e se dotase ao hospital dos correspondentes medios humanos, hoxe non teríamos as listas de espera que hai na Área Sanitaria de Vigo, é dicir, 62 días de espera en Cirurxía Pediátrica, 69 en Traumatoloxía, 70 e Neurocirurxía ou 76 en Otorrinolaringoloxía, por citar algúns dos últimos datos oficiais.

Pero, ¿por que non se cumpriron estes obxectivos? Poderíamos elucubrar bastantes, pero, quizais, a razón máis potente sexa que os obxectivos da Xunta de Galicia, do señor Feijóo



naquel momento e do señor Rueda, co contrato do Álvaro Cunqueiro, fose beneficiar un fondo financeiro —¡si!—, un fondo especulativo e non a sanidade pública e, en concreto, a sanidade da Área Sanitaria de Vigo; e, como consecuencia, olvidáronse de calquera obxectivo sanitario. Se esta non foi a súa intención, hoxe, o Partido Popular, que é o partido que sustenta a Xunta de Galicia, ten a oportunidade de rectificar e de apoiar esta iniciativa, que hoxe traemos a esta Cámara os socialistas, para que se incrementen as intervencións cirúrxicas anuais nun dez por cento, tal e como estaba previsto, dotando o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo dos recursos humanos necesarios para que acompañen o incremento da actividade.

Isto non só o pedimos nós, senón que tamén o demandan os mandos intermedios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, que din que, para alcanzar a eficacia, hai que dotar o complexo de máis persoal e recalcan que é necesario aumentar a actividade, dado que existe, no día de hoxe, máis demanda. E, desta forma, seguramente conseguiríamos alcanzar os 49.600 ingresos hospitalarios anuais que, no día de hoxe, seguen estando no debe da Xunta, no debe con toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo. Pero tamén o hospital de día está saturado, porque é outra das deficiencias do Álvaro Cunqueiro, e demandamos que se amplíen as prazas. E que dicir con respecto ao impacto de Povisa para evitar que seguise sendo centro de cirurxía maxilofacial, que segue á espera, do mesmo xeito que o centro de queimados, que hoxe tamén pedimos á Xunta de Galicia.

Os galegos e as galegas, pero, sobre todo as persoas adscritas a Área Sanitaria de Vigo, merecense que a Xunta recoñeza os enganos e aprobe a nosa proposta, porque, no día de hoxe, o único que teñen é un hospital, no cal o señor Feijóo e daquela Rueda —como a súa man dereita— dilapidaron 470 millóns de euros e, aínda por encima fixeron un hospital máis pequeno que non cumpre cos obxectivos do número de camas e que non cumpre co número de quirófanos. Non conseguiron o número de cirurxías que tería que facer e tampouco conseguiron o número de hospitalizacións. O número de prazas do hospital de día non se incrementou. E non é referencia de cirurxía maxilofacial nin de queimados.

Pero si —si—, señores do Partido Popular e da Xunta de Galicia, os 470 millóns de euros, que nos custou de máis, foron parar a mans dun fondo especulador.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. *(Negación.)*

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.



Efectivamente, volvemos falar neste Parlamento do novo hospital de Vigo —e mañá volveremos facelo— porque é a imaxe palpábel de cal é a política sanitaria que leva practicando o Partido Popular ininterrompidamente, ano tras ano, ¿non?

E todas as decisións tomadas polo Partido Popular na Xunta de Galiza foron na dirección de facilitar a atención sanitaria privada, deteriorando a sanidade pública a nivel de toda Galiza e, no caso da Área Sanitaria de Vigo convertérona, durante moito tempo, nese banco de probas; nese banco de probas do Partido Popular, no cal foi tomando medidas para beneficiar esas empresas privadas en detrimento do público. Unha Área Sanitaria de Vigo convertida no quilómetro cero desa desfeita. E foi actuando para asegurarse a dependencia da sanidade pública da sanidade privada, ¿non?, e non para que a sanidade privada puidese ser, nun momento dado, complementaria en determinadas cuestións, en momentos puntuais, senón que se encargou moi moito de que houbera unha dependencia total e absoluta. Unha Área Sanitaria formada por arredor de seiscentas mil persoas —o que é na área—, pero o Hospital de Vigo tamén estaba previsto para dar atención, en determinadas prestacións, ás case un millón trescentas mil persoas da zona sur de Galiza. E o Partido Popular puxo todo o esforzo en implantar ese modelo, asentado en converter a sanidade, que tería que ser pública, en negocio para as empresas privadas. Nunha parte importantísima son empresas de fóra de Galiza, fondos de investimento que parasitan, cada vez máis e máis, o noso sistema sanitario. E, deste xeito, entregou, a estas empresas privadas, a fondos de investimento, unha parte importantísima da atención hospitalaria do noso país e da zona sur do mesmo, dun xeito tamén especial.

¿E como foi actuando o Partido Popular? Había unha demanda na Área de Vigo para construír un novo hospital. O que era o Hospital Xeral estaba moi obsoleto, fundamentalmente en canto ás infraestruturas e noutras cuestións. E había a demanda, a necesidade, de construír un novo hospital que contase cos recursos suficientes para prestar a atención sanitaria pública para toda a veciñanza da Área de Vigo; que fose punteiro en investigación e en coñecemento; que fose avanzado tecnoloxicamente e con capacidade para atender as necesidades do momento en que se deseñou, pero tamén para atender as futuras necesidades. O Partido Popular volveu ao goberno no ano 2009 e tomou a decisión de construír o Álvaro Cunqueiro, non como estaba previsto, non en función dos informes que estaban realizados e coa previsión orzamentaria que estaba prevista, senón coa chamada eufemisticamente «colaboración público-privada». Digo «eufemisticamente» porque a colaboración soamente é do público co privado, xa que o privado non colabora nada co público —eu creo que a estas alturas quen teña dúbidas ao respecto debería facelo mirar, ¿non?—, co obxectivo de mirar polos intereses desas empresas e non pola calidade asistencial dos doentes nin pola idoneidade das condicións laborais dos seus profesionais. Polo tanto, tomou esa decisión, coa cal, o resultado foi un hospital máis caro, cun sobrecusto que xa anunciamos, que xa denunciámos, que xa trouxemos a este Parlamento por petición de comisións de investigación a respecto de como se estaba executando, a respecto de quen estaba fiscalizando e como se estaba executando —e o Partido Popular puxo o raposo a coidar das galiñas e puxo a fiscalizar o que a empresa estaba facendo a persoas totalmente afíns ao Partido Popular e pagadas directamente pola empresa—. É dicir, todo un despropósito. E, ao igual que hoxe, o Partido Popular sempre votou en contra de investigacións ao respecto, porque o estaba facendo estupendisimamente ben.



¡Claro!, agora o Consello de Contas fixo un informe de fiscalización. Tíñao que ter feito no ano 2017. ¡Bueno!, tardou, levoulle tempo facelo. E a pesar de estar os seus conselleiros nomeados maioritariamente polo Partido Popular, pois puxo branco sobre negro, ¿non? —puxo branco sobre negro; si, señor Pazos— E dixo que hai un sobrecusto, e cuantificouno —e cuantificouno—. Cuantificou unhas cuestións —que ten que cuantificar moitas—, pero cuantificou a diferenza de... Ou sexa, só cuantificou que, se en vez de contratar, por un lado, a construción do hospital e, polo outro, os servizos, como o fixo conxuntamente, ese feito de facelo conxuntamente supuxo un sobrecusto de 470 millóns de euros. E xa non entrou a valorar todas as outras cuestións —que mañá lle direi ao conselleiro que teriamos que sumar, sumar e sumar—. Dígoo para que todos teñamos claro que os 470 millóns de euros soamente son desa cuestión, ¿eh?! Que logo, se cuantificamos o resto, é para —deberían— sentirse avergoñados e meterse debaixo do escano. (*Aplausos.*)

Ese sobrecusto realizouno o Partido Popular entregado cartos públicos do orzamento dos galegos e das galegas a estas multinacionais amigas do Partido Popular, porque non temos que esquecer que, neste momento é unha multinacional, maioritariamente francesa, a que é a dona, pero no inicio era unha UTE encabezada maioritariamente por Acciona —e todos sabemos que é Acciona; e todos coñecemos a capacidade de Acciona de incidir nas políticas que se fan neste país e no Estado español—. (*Aplausos.*) Esa é a realidade do asunto; ese é o inicio da cuestión.

Polo tanto, fixeron un hospital máis pequeno e reduciron a hospitalización, os quirófanos, as urxencias, as salas de radioloxía... Desapareceu o laboratorio central. Estaba previsto que o laboratorio central de Galiza fose no Álvaro Cunqueiro e, desde aí, fose o laboratorio de referencia para todo o país. ¡Ah, non, non! ¿Como imos ter no servizo público un laboratorio de referencia que non dea negocio?! ¡Non, non! Eliminárono do Hospital de Vigo e crearon un laboratorio central que, convenientemente, privatizaron a un laboratorio. ¡Si!, abran os ollos, porque é así. Perdeu os obxectivos e non se converteu nese grande hospital. E a realidade é que isto non lles chegou. Evidentemente, fixeron todo isto para que Povisa seguisse sendo necesaria e imprescindible. Temos que lembrar que hai un concerto con Povisa, que é de arredor de 85 millóns de euros cada ano. E, como isto non lles chegaba, no ano 2021 tamén puxeron en marcha e licitaron un contrato marco, que significaba adxudicarlles aos hospitais privados que reducisen as listas de espera do Sergas. E cuantificamos isto — cuantificámolo—; entón a cuantificación é que o que hai que pagar pola construción do hospital nos orzamentos de 2024 son 37,5 millóns de euros; e polos canons dos servizos prestados non sanitarios, outros, case, 28 millóns de euros; a Povisa, 85 millóns de euros; e polo contrato marco, 8,25 millóns de euros. En total, 160 millóns de euros, sobres o cales, se aplicamos o IVE, practicamente nos colocamos en 200 millóns de euros que o Partido Popular destina directamente para a Área Sanitaria de Vigo. Teriamos que sumar diálise, rehabilitación...; é dicir, teriamos que sumar bastantes máis cousas directamente á empresa privada, mentres ten, efectivamente, o hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, baixo mínimos e sen dar as prestacións precisas. E temos que sumar maxilofacial e queimados que non hai na pública, pero si que os hai en Povisa. E, entre tanto, temos que sumar cuestións que puxo o Partido Socialista na súa iniciativa, sobre as cales tamén presentou iniciativas o BNG, como o hospital de día oncolóxico, onde os doentes denuncian situacións continuas de saturación, marchan para a casa, moitas veces, sen aplicarles os tratamentos porque non hai persoal suficiente, porque está exhausto e o demais.



E temos que sumar o feito de que, se no ano 2015, as derivacións de cirurxías da Área Sanitaria de Vigo para hospitais privados eran do seis por cento, no ano 2021, por exemplo, xa estaban no trece e pico por cento; e, neste momento, a porcentaxe é moito máis elevada. É dicir, duplicaron, e case triplicaron, as derivacións aos hospitais públicos. ¿Por que? Porque actuaron para que a sanidade pública non tivese recursos para dar... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...asistencia sanitaria. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa, que pide, como mínimo, o que estaba planificado. E o BNG, mañá, seguirá dando información a respecto desta cuestión. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, nós podemos chegar a entender un debate construtivo sobre como financiar as infraestruturas sanitarias a pesar de que, cando vostedes estaban no goberno, tamén puxeron sobre a mesa a mesma opción que finalmente tomou o Goberno da Xunta. E pode verse nas noticias do momento, no ano 2008, cando un Goberno bipartito, formado polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego —hoxe na oposición, afortunadamente—, vía con bos ollos este tipo de colaboración público-privada. E aí está a hemeroteca. E esta mañá, o señor Pazos trouxo aquí documentación, pero parece que teñen mal entendemento. Señora Prado, ¡falta á verdade!, a pesar de que vostede o sabe. Igual, debido ás liortas internas do último ano do Bipartito, vostede non estaba por aí moi enterada, ¿eh?!, e non se enterou disto, pero vostede díxoo aquí. Faltou á verdade. Iso era o que pensaban facer no Bipartito e quedou claro esta mañá. ¡Estivo aquí! ¡Escoiten, por favor! Escoita activa. Vaian á hemeroteca.

E o propio Consello de Contas admitiu literalmente que «a licitación de obra con financiamento do cen por cento público exixiría a renuncia da Administración á execución do gasto corrente ou doutros investimentos para cumprir o obxectivo de déficit para os efectos da estabilidade orzamentaria». Parece que vostedes se olvidan de en que situación estábamos no ano 2009 en todo o país e tamén aquí en España.

A ver, o dilema non se sitúa entre executar a obra co citado sobrecusto ou executala sen el —o cal, por certo, non é de 470 millóns, senón de 133 millóns—. O dilema está entre poder levar a cabo a construción dun hospital con esta modalidade ou non podela levar a cabo. Esta é a cuestión e esta é a realidade. A Xunta fixo un hospital coa única opción viable naquel momento, en plena crise económica. A Xunta foi capaz de priorizar a saúde dos galegos. *(Aplausos.)* E a opción pola que optou o Goberno do señor Feijóo naquel momento, señorías,



fixo posible que Vigo estrease, en menos de cinco anos, o mellor hospital público de España, fronte aos quince anos que suporía un contrato de obra pública ordinaria. E, grazas a esta decisión, Vigo afrontou a pandemia dende o mellor hospital de España; e así, toda a Área Sanitaria de Vigo resistiu mellor ca ninguén a covid-19.

Faltan á verdade. Faltan á verdade en canto á superficie, ou sexa, respéctase a superficie que figura no proxecto, señora Espinosa. E, ¿a quen beneficiou isto? Beneficiou os galegos todos. Todos os que temos que ir nalgún momento ao Álvaro Cunqueiro —eu non sei se vostedes o coñecen; eu si— vemos o grande hospital que hai alí. E beneficiou, sobre todo, os vigueses; beneficiou toda a xente da comarca de Vigo. E, dende logo, grazas a esta decisión, aí está ese hospital.

Mire, mentres que vostedes falan dun sobrecusto en abstracto, nós falamos de mellorar a asistencia sanitaria aos vigueses; estamos falando de salvar vidas, e así o di o propio Informe do Consello de Contas. E o que é claro e palpable é que, dende logo, o Álvaro Cunqueiro é unha grande infraestrutura hospitalaria.

Pero, nin tan sequera están falando vostedes disto, señora Espinosa, senón que vén aquí falarnos do Programa funcional, coma se o obxectivo deste fose acadar unhas cifras que marca. E nada máis lonxe da verdade, xa que este programa fala da capacidade que debe ter o hospital e non das cifras de uso regular que debe acadar. Entenderá vostede que é un éxito para o sistema sanitario galego non chegar ao máximo da capacidade, ben sexa no hospital de Vigo, ben sexa en calquera outro hospital, pois iso significaría que teríamos un modelo sanitario baseado en simples infraestruturas; e non, nós temos un sistema sanitario de vanguardia, e o Álvaro Cunqueiro é un dos mellores hospitais de España, onde ninguén deixa de ingresar nel por falta de camas.

E, se quere —non temos ningún problema—, falamos do aumento de recursos: aí están os 3 quirófanos que aumentaron; pasáronse de 3 a 12 paridoiros; hai 115 novos postos de urxencias; hai 53 novos postos para espertar; hai novas salas de arritmia, de ecografía radiolóxica, de braquiterapia...; hai 51 postos máis no hospital de día. Tampouco quero esquecerme diso que se comentou aquí, señora Prado, porque confunde —confunde— vostede. Vigo ten dous grandes laboratorios: un no Cunqueiro e outro no Xeral; son laboratorios de referencia a nivel galego e son públicos —públicos—. E, sobre o aumento dos postos do hospital de día que vostede mencionou, o Goberno é moito máis ambicioso, e xa está licitada a obra para o novo hospital de día que vai funcionar para comezos do ano 2025, por un importe de preto de [inaudible] euros, incorporando dez *boxes* e vinte sillóns de tratamento; e, a maiores, constitúese un grupo de traballo para mellorar a atención dos pacientes.

Presentan aquí unha proposición non de lei, pedindo á Xunta que amplíe as prazas do hospital de día, cando a Xunta xa o está facendo. Dende logo, parece que viven vostedes noutro mundo ou non se enteran. E tamén vostedes reivindicán a necesidade de ter máis camas e critican que só se chegase a 1.321 camas. Tamén aquí se equivocan, pois o último dato de que se dispón do ano 2023 é dun total de 1.515 camas. Repito: o Cunqueiro leva dez anos aberto e, afortunadamente, nunca chegou ao límite da súa capacidade; nunca faltou unha cama para ningún doente que se presentase alí e a necesitase. A nós o que nos preocupa,



señorías, é que o sistema sanitario sexa capaz de admitir todos aqueles cidadáns que precisen asistencia. E, hoxe en día, grazas aos avances tecnolóxicos e médicos, hospitalizamos menos, xa que o número de cirurxías ambulatorias aumenta progresivamente, así como o uso dos hospitais de día, sen que se precise ingresar en cama os pacientes.

E tamén caen nun erro cando tratan de analizar as intervencións cirúrxicas feitas na Área Sanitaria; é moito máis correcto analizar cifras do ano 2019, por culpa da pandemia, pois tívose que pospoñer boa parte da actividade programada. E vendo os datos dos Consellos de Contas, é dicir, os 37.042 actos cirúrxicos, están moi preto dos 38.000 que mencionou o PSOE; isto demostra que esta área está en pleno funcionamento. Isto fai posible que Galicia sexa a terceira mellor comunidade autónoma en canto a tempos de espera cirúrxicos, con tan só 67 días fronte aos 98 de Asturias ou aos 102 de Castela-A Mancha, onde gobernan os socialistas. *(Aplausos.)*

E, remato xa, señorías, matizando tres aspectos importantes: en primeiro lugar, o propio Informe do Consello de Contas reconece que o modelo utilizado permitiu ter o Álvaro Cunqueiro en funcionamento moito antes, xa que, doutra maneira, non estaría listo na pandemia, o cal podería ter suposto consecuencias para a saúde impredecibles. En segundo lugar, o Programa funcional establece a capacidade que debe ter o hospital; estar no límite da capacidade sería unha mala noticia, polo tanto, ter marxe é importante para cando se precise un aumento da asistencia sanitaria. En todos os seus anos de funcionamento, o hospital Álvaro Cunqueiro nunca chegou ao límite da súa capacidade. E, por último, quero dicir que o incremento que piden vostedes en ingresos e en intervencións é, en si mesmo, un auténtico despropósito. Só se pode cumprir o que piden desexándolles aos galegos que enfermen. E para iso non conten con nós; nós preferimos que estean sans.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señora Prado, efectivamente, na Área Sanitaria de Vigo existe demanda; existía hai anos e, aínda que ao Partido Popular non lle guste falar do Bipartito, temos que recordar hoxe aquí que a idea do hospital non foi do Partido Popular; a idea do hospital foi do presidente Touriño, e Touriño deixou en marcha un proxecto.

E agora quero entrar a responderlle á señora Amigo. Señora Amigo, efectivamente, o Partido Socialista —e dicíao sobre aquela época do Bipartito esta mañá— encargou un estudo, pero non tomou ningunha decisión con respecto ao que dicía ese estudo. E o primeiro que lles di a vostedes o Consello de Contas é que vostedes non fixeron absolutamente ningún estudo para adoptar a decisión; e é o primeiro que lles reprocha o Consello de Contas.

Cando falan das cifras é que embolican todo, pero o Consello de Contas é absolutamente claro, e —creo— todos os que estamos nesta Cámara sabemos ler. E o que lle di, sobre o que vostede dixo de que era o único modelo posible, é que non é certo; non é certo porque di —insisto— que nin o estudaron. E o que lles di o Consello de Contas é que deberían adxudicar a obra, por un lado, decidindo que fose ese modelo, e, por outro lado, os servizos. E esta nefasta decisión



política custounos 470 millóns de euros, e, dende logo, non cambien a cifra para nada. Non utilicen o IVE; utilicen a cifra co IVE, que é de 470 millóns.

E, mire, eu creo que soamente ten unha explicación, que é a ansia de privatizar do Partido Popular, pois todo lles vale, absolutamente todo lles vale. E a crise non é un motivo aceptable como desculpa; é que non é aceptable nin para alguén que teña sentido común. O que vostede está dicindo aquí é que ¿como houbo crise gastaron máis?! ¡Pero, señores, por favor! Vostedes, que sustentan a Xunta de Galicia, díganlle que esta resposta é absolutamente inaceptable para alguén que ten unha responsabilidade de xestión pública, que ten a obriga da transparencia e a obriga do control do gasto. E, señora Amigo, a sanidade ten como obxectivo curar a xente, polo menos, intentar curar a xente, e nunca — ¡nunca!— debe ser un negocio substancioso para o sector privado, neste caso, para un fondo.

Os vigueses e as viguesas temos dereito a saber todo o que pasou; temos dereito a saber —por que agora seguramente votan en contra— por que non queren incluso recuperar a necesidade que temos de que se parta dos parámetros iniciais. Non podo entrar por falta de tempo en cuestións concretas, pero voulle dicir que eu lin as alegacións, e vostedes efectivamente fixeron alegacións, con respecto á superficie, que non lles foron admitidas. Polo tanto, segue sendo certo o que di o Consello de Contas: non lles admitiron as alegacións.

Se quere falamos do que está pasando no hospital de día, pois as persoas que necesitan un tratamento de quimio teñen que ir a un centro de saúde para que lles fagan as analíticas e, despois, xa teñen que volver ao hospital de día porque está sobreesaturado. Sei o que pasa, vivo na cidade e preocúpome do que pasa alí.

Mire, eu quero rematar, porque se acaba o tempo, cun principio: que se houberse transparencia na adjudicación deste contrato, posiblemente non estaríamos hoxe aquí falando disto. E teñen que acabar, dunha vez por todas, coa opacidade na contratación, porque hoxe sabemos dúas cousas claras: por unha banda, gústalles beneficiar aos seus amigos e aos familiares, como pode ser o caso dos contratos menores —dos cales hoxe se falou aquí—, pero tamén aos fondos especuladores.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ESPINOSA MANGANA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Si, señora Prado, para que quere a palabra?

A señora PRADO CORES: Polo artigo 76.

O señor PRESIDENTE: ¿Artigo...?

A señora PRADO CORES: 76.



O señor PRESIDENTE: Si, dígame cal é exactamente a alusión ou a inexactitude; iso sabe que lle... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Si. Non, pero espere, perdoe un momento. Iso valórao a Presidencia.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Non [inaudible]. O artigo 76.1 di: «cando a xuízo da Presidencia». Vostede estivo no debate, e eu non entendín aquí inexactitudes. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Foi un debate; foi un debate, antes. *(Murmurios.)* Perdón, eu antes negueilla tamén a un deputado do Partido Popular cando pediu a palabra, porque estaba no debate. *(Protestas.)* Non, perdón, pero ela está no debate e tamén estaba o señor Casares no debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ela... ¿Por que me vai pedir...? ¿Que inexactitude ou que alusión? Non a vin. *(Unha señora deputada: Porque dixo que viña aquí mentir.) (Risos.)* Non, bueno... Por favor, iso forma parte do quefacer diario aquí no Parlamento. Grazas, terminou.

Non, señora vicepresidenta, non é así. Grazas. Non, non. *(Murmurios.)* Terminou o debate. *(Protestas.)* Terminou o debate. Non, non. Desgraciadamente, utilízase con moita lixereza aquí a palabra «mentir», pero eu agora iso xa non teño tempo para corrixilo. Xa me pasou isto. Entón, forma parte dos debates e non hai outra cuestión. Oxalá o supriman todos vostedes. *(Risos.)*

Nada máis, ata mañá.



Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candía López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

